XPERIA™

Xperia™ mini

Guía do usuario ampliada

Sony Ericsson

make.believe

Contidos

Información importante.....6

Android™: que e por que?.....7

Aplicacións.....7

Procedementos iniciais.....8

Montaxe.....8

Acendido do teléfono.....9

Bloqueo de pantalla.....9

Guía de configuración.....9

Contas e servizos.....10

Descubrir o seu teléfono.....11

Descrición xeral do teléfono.....11

Utilizar as teclas de hardware.....12

Carga da batería.....12

Utilizar a pantalla táctil.....13

Pantalla de inicio.....14

Acceso e uso das aplicacións.....17

Estado e notificacións.....18

Menú axustes do teléfono.....19

Escribir texto.....20

Axustes dos teclados QWERTY e reducido.....22

Axustar o volume.....23

Personalización do seu teléfono.....23

Batería.....25

Memoria.....26

Mans libres estéreo portátil.....27

Axustes da Internet e de mensaxería.....28

Uso do Control de datos.....29

Desactivar o tráfico de datos.....29

Itinerancia de datos.....29

Axustes de rede.....30

Chamadas.....31

Chamadas de emerxencia.....31

Xestionar chamadas.....31

Correo de voz.....32

Chamadas múltiples.....33

Multichamada.....33

Axustes de chamadas.....34

Contactos 35

Abrir Contactos por primeira vez.....35

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Importar contactos ao seu teléfono....35
Descrición xeral da pantalla Contactos....36
Xestión dos seus contactos....36
Comunicación cos seus contactos....38
Compartir os seus contactos....38
Facer unha copia de seguridade dos contactos....39
Mensaxería....40
Uso da mensaxería de texto e multimedia....40
Opcións de mensaxes de texto e multimedia....41
Correo electrónico....42
Utilizar o correo electrónico....42
Uso de contas de correo electrónico....44
Gmail™ e outros servizos de Google™ 45
Google Talk™ 46
Sony Ericsson Timescape™....47
Vista principal de Timescape™....47
Widget Timescape™....47
Utilizar Timescape™....48
Axustes de Timescape™....50
Procedementos iniciais en Android Market™....51
Opcións de pago....51
Descargas desde o Android Market™....51
Borrar os datos da aplicación....52
Permisos....52
Permitir a instalación de aplicacións que non pertencen a Android Market™....53
Servizo PlayNow™....54
Antes de descargar contidos....54
Opcións de pago....54
Descargar desde o servizo PlayNow™....54
Organización....55
Calendario....55
Sincronización....56
Servizo de sincronización Google Sync™....56
Sincronización do seu correo electrónico corporativo, calendario e contactos....56
Sincronización e almacenamento dos seus contactos e calendario...57
Conectar a redes sen fíos....59
Wi-Fi™....59
Redes privadas virtuais (VPN)....63

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Navegador web.....65
Barra de ferramentas.....65
Navegar pola Internet.....65
Navegar por páxinas web.....66
Xestionar marcadores.....66
Manexo de texto e imaxes.....67
Ventás múltiples.....68
Descargar desde a Internet.....68
Axustes do navegador.....68
Música.....69
Copiar ficheiros multimedia na súa tarxeta de memoria.....69
Utilizar o reprodutor de música.....69
tecnoloxía TrackID™.....73
Utilizar resultados da tecnoloxía TrackID™.....73
Radio FM.....74
Descrición xeral da radio FM.....74
Desprazarse entre emisoras de radio.....74
Uso das súas emisoras de radio favoritas.....75
Facer unha nova procura de emisoras de radio.....75
Cambiar entre o altofalante e o mans libres.....75
Facer fotos e gravar vídeos.....76
Controis da cámara.....76
Utilizar a cámara fixa.....76
Utilizar a videocámara.....83
Visualización das súas fotos e vídeos na galería.....87
BRAVIA Engine 87
Traballar con álbums.....88
Traballar con fotos.....89
Tecnoloxía sen fíos Bluetooth™.....92
Nome do teléfono.....92
Asociar con outro dispositivo Bluetooth™.....92
Enviar e recibir elementos usando a tecnoloxía Bluetooth™.....93
Conectar o teléfono a un ordenador.....95
Transferir e xestionar contido utilizando un cable USB.....95
Modos de conexión USB.....95
Transferir ficheiros usando o modo de transferencia multimedia a través dunha rede Wi-Fi®.....96
PC Companion.....97
Media Go™ 97
Servizos de localización.....99
Uso do GPS.....99

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Google Maps™.....100
Obter direccións.....100
Bloquear e protexer o teléfono.....101
Número IMEI.....101
Protección da tarxeta SIM.....101
Axustar un bloqueo de pantalla.....102
Actualización do teléfono.....104
Actualizar o teléfono sen fíos.....104
Actualización do teléfono usando unha conexión con cable USB.....104
Descrición xeral dos axustes do teléfono.....105
Descrición xeral das iconas.....106
Iconas de estado.....106
Iconas de notificación.....106
Descrición xeral das aplicacións.....108
Asistencia técnica ao usuario.....110
Resolución de problemas.....111
O teléfono non funciona do xeito esperado.....111
Restaurar o teléfono.....111
Non é posible cargar o teléfono.....111
Non aparece ningunha icona de carga cando o teléfono comeza a cargarse.....111
O rendemento da batería é baixo.....111
Non podo transferir contido entre o meu teléfono e o ordenador usando un cable USB.....112
Non podo utilizar os servizos baseados na Internet.....112
Mensaxes de erro.....112
Información legal.....113
Índice.....114

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Información importante

Lea o folleto *Información importante* antes de usar o teléfono móbil.

! Non todas as redes ou fornecedores de servizo de todas as áreas admiten todas as funcións e servizos descritos nesta Guía do usuario, nin se admiten en todos os países nin en todas as rexións. Sen limitacións, isto aplícase ao Número de Emerxencia Internacional GSM 112. Póñase en contacto co seu operador de rede ou fornecedor de servizos para determinar a dispoñibilidade de calquera función ou servizo específico e se se aplican tarifas de acceso ou de uso adicionais.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Android™: que e por que?

Un teléfono Android™ pode realizar moitas das mesmas funcións ca un ordenador. Pero tamén pode axustalo para que se adapte ás súas necesidades, para recibir a información que desexa e divertirse ao mesmo tempo. Pode engadir e eliminar aplicacións, ou modificalas para mellorar a súa funcionalidade. No Android Market™ pode descargar unha ampla gama de aplicacións e xogos dunha colección en constante crecemento. Tamén pode integrar as aplicacións do seu teléfono Android™ cos seus datos persoais e contas en liña. Por exemplo, pode efectuar unha copia de seguridade dos contactos do seu teléfono, acceder ás súas diferentes contas de correo e calendarios desde un mesmo lugar, realizar o seguimento das súas citas e participar tanto como desexe nas redes sociais.

Os teléfonos Android™ evolucionan constantemente. Cando está dispoñible unha nova versión do software e o seu teléfono o soporta, pode actualizar o seu teléfono para obter novas características e as últimas melloras.

O seu teléfono Android™ ten precargados servizos Google™. Para sacar o máximo partido dos servizos Google™ proporcionados, debe ter unha conta de Google™ e iniciar a sesión nela cando inicie o seu teléfono por primeira vez. Tamén é necesario dispoñer de acceso á Internet para usar moitas das características de Android™.

Aplicacións

Unha aplicación é un programa do teléfono que lle axuda a realizar unha tarefa. Por exemplo, hai aplicacións para realizar chamadas, tirar fotos e descargar máis aplicacións.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Procedementos iniciais

Montaxe

Para extraer a tapa da batería



- Insira con firmeza a punta do seu dedo ou un obxecto fino na abertura dun lateral do teléfono, entre o teléfono e a tapa da batería. A continuación levante a tapa lenta pero firmemente.

! Non utilice obxectos afiados que poidan danar partes do teléfono.

Para inserir a tarxeta SIM e a tarxeta de memoria



- Extraia a tapa da batería, despois insira a tarxeta SIM e a tarxeta de memoria nas rañuras correspondentes.

Para extraer a tarxeta de memoria

! O teléfono debe estar apagado antes de poder extraer a tarxeta de memoria de xeito seguro. Para obter máis información, consulte *Extracción segura da tarxeta de memoria* na páxina 27.



- Extraia a tapa da batería e, a continuación, tire cara a fóra da tarxeta de memoria para extraela.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Acendido do teléfono

Para acender o teléfono



1 Manteña premida a tecla de acendido situada na parte superior do teléfono ata que vibre.
2 Se a pantalla escurece, prema ou prema brevemente para activar a pantalla.
3 Para desbloquear a pantalla, arrastre cara á dereita pola pantalla.
4 Insira o PIN da súa tarxeta SIM cando se lle solicite, e seleccione **Aceptar**.

O PIN da súa tarxeta SIM fornéceo inicialmente o seu operador de rede, pero pode cambialo máis tarde desde o menú **Configuración**. Para corrixir un erro ao inserir o PIN da tarxeta SIM, prema .

Para apagar o teléfono

1 Manteña premido ata que se abra o menú de opcións.
2 No menú de opcións pulse **Apagar**.
3 Pulse **Aceptar**.

Bloqueo de pantalla

Cando o seu teléfono está acendido e permanece inactivo durante un periodo de tempo establecido, a pantalla escurécese para aforrar batería e bloquéase de xeito automático. Este bloqueo evita accións non desexadas na pantalla tácil cando non está a usala.

Para activar a pantalla

- Prema ou prema brevemente .

Para desbloquear a pantalla

- Arrastre a icona cara á dereita pola pantalla.

Para bloquear a pantalla de xeito manual

- Cando a pantalla estea activa, prema lixeiramente a tecla .

Guía de configuración

A primeira vez que acende o teléfono, ábrese unha guía de configuración que lle explica as funcións básicas do teléfono e axúdalle a inserir os axustes básicos. Configure o seu teléfono de xeito que se adapte ás súas necesidades. Seleccione o idioma do teléfono, optimice os axustes de conexión da rede sen fíos, importe os seus antigos contactos e moito máis.

A guía de configuración comprende os seguintes aspectos:

- Axustes básicos do teléfono como o idioma e a Internet.
- Axustes da Wi-Fi®: aumente a velocidade de conexión e reduza os custos de transferencia de datos.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

- Axustes de aplicacións: configure o seu correo electrónico, as contas de servizos en liña e transfira contactos.
  Nos capítulos correspondentes da guía do usuario do teléfono (á que pode acceder a través da aplicación de asistencia técnica do teléfono e do enderezo *www.sonyericsson.com/support*) tamén pode consultar máis información sobre os aspectos seguintes:
- Wi-Fi®
- Sony Ericsson Sync

Se o prefire, tamén pode saltar algúns pasos e acceder á guía de configuración máis tarde desde a pantalla de aplicacións ou cambiar os axustes desde o menú **Configuración**.

Para acceder á guía de configuración

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Guía de configurac.**.

Contas e servizos

Inicie a sesión nas súas contas de servizos en liña desde o seu teléfono e benefíciese dunha ampla gama de servizos Combine servizos e obteña máis de cada un de eles. Por exemplo, reúna contactos das súas contas de Google™ e Facebook™ e intégreos na súa axenda de xeito que teña todo nun mesmo lugar.

Pode rexistrarse en servizos en liña desde o seu teléfono do mesmo xeito que desde o ordenador. Ó rexistrarse por primeira vez créase unha conta co seu nome de usuario, contrasinal, axustes e información persoal. Á seguinte vez que inicie a sesión, terá una vista personalizada.

Conta de Google™

A conta de Google™ é fundamental para o seu teléfono Android™. Use Gmail™ para enviar correos electrónicos, Google Talk™ para conversar cos amigos e Android Market™ para descargar aplicacións.

Conta de Sony Ericsson

Almacene os contactos do seu teléfono nun servidor seguro de Sony Ericsson para manter permanentemente unha copia de seguridade en liña. Tamén pode almacenar os calendarios do seu teléfono e os marcadores da Internet na súa conta de Sony Ericsson.

Conta Exchange Active Sync

Sincronice o seu teléfono coa súa conta corporativa Exchange Active Sync. Deste xeito, leva sempre consigo o correo electrónico, os contactos e os eventos do calendario do seu traballo.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Descubrir o seu teléfono

Descrición xeral do teléfono



1. Tecla de acendido/bloqueo de pantalla
2. LED de notificación/estado da batería
3. Auricular do teléfono
4. Micrófono secundario
5. Sensor de luz
6. Sensor de proximidade 2
7. Sensor de proximidade 1
8. Pantalla táctil
9. Tecla de menú
10. Tecla de retroceso
11. Tecla de inicio
12. Flash LED da cámara
13. Tecla de volume/zoom
14. Obxectivo da cámara
15. Altofalante
16. Tecla da cámara
17. Buraco para a correa
18. Conectador para auriculares
19. Micrófono principal
20. Conectador do cargador/cable USB

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Utilizar as teclas de hardware



Volver
- Para volver á pantalla anterior.
- Permite pechar o teclado en pantalla, unha caixa de diálogo, un menú de opcións ou o panel de notificacións.

Inicio
- Permite ir á Pantalla de inicio ou á pantalla de aplicacións desde calquera aplicación ou pantalla.
- Manteña premida esta tecla para abrir unha ventá que amose as aplicacións usadas recentemente.

Menú
- Para abrir unha lista coas opcións dispoñibles na pantalla ou aplicación actuais.

Carga da batería

A batería do teléfono está cargada parcialmente no momento da compra do teléfono. É posible que a icona da batería tarde uns minutos en aparecer na pantalla cando conecte o cable do cargador do teléfono a unha fonte de enerxía como un porto USB ou un cargador de teléfono. Pode seguir usando o teléfono mentres se está a cargar.

Pouco despois de se cargar por completo, a batería comeza a descargarse para logo cargarse de novo pasado un certo tempo cando se conecta o cargador do teléfono. Deste xeito prolóngase a vida da batería e é posible que se amose un estado de carga inferior ao 100 por cento.



Para cargar o teléfono usando o adaptador de corrente

- Conecte o teléfono a unha toma de corrente usando o cable USB e o adaptador de corrente.

Para cargar o teléfono usando un ordenador

- Conecte o teléfono a un porto USB dun ordenador usando o cable USB que se inclúe no kit do teléfono.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Utilizar a pantalla táctil

Cando o seu teléfono está acendido e permanece inactivo durante un periodo de tempo establecido, a pantalla escurécese para aforrar batería e bloquéase de xeito automático. Este bloqueo evita accións non desexadas na pantalla tácil cando non está a usala. Tamén pode axustar bloqueos personais para protexer a súa subscrición e asegurarse de que só vostede pode acceder ó contido do seu teléfono.

A pantalla do seu teléfono está feita de cristal. Non toque a pantalla se o cristal está esnaquizado ou crebado. Evite tentar reparar vostede mesmo a pantalla. As pantallas de cristal son sensibles ás caídas e ós golpes mecánicos. O servizo de garantía de Sony Ericsson non cubre os casos de neglixencia.

Para abrir ou resaltar un elemento

- Pulse o elemento.

Para marcar ou desmarcar opcións

- Pulse a caixa de verificación correspondente ou, en certos casos, ó lado dereito da opción de lista, para marcar ou desmarcar unha opción.

	Caixa de verificación marcada
	Caixa de verificación desmarcada
	Opción de lista marcada
	Opción de lista desmarcada

Uso do zoom

Hai dúas formas de usar o zoom. As opcións de zoom dispoñibles dependen da aplicación que estea a empregar.

Para aplicar o zoom

- Cando estean dispoñibles, pulse − ou + para ampliar ou reducir.

É posible que deba arrastrar a pantalla (en calquera dirección) para que aparezan as iconas de zoom.

Para usar o zoom con dous dedos



- Coloque dous dedos na pantalla á vez e xúnteos (para reducir o zoom) ou sepáreos (para aumentar o zoom).

Use a función zoom ao ver fotos e mapas, ou cando navegue pola web.

Desprazamento

Desprácese co movemento arriba e abaixo do seu dedo na pantalla. Nalgunhas páxinas web tamén pode desprazarse cara os lados.

Ó arrastrar ou tocar lixeiramente a pantalla non se activará ningún elemento da mesma.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para desprazarse



- Arrastre ou toque lixeiramente co dedo na dirección que desexe para desprazarse pola pantalla.

Para desprazarse con maior rapidez, toque lixeiramente co seu dedo na dirección na que desexe ir na pantalla.

Para tocar lixeiramente



- Para desprazarse con maior rapidez, toque lixeiramente co seu dedo na dirección na que desexe ir na pantalla. Pode agardar a que o movemento de desprazamento se deteña por si mesmo, ou pode detelo inmediatamente pulsando a pantalla.

Sensores

O seu teléfono inclúe un sensor de luz e un sensor de proximidade. O sensor de luz detecta o nivel de luz ambiental a axusta o brillo da pantalla correspondentemente. O sensor de proximidade desactiva a pantalla táctil cando toca a pantalla coa cara. Deste xeito, evítase que active as funcións do teléfono por accidente mentres se atopa nunha chamada.

Pantalla de inicio

A Pantalla de inicio do seu teléfono é equivalente ao escritorio dun ordenador. É a porta de acceso á maioría das características do seu teléfono. Pode personalizar a súa Pantalla de inicio con widgets, accesos directos, cartafoles, temas, fondos e outros elementos.

As catro esquinas da Pantalla de inicio axúdanlle a acceder rapidamente a aplicacións ou accesos directos a páxinas web.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

A Pantalla de inicio esténdese máis aló do ancho da pantalla regular, de xeito que cómpre tocar lixeiramente cara á dereita ou á esquerda para ver o contido dunha das catro extensións da pantalla. amosa a parte da Pantalla de inicio na que se atopa.

Para ir á pantalla de inicio

- Prema .

Para navegar pola pantalla de inicio

- Toque lixeiramente cara á dereita ou á esquerda.

Widgets

Os widgets son pequenas aplicacións que pode usar directamente na súa Pantalla de inicio. Por exemplo, o widget **Reprodutor de música** permítelle iniciar a reprodución de música directamente e o widget Timescape™ de Sony Ericsson amosa as mensaxes entrantes.

Para engadir widgets á pantalla de inicio

1. Desde a súa Pantalla de inicio, prema .
2. Pulse **Engadir** > **Widgets**.
3. Pulse nun widget.

Para obter unha descrición xeral de todos os widgets da pantalla de inicio

- Belisque calquera área da Pantalla de inicio Todos os widgets das diferentes áreas da Pantalla de inicio amósanse agora nunha soa vista.

Cando todos os widgets da Pantalla de inicio estean combinados nunha soa vista, pulse en calquera widget para ir á parte da Pantalla de inicio que contén ese widget.

Reorganización da pantalla de inicio

Personalice o aspecto da pantalla de inicio e cambie as características ás que pode acceder desde ela. Cambie o fondo de pantalla e a posición dos elementos, cree cartafoles e engada accesos directos a contactos.

Para abrir o menú de opcións da pantalla de inicio

Pode abrir o menú de opcións da Pantalla de inicio de dous xeitos:

- Desde a Pantalla de inicio, prema .
- Toque e manteña calquera parte da Pantalla de inicio.

Reorganización das esquinas da pantalla de inicio

Reorganice os elementos das esquinas da pantalla de inicio coas aplicacións ou cos accesos directos (marcadores) que empregue máis a miúdo. Pode engadir ata un máximo de catro accesos directos a cada unha das esquinas.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para engadir unha aplicación a unha esquina

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Toca e manteña unha aplicación ata que apareza a Pantalla de inicio e o teléfono vibre. A continuación, arrastre a aplicación a unha das esquinas.

Para engadir un acceso directo dunha páxina web a unha esquina

1. Desde a Pantalla de inicio, prema .
2. Pulse **Engadir** > **Accesos directos** > **Favorito**.
3. Seleccione un marcador para engadilo á Pantalla de inicio.
4. Arrastre o marcador a unha das esquinas.

Consulte *Para engadir un acceso directo dunha páxina web á pantalla de inicio* na páxina 66.

Para eliminar un elemento dunha esquina

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse unha das esquinas para ampliala.
2. Toque e manteña un elemento da esquina ata que o teléfono vibre, entón arrastre o elemento ata a icona .

Para mover un elemento dunha esquina

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse unha das esquinas para ampliala.
2. Toque e manteña un elemento da esquina ata que o teléfono vibre. A continuación, arrastre o elemento para separalo da esquina e sólteo nunha parte da Pantalla de inicio.

Para engadir un acceso directo á pantalla de inicio

1. Desde a súa Pantalla de inicio, prema .
2. Pulse **Engadir** > **Accesos directos**.
3. Localice e seleccione un acceso directo.

Engada accesos directos de aplicacións directamente desde a pantalla de aplicacións ó tocar e manter a aplicación.

Para engadir un cartafol á pantalla de inicio

1. Desde a súa Pantalla de inicio, prema .
2. Pulse **Engadir** > **Cartafol**.
3. Insira un nome para o cartafol, seleccione unha icona e pulse **Feito**.

Solte un elemento enriba doutro elemento da pantalla de inicio para crear un cartafol de xeito automático.

Para engadir elementos a un cartafol

- Toque e manteña un elemento ata que aumente e o teléfono vibre, entón arrastre o elemento ata o cartafol.

Para renomear un cartafol

1. Pulse o cartafol para abrilo.
2. Toque e manteña a barra de título do cartafol para amosar o campo **Nome do cartafol**.
3. Insira o novo nome do cartafol e pulse **Feito**.

Para mover un elemento na pantalla de inicio

1. Prema para abrir a Pantalla de inicio.
2. Toque e manteña un elemento ata que aumente e o teléfono vibre, entón arrastre o elemento ata a nova posición.

Para eliminar un elemento da pantalla de inicio

- Toque e manteña un elemento ata que aumente e o teléfono vibre, entón arrastre o elemento ata .

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Cambiar o fondo da pantalla de inicio

Adapte a Pantalla de inicio ao seu estilo con fondos e diferentes temas.

Para cambiar o fondo da pantalla de inicio

1. Desde a Pantalla de inicio, prema .
2. Pulse **Fondo** e despois seleccione un fondo.

Pode usar unha animación ou unha foto que tomara. Vaia ao Android Market™ e a outras fontes para descargar, por exemplo, fondos vivos que cambien coas horas do día.

Para cambiar o tema da pantalla de inicio

1. Desde a Pantalla de inicio, prema .
2. Pulse **Tema** e despois seleccione un tema.

Acceso e uso das aplicacións

Abra as aplicacións desde os accesos directos na súa Pantalla de inicio ou desde a pantalla de aplicacións.

Pantalla de aplicacións

A pantalla de aplicacións, que pode abrir desde a súa Pantalla de inicio, contén as aplicacións xa instaladas no seu teléfono ademais das aplicacións que descarga.

A pantalla de aplicacións exténdese máis alá do ancho normal da pantalla, polo que terá que tocar lixeiramente cara á dereita e á esquerda para ver todo o contido.

Para abrir a pantalla de aplicacións

- Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .

Para navegar pola pantalla de aplicacións

- Abra a pantalla de aplicacións, entón toque lixeiramente cara á dereita ou á esquerda.

Para crear un acceso directo a unha aplicación na pantalla de inicio

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Toque e manteña a aplicación ata que apareza na súa Pantalla de inicio, entón arrástrea ata a localización que desexe.

Abrir e pechar aplicacións

Para abrir unha aplicación

- Desde a súa Pantalla de inicio ou a pantalla de aplicacións, pulse na aplicación.

Para pechar unha aplicación

- Prema .

Algunhas aplicacións fan unha pausa se preme para saír, mentres que outras aplicacións continúan a executarse nun segundo plano. No primeiro caso, a seguinte vez que abra a aplicación, poderá continuar onde quedou.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Ventá de aplicacións usadas recentemente

Desde esta ventá pode ver e acceder ás aplicacións usadas recentemente.

Para abrir a ventá de aplicacións usadas recentemente

- Prema e manteña premido o botón .

Menú das aplicacións

É posible abrir un menú en calquera momento mentres utiliza unha aplicación mediante a pulsación da tecla no teléfono. O menú terá un aspecto diferente en función da aplicación que estea a utilizar.



Para abrir un menú nunha aplicación

- Mentres utilice a aplicación, prema .

Un menú non está dispoñible en todas as aplicacións.

Reorganización da súa pantalla de aplicacións

Mova as aplicacións pola pantalla de aplicacións segundo as súas preferencias.

Para organizar as súas aplicacións na pantalla de aplicacións

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse para ir á pantalla de aplicacións.
2. Pulse e seleccione unha opción.

Para mover unha aplicación á pantalla de aplicacións

1. Abra a pantalla de aplicacións, entón pulse .
2. Toque e manteña un elemento ata que aumente e o teléfono vibre, entón arrastre o elemento ata a nova localización.
3. Pulse para saír do modo edición.

Só pode mover as súas aplicacións cando está seleccionado .

Para desinstalar unha aplicación desde a pantalla de aplicacións

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse . Todas as aplicacións que se poden desinstalar están marcadas coa icona .
3. Pulse na aplicación que desexe desinstalar e logo pulse **Acept.**.

Estado e notificacións

A barra de estado situada na parte superior da pantalla amosa o que está a suceder no seu teléfono. Na parte esquerda aparecerán as notificacións cando haxa algo novo ou en curso. Por exemplo, as novas mensaxes e as notificacións do calendario aparecerán aquí. Na parte dereita amósase a cobertura, o estado da batería e outra información.



Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Comprobar notificacións e actividades en curso

Pode arrastrar cara abaixo a barra de estado para abrir o panel Notificacións e obter máis información. Por exemplo, abra unha nova mensaxe ou vexa un evento do calendario desde o panel Notificacións. Tamén pode abrir aplicacións que se atopan en execución, como o reprodutor de música.

Para abrir o panel de notificacións



- Arrastre a barra de estado cara a abaixo.

Para pechar o panel de notificacións



- Arrastre a ficha da parte inferior do panel de notificación cara arriba.

Para abrir unha aplicación en execución dende o panel de notificacións

- No panel de notificacións, pulse a icona para que a aplicación en execución se abra.

Para borrar o panel de notificacións

- Desde o panel de notificacións pulse **Borrar**.

Menú axustes do teléfono

Permite ver e cambiar os axustes do seu teléfono desde o menú Axustes.

Para acceder aos axustes do teléfono

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Escribir texto

Use o teclado reducido ou o teclado en pantalla para inserir letras, números ou outros caracteres. O teclado reducido é semellante a un teclado telefónico de 12 teclas, mentres que o teclado en pantalla ten un deseño QWERTY.

Teclado reducido

O teclado reducido é semellante ao teclado estándar de 12 teclas dos móbiles. Este teclado ofrece texto preditivo e opcións de entrada de varias pulsacións. O método de entrada de texto con teclado reducido actívase nos axustes do teclado. Este teclado só está dispoñible en orientación vertical.

Uso do teclado reducido



1 Permite elixir unha opción de entrada de texto

2 Permite cambiar entre maiúsculas i minúsculas e active o bloqueo de maiúsculas. Nalgúns idiomas, esta tecla úsase para acceder aos caracteres extra do idioma.

3 Permite mostrar números

4 Permite mostrar símbolos e emoticonas

5 Permite inserir un espazo

6 Permite abrir o menú dos axustes de entrada para cambiar, por exemplo, os **Idiomas de escritura**. Esta tecla tamén cambia o idioma de escritura cando está seleccionado máis dun idioma de entrada.

7 Permite inserir un retorno de carro ou confirmar a entrada de texto

8 Permite eliminar un carácter antes do cursor

! As ilustracións que figuran no manual só serven para ilustrar o modelo e pode que non describan con precisión o aspecto real do mesmo.

Para amosar o teclado reducido para inserir texto

- Mantendo o teléfono en orientación vertical, pulse un campo de entrada de texto.

Para inserir texto usando o teclado reducido

O teclado reducido permite seleccionar entre dúas opcións de entrada:

- Cando aparece no teclado reducido, pulse cada tecla de carácter só unha vez, aínda que a letra que precise non sexa a primeira letra da tecla. Pulse a palabra que aparece ou pulse para ver máis suxestións de palabras e seleccionar unha palabra da lista.
- Cando aparece no teclado reducido, pulse a tecla en pantalla para escribir o carácter que desexa inserir. Manteña premida esta tecla ata que o carácter desexado estea seleccionado. Despois faga o mesmo para o carácter que queira escribir a continuación e así sucesivamente.

Para ocultar o teclado reducido

- Cando insira texto usando o teclado reducido, prema .

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para cambiar entre maiúsculas e minúsculas

- Antes de inserir unha letra, pulse para cambiar a maiúsculas , ou viceversa.

Para activar o bloqueo de maiúsculas

- Antes de inserir unha palabra, pulse ou ata que apareza .

Para inserir números usando o teclado reducido

- Co teclado reducido aberto, pulse 123. Aparece un teclado reducido con números.

Para inserir símbolos e emoticonas usando o teclado reducido

1. Co teclado reducido aberto, pulse &☻. Aparece unha grade con símbolos e emoticonas.
2. Desprácese cara a arriba ou abaixo para ver máis opcións. Pulse nun símbolo ou emoticona para seleccionalo.

Para eliminar caracteres

- Pulse para colocar o cursor despois do caracter que desexa eliminar, entón pulse .

Para inserir un retorno de carro

- Ó inserir texto, pulse para inserir un retorno de carro.

Para editar texto

1. Ao inserir texto, toque e manteña premido o campo de texto ata que apareza o menú **Editar texto**.
2. Seleccione unha opción.

Teclado en pantalla

Pulse as teclas do teclado QWERTY en pantalla para inserir texto comodamente. Algunhas aplicacións abren automaticamente o teclado en pantalla. Tamén pode abrir este teclado tocando un campo de texto.

Utilizar o teclado en pantalla



1. Permite cambiar entre maiúsculas i minúsculas e activa o bloqueo de maiúsculas. Nalgúns idiomas, esta tecla úsase para acceder aos caracteres extra do idioma.
2. Pechar a vista do teclado en pantalla
3. Permite amosar números e símbolos. Toque e manteña para amosar emoticonas.
4. Permite inserir un espazo
5. Permite abrir o menú dos axustes de entrada para cambiar, por exemplo, os **Idiomas de escritura**. Esta tecla tamén cambia o idioma de escritura cando está seleccionado máis dun idioma de entrada.
6. Permite inserir un retorno de carro ou confirmar a entrada de texto
7. Permite eliminar un carácter antes do cursor

! As ilustracións que figuran no manual só serven para ilustrar o modelo e pode que non describan con precisión o aspecto real do mesmo.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para abrir o teclado en pantalla por primeira vez

- Sosteña o teléfono horizontalmente e pulse un campo de entrada de texto.
- Para usar o teclado en pantalla en orientación vertical, pulse un campo de entrada de texto e despois pulse ou toque e manteña se xa seleccionou máis dun idioma de entrada. Pulse **Teclado vertical** e seleccione unha opción.

Despois de facer este axuste, pode activar o teclado en pantalla simplemente pulsando un campo de entrada de texto.

Para cambiar entre o teclado QWERTY en pantalla e o teclado reducido

1. Cando insira texto, pulse , ou toque e manteña se xa ten seleccionado máis dun idioma de entrada.
2. Pulse **Teclado vertical** e seleccione unha opción.

Lembre que o teclado reducido só está dispoñible en orientación vertical.

Para inserir texto usando o teclado en pantalla

- Para inserir un carácter visible no teclado, pulse o carácter.
- Para inserir unha variante do carácter, toque e manteña un carácter normal do teclado para obter unha lista das opcións dispoñibles e, a continuación, seleccione o carácter que desexe. Por exemplo, para inserir "é", toque e manteña "e" ata que aparezan outras opcións. A continuación, mentres mantén o seu dedo premido no teclado, arrástreo ata "é" e seleccione ese carácter.

Para inserir números ou símbolos

- Cando insira texto, pulse . Aparece un teclado con números e símbolos. Pulse para ver máis opcións.

Para inserir unha emoticona

1. Cando insira texto, toque e manteña .
2. Seleccione unha emoticona.

Axustes dos teclados QWERTY e reducido

Pode seleccionar diversos axustes para o teclado QWERTY en pantalla e o teclado reducido como, por exemplo, o idioma de escritura e a corrección automática.

Para acceder aos axustes do teclado en pantalla e do teclado reducido

- Cando insira texto mediante o teclado en pantalla ou o teclado reducido, pulse . Se seleccionou máis dun idioma de escritura, toque e manteña .

Para cambiar o idioma de escritura usando o teclado en pantalla ou o teclado reducido

1. Cando insira texto, pulse , ou toque e manteña se xa ten seleccionado máis dun idioma de entrada.
2. Pulse **Idiomas de escritura** e seleccione os idiomas que desexa usar para escribir.
3. Se seleccionou máis dun idioma de entrada, pulse para cambiar entre os idiomas de escritura seleccionados.

Axustes da entrada de texto

Ao inserir texto, pode acceder a un menú de axustes de entrada de texto que lle axuda a definir as opcións para a predición do texto. Por exemplo, pode decidir como desexa que o teléfono lle presente as alternativas dunha palabra e corrixa as palabras mentres escribe, ou pode activar a aplicación de entrada de texto para lembrar as novas palabras que escribe.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para cambiar os axustes de entrada de texto

1. Cando insira texto mediante o teclado en pantalla ou o teclado reducido, pulse ou toque e manteña .
2. Pulse **Configur. de texto rápido**.
3. Seleccione os axustes que desexe.

Axustar o volume

Pode axustar o volume do ton de chamada para as chamadas telefónicas e as notificacións, así como para a reprodución de música e vídeo.

Para axustar o volume do ton coa tecla de volume

- Prema a tecla de volume cara arriba ou cara a abaixo.

Para axustar o volume da reprodución multimedia coa tecla de volume

- Mentres se reproduce música ou está a visualizar vídeo, prema a tecla de volume cara arriba ou cara a abaixo.

Para silenciar o teléfono e axustalo no modo vibración

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Son**.
3. Marque a caixa de verificación **Modo silencio**.
4. Seleccione **Vibrar** e escolla unha opción.

Para aumentar o volume do altofalante

1. Desde a Pantalla de inicio pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Son**.
3. Marque a caixa de verificación **xLOUD™**.

Personalización do seu teléfono

Adapte o teléfono ás súas necesitades e axuste, por exemplo, o seu ton de chamada persoal, o idioma do teléfono e os axustes de privacidade.

Hora e data

Pode cambiar a hora e a data do teléfono.

Para axustar a data manualmente

1. Desde a Pantalla de inicio pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Data e hora**.
3. Desmarque a caixa de verificación **Automático**, se está marcada.
4. Pulse **Axustar a data**.
5. Axuste a data desprazándose cara a arriba ou cara a abaixo.
6. Pulse **Axustar**.

Para axustar a hora manualmente

1. Desde a Pantalla de inicio pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Data e hora**.
3. Desmarque a caixa de verificación **Automático**, se está marcada.
4. Pulse **Axustar a hora**.
5. Axuste as horas e os minutos desprazándose cara a arriba ou cara a abaixo.
6. Pulse **AM** para cambiar a **PM** e viceversa.
7. Pulse **Axustar**.

! Se quere empregar **AM** e **PM**, deberá desmarcar **Usar formato de 24 h**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para axustar a zona horaria

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Data e hora**.
3. Desmarque a caixa de verificación **Automático** se está marcada.
4. pulse **Seleccionar zona horaria**.
5. Seleccione unha opción.

Para axustar o formato da data

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Data e hora** > **Seleccionar o formato da data**.
3. Seleccione unha opción.

Axustes dos tons de chamada

Para axustar un ton de chamada para o teléfono

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Son** > **Ton de chamada do teléfono**.
3. Seleccione un ton de chamada.

Para activar os tons de pulsación

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Son**.
3. Marque as caixas de verificación **Tons de pulsación audibles** e **Selección audible**.

Para seleccionar un ton de chamada para as notificacións

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Son** > **Ton de notificación**.
3. Seleccione un ton de chamada.

Para axustar unha alerta por vibración

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Son**.
3. Seleccione **Vibrar** e escolla unha opción.

Axustes da pantalla

Para axustar o brillo da pantalla

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Pantalla** > **Brillo**.
3. Para reducir o brillo da pantalla, arrastre o control escorregadizo cara á esquerda. Para aumentalo, arrastre o control escorregadizo cara á dereita.
4. Pulse **Aceptar**.

O nivel de brillo afecta ó rendemento da batería. Para obter suxestións acerca de como mellorar o rendemento da batería, consulte *Rendemento da batería* na páxina 25.

Para axustar a vibración da pantalla

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Son**.
3. Marque a caixa de verificación **Retroalimentación háptica**. A pantalla agora vibra cando pulsa nas teclas programables e nalgunhas aplicacións.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para axustar o tempo de inactividade antes de desactivar a pantalla

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Pantalla** > **Tempo de espera da pantalla**.
3. Seleccione unha opción.

Para desactivar a pantalla rapidamente, prema brevemente a tecla de acender/apagar .

Para manter a pantalla acendida mentres o teléfono carga

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Aplicacións** > **Desenvolvemento**.
3. Marque a caixa de verificación **Permanecer activo**.

Idioma do teléfono

Pode seleccionar un idioma para usalo no teléfono.

Para cambiar o idioma do teléfono

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Idioma e teclado** > **Seleccionar configuración rexional**.
3. Seleccione unha opción.

Se se trabuca ó escoller o idioma e non pode ler o texto dos menús, localice e pulse a icona de **Configuración**. Entón seleccione a entrada ó lado de , e seleccione a primeira entrada no seguinte menú. Entón pode seleccionar o idioma que desexe.

Modo avión

No modo Avión, a rede e os transceptores de radio do seu teléfono están desactivados para evitar interferencias con equipos sensibles. Sen embargo, aínda pode reproducir xogos, escoitar música, ver vídeos e outros contidos que estean gardados na súa tarxeta de memoria. Tamén pode recibir alarmas de notificación, se estas están activadas.

Activar o modo Avión reduce o consumo de batería.

Para activar o modo avión

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes**.
3. Marque a caixa de verificación **Modo avión**.

Tamén pode seleccionar **Modo avión** desde o menú **Opcións do teléfono**. Para acceder ó menú **Opcións do teléfono**, prema e manteña premida a tecla de acendido .

Batería

O seu teléfono Android™ permítelle seguir conectado e actualizado aló onde estea. Isto afecta á vida da batería do seu teléfono. A continuación pode atopar algunhas suxestións sobre como prolongar a vida da batería mentres permanece conectado e actualizado.

Rendemento da batería

O tempo en modo de espera, un termo común ao falar do rendemento da batería, fai referencia ao tempo durante o cal o teléfono está conectado á rede e non se está a usar. Canto máis tempo pase o teléfono en modo de espera sen realizar ningunha operación, máis tempo durará a batería.

As seguintes suxestións poden axudarlle a mellorar o rendemento da batería:

- Cargar o teléfono con frecuencia. Isto non afectará á vida útil da batería.
- A descarga de datos da Internet consome enerxía. Cando non estea a usar a Internet, pode aforrar enerxía se desactiva todas as conexións de datos a través de redes móbiles. Pode facer isto desde **Axustes de redes e conexións sen fíos**. Este axuste non evita que o seu teléfono transmita datos a través doutras redes sen fíos.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

- Desactive o GPS, Bluetooth™ e Wi-Fi® cando non precise destas características. Pode activalas e desactivalas de xeito máis sinxelo engadindo o widget de control de enerxía á súa Pantalla de inicio. Non cómpre desactivar a conexión 3G.
- Axuste as súas aplicacións de sincronización (usadas para sincronizar o seu correo electrónico, calendario e contactos) para sincronizar de xeito manual. Tamén pode usar a sincronización automática, pero aumentando os intervalos.
- Comprobe o menú de uso da batería no teléfono para ver que aplicacións usan máis enerxía. A batería consome máis enerxía cando usa aplicacións de transmisión en secuencia de vídeo e música, como YouTube™. Algunhas aplicacións do Android Market™ tamén consomen máis enerxía.
- Cerre e saia das aplicacións que non estea a usar xa que as multitarefas afectan ao rendemento da batería.
- Reduza o nivel de brillo da pantalla.
- Apague o seu teléfono ou use o **Modo avión** cando estea nunha zona sen cobertura de rede. Do contrario, o teléfono buscará repetidamente redes dispoñibles e isto consome enerxía.
- Use o dispositivo mans libres orixinal de Sony Ericsson para escoitar música. Isto consome menos batería ca escoitar música polos altofalantes do teléfono.

Para obter máis información sobre como maximizar a rendemento da batería, visite *www.sonyericsson.com/support*.

Para acceder ó menú de uso da batería

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Verbo do teléfono** > **Uso da batería** para ver que aplicacións instaladas consumen máis batería.

Para engadir o widget de cambio de estado á súa pantalla de inicio

1. Desde a súa Pantalla de inicio, prema .
2. Pulse **Engadir** > **Widgets**.
3. Seleccione o widget **Cambio de estado**. Agora pode activar e desactivar tódalas súas conexións de datos de xeito máis sinxelo.

Estado do LED da batería

Verde	A batería está completamente cargada
Vermello intermitente	Nivel baixo da batería
Laranxa	A batería estase a cargar. O nivel da batería está entre baixo e completo

Para comprobar o nivel da batería

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Verbo do teléfono** > **Estado**.

Memoria

Pode gardar contido nunha tarxeta de memoria e na memoria do teléfono. A música, os videoclips e as fotos gárdanse na tarxeta de memoria mentres que as aplicacións, os contactos e as mensaxes gárdanse na memoria do teléfono.

Algunhas aplicacións poden moverse desde a memoria do teléfono á tarxeta de memoria.

Para mover unha aplicación á tarxeta de memoria

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Aplicacións** > **Administrar aplicacións**.
3. Pulse a aplicación que desexe.
4. Pulse **Mover á tarxeta SD**.

Algunhas aplicacións non se poden mover desde a memoria do teléfono á tarxeta de memoria.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Tarxeta de memoria

É posible que necesite mercar unha tarxeta de memoria por separado.

O teléfono admite as tarxetas de memoria microSD™, que se usan para contido multimedia. Este tipo de tarxetas tamén se pode usar como tarxeta de memoria portátil con outros dispositivos compatibles.

Sen unha tarxeta de memoria non poderá usar a cámara, nin reproducir ou descargar ficheiros de música e videoclips.

Extracción segura da tarxeta de memoria

Cando o teléfono está apagado, pode extraer a tarxeta de memoria de xeito seguro en calquera momento. Se quere extraer a tarxeta de memoria co teléfono acendido, primeiro deberá desmontala antes de extraela fisicamente do teléfono. Isto pode evitar danar a tarxeta de memoria ou perder os datos almacenados nela.

Para desmontar a tarxeta de memoria

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Almacenamento** > **Deter tarxeta SD**.

Formatar a tarxeta de memoria

Pode formatar a tarxeta de memoria do seu teléfono, por exemplo, para liberar memoria. Esto significa que elimina tódolos datos da tarxeta.

Ó formatar a tarxeta de memoria elimínase todo o contido dela. Asegúrese de facer copias de seguridade de todo o que desexa gardar antes de formatar a tarxeta de memoria. Para facer unha copia de seguridade do contido pode copialo no seu ordenador. Para obter máis información, consulte o capítulo *Conectar o teléfono a un ordenador* na páxina 95.

Para formatar a tarxeta de memoria

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Almacenamento** > **Deter tarxeta SD**.
3. Despois de desconectar a tarxeta de memoria, pulse **Borrar tarxeta SD**.

Mans libres estéreo portátil

Para utilizar un mans libres

1. Conecte un mans libres portátil.
2. Para contestar unha chamada, prema a tecla de xestión de chamadas. Se está a escoitar música, deterase a reprodución cando reciba unha chamada e continuará ao finalizar a chamada.
3. Para finalizar unha chamada, prema a tecla de xestión de chamadas.

Se co teléfono non se inclúe un mans libres portátil, deberá adquirilo por separado.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Axustes da Internet e de mensaxería

Para enviar mensaxes de texto e multimedia e para acceder á Internet, cómpre dispoñer dunha conexión de datos para móbiles 2G/3G e dos axustes correctos. Existen diferentes modos de obter estes axustes:

- Na maioría de redes e operadores de teléfonos móbiles, os axustes da Internet e da mensaxería veñen preinstalados no seu teléfono. Nese caso, poderá comezar a usar a Internet e a enviar mensaxes directamente.
- Nalgúns casos disporá da opción de descargar os axustes da Internet e da mensaxería a primeira vez que acenda o teléfono. Tamén é posible descargar estes axustes posteriormente no menú **Configuración**.
- Pode engadir e cambiar manualmente os axustes da Internet e da rede no seu teléfono cando o desexe. Póñase en contacto co seu operador de rede para obter información detallada acerca dos seus axustes da Internet e de mensaxería.

Para descargar axustes da Internet e de mensaxería

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Sony Ericsson** > **Descarga de configuración**.

Para ver o Nome de punto de acceso (APN) actual

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Redes móbiles**.
3. pulse **Nomes puntos de acc.**.

Se ten dispoñibles varias conexións, a conexión de rede activa sinalarase cun botón marcado á dereita.

Para configurar manualmente os axustes de APN

1. Desde a Pantalla de inicio pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Redes móbiles** > **Nomes puntos de acc.**.
3. Prema .
4. Pulse **Novo APN**.
5. Pulse **Nome** e insira o nome do perfil de rede que desexe crear.
6. Pulse **APN** e insira o nome do punto de acceso.
7. Insira o resto da información que lle solicite o seu operador de rede.
8. Prema e pulse **Gardar** .

Contacte co seu operador de rede para obter información detallada sobre os axustes de rede.

Para restablecer os axustes predeterminados da Internet

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Redes móbiles** > **Nomes de Puntos de Acceso**.
3. Prema .
4. Pulse **Restablecer valores predeterminados**.

Información de uso

Por motivos de calidade, Sony Ericsson recolle informes de erros de xeito anónimo e estadístico relativos ó uso do seu teléfono. Na información recollida non se inclúen datos persoais. A opción de envío de información de uso de xeito predeterminado non está activada. Pero se o desexa porde escoller activala.

Para enviar información de uso

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Sony Ericsson** > **Información de uso**.
3. Marque a caixa de verificación **Enviar info. de uso**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Uso do Control de datos

Utilice o Control de datos para realizar o seguimento da cantidade de datos que o seu teléfono envía e recibe. Esta aplicación fai un seguimento do tráfico de datos aproximado sobre redes de 2G/3G desde un día de inicio predefinido. Os valores restablécense mensualmente. Por exemplo, se o día de inicio está axustado para o 15, o contador do tráfico de datos restablécese o día 15 de cada mes. A primeira vez que inicia o Control de datos, o día de inicio axústase en 1.

Faga que o Control de datos lle alerte cando a cantidade de datos transferidos alcance certo límite. Pode axustar límites por separado para os datos enviados, os datos recibidos ou os datos totais. Tamén pode activar o Control de datos como un widget na Pantalla de inicio.

As cantidades de datos son aproximadas. Por favor, consulte co seu fornecedor de servizos para verificar o uso de datos real.

Os datos enviados ou recibidos a través de conexións Wi-Fi® ou Bluetooth™ non se contabilizan.

Para axustar o día de inicio do Control de datos

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Control de datos**.
3. Pulse **Axustes** > **Mensual**.
4. Axuste o día de inicio desprazándose cara a arriba ou cara a abaixo.
5. Cando remate, pulse **Aceptar**.

Para axustar unha alerta do Control de datos

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Control de datos**.
3. Pulse a icona da campá que hai a carón de **Datos enviados**, **Datos recibidos** ou **Datos totais** dependendo da alerta que desexe axustar.
4. Axuste os valores desprazándose cara a arriba ou cara a abaixo.
5. Cando remate, pulse **Aceptar**.

Para borrar unha alerta do Control de datos

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Control de datos**.
3. Pulse a icona da campá que hai a carón de **Datos enviados**, **Datos recibidos** ou **Datos totais** dependendo da alerta que desexe eliminar.
4. Pulse **Restablecer**. O límite de alertas restáurase a cero e a alerta desactívase.

Desactivar o tráfico de datos

Pode desactivar tódalas conexións de datos superiores a 2G/3G co seu teléfono para evitar calquera descarga e sincronización de datos non desexadas. Contacte co seu operador de rede se necesita obter información detallada verbo do seu plan de subscrición e dos custos do tráfico de datos.

Cando o tráfico de datos está desactivado, aínda pode usar as conexións Wi-Fi™ e Bluetooth™. Tamén pode enviar e recibir mensaxes multimedia.

Para desactivar todo o tráfico de datos

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Redes móbiles**.
3. Desmarque a caixa de verificación **Datos activados**.

Itinerancia de datos

En función do seu operador de rede, quizais poida permitir conexións de datos móbiles mediante 2G/3G fóra da súa rede doméstica (itinerancia). Lembre que quizais se apliquen

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

custos pola transmisión de datos. Contacte co seu operador de rede para obter máis información.

! Ás veces, as aplicacións poden usar a conexión á Internet na súa rede doméstica sen notificarllo, por exemplo, ao enviar solicitudes de procura e sincronización. É posible que lle apliquen custos adicionais pola itinerancia de datos. Consulte ó seu fornecedor de servizos.

Para activar a itinerancia de datos

1 Na Pantalla de inicio, pulse .
2 Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Redes móbiles**.
3 Marque a caixa de verificación **Itinerancia de datos**.

! Non pode activar a itinerancia de datos cando as conexións de datos están desactivadas

Axustes de rede

O teléfono cambia automaticamente de rede segundo as redes que estean dispoñibles en diferentes lugares. Inicialmente, o teléfono está configurado para usar o modo de rede móbil máis rápido para datos que estea dispoñible. Pero se quere aumentar a duración da batería, pode configurar manualmente o teléfono para que só use unha rede 2G máis lenta para datos. Tamén pode configurar o teléfono para que acceda a un conxunto diferente de modos de rede ou para que se comporte dun xeito especial en itinerancia.

Para seleccionar un modo de rede

1 Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2 Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Redes móbiles**.
3 Pulse **Modo de rede**.
4 Seleccione un modo de rede.

Para seleccionar outra rede manualmente

1 Desde a Pantalla de inicio pulse .
2 Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Redes móbiles** > **Operadores de rede**.
3 Pulse **Modo de busca**.
4 Cando apareza unha ventá emerxente, pulse **Selec. manualmente**.
5 Seleccione unha rede.

! Se selecciona unha rede manualmente, o teléfono non procurará outras redes, aínda que saia da cobertura da rede seleccionada manualmente.

Para activar a selección automática de rede

1 Na Pantalla de inicio, pulse .
2 Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Redes móbiles** > **Operadores de rede**.
3 Pulse **Modo de busca**.
4 Pulse **Selec. automaticamente**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Chamadas

Chamadas de emerxencia

O teléfono admite os números de emerxencia internacionais, por exemplo, o 112 e o 911. Normalmente é posible empregar estes números para efectuar chamadas de emerxencia en calquera país, coa tarxeta SIM inserida ou sen ela, cando se atopa dentro da zona de cobertura da rede.

Para facer unha chamada de emerxencia

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Teléfono**.
3. Insira o número de emerxencia e pulse **Chamar**. Para eliminar un número, pulse .

Pode facer chamadas de emerxencia cando a tarxeta SIM non está inserida.

Para realizar unha chamada de emerxencia mentres a tarxeta SIM está bloqueada

1. pulse **Chamada de emerx.**.
2. Insira o número de emerxencia e pulse **Chamar**. Para eliminar un número, pulse .

Xestionar chamadas

Pode facer unha chamada marcando manualmente un número de teléfono, pulsando un número gardado na lista de contactos do teléfono ou pulsando a icona situada a carón dun número de teléfono do **Rex. cham.**.

Para realizar unha chamada marcando o número

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Teléfono**.
3. Insira o número do destinatario e pulse **Chamar**. Para eliminar un número, pulse .

Para finalizar unha chamada

- Pulse **Finalizar chamada**.

Para facer unha chamada internacional

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Teléfono**.
3. Toque e manteña a tecla **0** ata que apareza un signo "+".
4. Insira o código de país, o prefixo de área (sen incluír o primeiro 0) e o número de teléfono e pulse **Chamar**.

Para contestar unha chamada

- Arrastre cara á dereita pola pantalla.

Se utiliza auriculares normais sen micrófono, debe desconectalos do conector de auriculares para poder contestar a chamada.

Para declinar unha chamada

- Arrastre cara á esquerda pola pantalla.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para cambiar o volume do auricular do teléfono durante unha chamada

- Prema a tecla de volume cara arriba ou cara a abaixo.

Para activar o altofalante durante unha chamada

- Pulse .

Para silenciar o micrófono durante unha chamada

- Pulse .

Para activar a pantalla durante unha chamada

- Prema .

Para inserir números durante unha chamada

1. Durante unha chamada pulse . Aparece un teclado numérico.
2. Insira os números.

Para silenciar o ton de chamada dunha chamada entrante

- Cando reciba a chamada, prema a tecla de volume.

Chamadas recentes

No rexistro de chamadas pode ver as chamadas perdidas , recibidas e os números marcados .

Para ver as súas chamadas perdidas

1. Cando ten unha chamada perdida, aparece na barra de estado. arrastre a barra de estado cara a abaixo.
2. Pulse **Chamada perdida**.

Para chamar a un número desde o seu rexistro de chamadas

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Teléfono** > **Rex. cham.** para ver o rexistro de chamadas.
3. Para chamar directamente a un número, pulse a icona situada a carón do número. Para editar un número antes de chamar, toque e manteña o número desexado, despois seleccione unha opción.

Para engadir un número do rexistro de chamadas aos contactos

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Teléfono** > **Rex. cham.**.
3. Toque e manteña pulsado o número, despois pulse **Engadir a Contactos**.
4. Pulse o contacto que desexe, ou pulse **Crear novo contacto**.
5. Edite os detalles do contacto e pulse **Feito**.

Correo de voz

Se a súa subscrición inclúe un servizo de contestador automático, os emisores das chamadas poden deixar unha mensaxe de correo de voz cando non poida responder a unha chamada. Normalmente, o número do correo de voz está gardado na tarxeta SIM. Se non é así, contacte co seu fornecedor de servizos para obter o número do seu correo de voz. Despois poderá inserilo manualmente.

Para inserir o seu número de correo de voz

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Axustes de chamada** > **Axustes de correo de voz** > **Número correo de voz**.
3. Insira o número do seu correo de voz.
4. Pulse **Acept.**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para chamar ao seu servizo de correo de voz

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Teléfono**.
3. Toque e manteña a tecla **1**.

Chamadas múltiples

Se activou as chamadas en espera, pode xestionar varias chamadas ao mesmo tempo. Cando está activada esta opción, a recepción doutra chamada notificaráselle cun ton de aviso.

Para activar ou desactivar a chamada en espera

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Axustes de chamada** > **Axustes adicionais**.
3. Para activar ou desactivar a chamada en espera, pulse **Chamada en espera**.

Para rexeitar unha segunda chamada

- Se escoita tons de aviso repetidamente durante unha chamada, pulse **Ocupado**.

Para contestar outra chamada e finalizar a chamada en curso

- Se escoita tons de aviso repetidamente durante unha chamada, pulse **Final. chamada e contestar**.

Para contestar outra chamada e poñer a chamada en curso en espera

- Se escoita tons de aviso repetidamente durante unha chamada, pulse **Contestar**.

Para facer unha segunda chamada

1. Durante unha chamada en curso, pulse .
2. Insira o número do destinatario e pulse .
3. Se o destinatario contesta, a primeira chamada porase en espera.

Aplicarase o mesmo procedemento ás seguintes chamadas.

Para cambiar entre varias chamadas

- Para cambiar a outra chamada e poñer a chamada actual en espera, pulse o número ou o contacto que desexe.

Para finalizar a chamada en curso e volver á seguinte chamada en espera

- Pulse .

Multichamada

Cunha multichamada ou chamada con varios participantes pode manter á vez unha conversa con dúas persoas ou máis.

Para realizar unha multichamada

1. Durante unha chamada en curso, pulse .
2. Marque o número do seu segundo participante e pulse .
3. Se o segundo participante contesta, a primeira chamada porase en espera.
4. pulse .

Para engadir máis participantes, repita os pasos 1 a 4.

Para manter unha conversa privada cun participante dunha multichamada

1. Durante unha multichamada en curso, pulse o botón que amosa o número de participantes. Por exemplo, pulse **3 participantes** se hai tres participantes na chamada.
2. Pulse o nome do participante co que quere falar en privado.
3. Para rematar a conversa privada e volver á multichamada, pulse .

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para botar a un participante dunha multichamada

1. Durante unha multichamada en curso, pulse o botón que amosa o número de participantes. Por exemplo, pulse **3 participantes** se hai tres participantes.
2. Pulse a icona situada a carón do participante que quere botar.

Para finalizar unha multichamada

- Durante a chamada pulse .

Axustes de chamadas

Reenviar chamadas

Pode reenviar chamadas, por exemplo, a outro número de teléfono ou a un servizo de contestador automático.

Para reenviar chamadas

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Axustes de chamada** > **Reenvío de chamada**.
3. Seleccione unha opción.
4. Insira o número ao que desexa reenviar as chamadas e pulse **Activar**.

Para desactivar o reenvío de chamadas

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Axustes de chamada** > **Reenvío de chamada**.
3. Seleccione unha opción.
4. pulse **Desactiv.**.

Amosar ou ocultar o número de teléfono

Pode seleccionar que se amose ou oculte o seu número de teléfono nos dispositivos dos destinatarios das súas chamadas.

Para amosar ou ocultar o número de teléfono

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Axustes de chamada** > **Axustes adicionais** > **ID de emisor de cham.**.
3. Seleccione unha opción.

Números de marcación fixa

Se recibiu un código PIN2 do seu fornecedor de servizos, pode usar unha lista de Números de marcación fixa (NMF) para restrinxir as chamadas saíntes.

Para activar ou desactivar a marcación fixa

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Axustes de chamada** > **Números de marc. fixa**.
3. Pulse **Activar marcación fixa** ou **Desactivar marc. fixa**.
4. Insira o PIN2 e pulse **Acept.**.

Para acceder á lista de destinatarios de chamadas aceptadas

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Axustes de chamada** > **Números de marc. fixa** > **Números de marc. fixa**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Contactos

Use a aplicación dos contactos para almacenar e xestionar tódolos seus contactos. Garde os seus números de teléfono, enderezos de correo electrónico, aniversarios e outros datos de contacto nun mesmo lugar. **Contactos** amosa tódalas comunicacións cun contacto particular. Simplemente pulse no contacto para acceder a esta información dun xeito sinxelo.

Pode engadir novos contactos no seu teléfono e sincronizalos cos contactos na súa conta Sony Ericsson Sync, conta de Google™, conta de Microsoft® Exchange ActiveSync® ou outras contas que permitan sincronizar contactos. **Contactos** automaticamente tenta unir novos enderezos cos contactos existentes para crear unha única entrada. Tamén pode xestionar este proceso de xeito manual.

Abrir Contactos por primeira vez

A primeira vez que abra a aplicación Contactos, obterá consellos sobre como empezar a engadir contactos ao seu teléfono. Este é un bo momento para escoller un método que se adapte á súa situación e configuración.

Importar contactos ao seu teléfono

Hai varios métodos para importar os contactos existentes e outros datos ao seu novo teléfono:

	Sincronice o seu teléfono con contactos xa almacenados cun servizo de sincronización en liña, como Sony Ericsson Sync ou Google Sync™.
	Pode importar contactos desde unha tarxeta SIM. É posible que este método non lle permita transferir toda a información desde un teléfono a outro por mor da limitación de memoria da tarxeta SIM.
	Pode importar contactos desde unha tarxeta de memoria.
	Use unha conexión Bluetooth™.
	Envíe contactos a través de servizos de mensaxería como SMS, MMS ou correo electrónico.

O xeito de sincronización en liña é a mellor opción para a maior parte dos usuarios. Deste xeito, sempre terá una copia de seguridade en liña.

Para ver os contactos

- Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse . Aquí aparecen nunha lista os seus contactos.

Para sincronizar os contactos do seu teléfono cunha conta de sincronización

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Prema , a continuación, pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**.
3. Para configurar unha conta de sincronización, pulse **Engadir conta** e siga as instrucións en pantalla. Se xa configurou unha conta de sincronización e desexa sincronizar con ela, pulse na conta, prema , e pulse **Sincronizar agora**.

Para importar contactos dunha tarxeta SIM

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Prema , a continuación, pulse **Import. contact.** > **Tarxeta SIM**.
3. Se ten configurada unha conta de sincronización, pode escoller engadir os contactos importados da tarxeta SIM nesa conta. Ou tamén pode escoller usar só estes contactos no teléfono. Seleccione a opción que desexe.
4. Para importar un só contacto, localice e pulse no contacto. Para importar tódolos contactos, prema , despois pulse **Importar todo**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para importar contactos desde unha tarxeta de memoria

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Prema , a continuación, pulse **Import. contact.** > **Tarxeta de memoria**.
3. Se ten configurada unha conta de sincronización, pode engadir os contactos importados da tarxeta de memoria nesa conta. Ou tamén pode escoller usar só os contactos importados no teléfono. Seleccione a opción que desexe.
4. Se ten máis dun ficheiro vCard na tarxeta SD, aparece unha lista na que se amosan os diferentes lotes de contactos do teléfono coas datas correspondentes á súa creación. Seleccione o lote que desexa importar.

Para recibir datos de contacto enviados usando tecnoloxía Bluetooth™

1. Asegúrese de que a función Bluetooth™ estea activada e o seu teléfono estea axustado en modo visible. Do contrario, non poderá recibir datos doutros dispositivos.
2. Cando se lle pida que confirme se desexa recibir o ficheiro, pulse **Aceptar**.
3. Arrastre cara abaixo o panel de notificacións e pulse no ficheiro recibido para importar os datos de contacto.

Para recibir contactos enviados usando un servizo de mensaxería

1. Cando reciba unha nova mensaxe de texto, mensaxe multimedia, ou mensaxe de correo electrónico, abra a mensaxe.
2. Os datos de contacto recibidos aparecen como un ficheiro adxunto de vCard. Pulse, ou toque e manteña premido o ficheiro de vCard para abrir un menú de xeito que poda gardar os datos de contacto.

Descrición xeral da pantalla Contactos



1	Pulse aquí para crear un contacto
2	Campo de procura do contacto
3	Toque nun contacto para ver os seus detalles
4	A icona amosa o estado do contacto nos servizos de mensaxería instantánea
5	Pulse nunha miniatura dun contacto para acceder ao menú rápido de contactos
6	Fichas de accesos directos

Xestión dos seus contactos

Cree, edite e sincronice os seus contactos cuns sinxelos pasos. Seleccione amosar só os contactos que desexa usar no teléfono. Se sincroniza os seus contactos con máis dunha conta, pode unir os contactos no seu teléfono para evitar duplicados.

! Algúns servizos de sincronización, por exemplo algúns servizos de redes sociais, non lle permiten editar detalles dos contactos.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para seleccionar os contactos que se verán na aplicación Contactos

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse , e logo pulse .
2. Prema e logo pulse **Filtrar**.
3. Na lista que aparece, marque e desmarque as opcións que desexe. Se sincronizou os seus contactos cunha conta de sincronización, esa conta aparece na lista. Pode pulsar na conta para expandir a lista de opcións. Cando remate, pulse **Acept.**.

Para engadir un contacto

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Pulse .
3. Se ten sincronizados os seus contactos con máis dunha conta, seleccione a conta para a que desexe engadir este contacto, ou pulse **Contacto do teléfono** se só desexa usar este contacto no seu teléfono.
4. Insira ou seleccione a inforrmación que desexe para o contacto.
5. Cando remate, pulse **Feito**.

Se engade un signo "+" e o prefixo de país antes do número de teléfono dun contacto, pode usar o número cando efectue chamadas desde outros países.

Para editar un contacto

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Toque e manteña premido o contacto que desexe editar, despoois pulse **Editar contacto**.
3. Edite a información que desexe. Cando remate, pulse **Feito**.

Para asociar unha imaxe cun contacto

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Toque e manteña premido o contacto que desexe editar, despoois pulse **Editar contacto**.
3. Pulse e seleccione o xeito que desexe para engadir a imaxe do contacto.
4. Cando teña engadida a imaxe, pulse **Feito**.

Tamén pode engadir unha imaxe a un contacto directamente desde a aplicación **Galería**.

Para ver as súas comunicación cun contacto

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Pulse o contacto que desexe ver.
3. Para ver as súas comunicación co contacto por diferentes medios, pulse ou toque lixeiramente os elementos do filtro na parte inferior da pantalla.

Para eliminar contactos

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Prema e logo pulse **Elimin. contactos**.
3. Marque os contactos que desexe borrar, ou pulse **Marcar todo** se desexa eliminar tódolos contactos.
4. Pulse **Eliminar** > **Acept.**.

Para editar información de contacto acerca dun mesmo

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Toque e manteña pulsado **Eu** na parte superior da lista de contactos, despois pulse **Editar contacto**.
3. Insira a nova información ou faga os cambios que desexe.
4. Cando remate, pulse **Feito**.

Evitar entradas duplicadas nos seus Contactos

Se sincroniza os seus novos contactos cunha nova conta ou importa información dos contactos doutros xeitos, é posible que termine tendo entradas duplicadas nos seus Contactos. Se isto ocorre, pode unir as entradas duplicadas e crear unha única entrada. E se une entradas por error, pode separalas de novo máis tarde.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para unir contactos

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Toque e manteña pulsado o contacto que desexa unir con outro contacto, a continuación pulse **Unir contactos**.
3. Desde a lista que aparece, pulse no contacto cuxa información desexe unir co primeiro contacto, despois pulse **Acept.** para confirmar. A información do segundo contacto engádese ó primeiro contacto e o segundo contacto xa non se amosa máis na lista de contactos.

Para separar contactos unidos

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse e, a continuación, pulse .
2. Toque e manteña o contacto unido que desexe editar e, a continuación, pulse **Editar contacto**.
3. Prema e logo pulse **Separar**.
4. Pulse **Acept.**.

Favoritos

Pode marcar un contacto como favorito. A ficha **Favoritos** permítelle acceder rapidamente ós seus contactos marcados. En **Favoritos**, tamén pode localizar unha lista dos contactos cos que se comunica cunha maior frecuencia.

Para marcar ou desmarcar un contacto como favorito

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Pulse o contacto que desexa engadir ou eliminar dos favoritos.
3. Pulse .

Comunicación cos seus contactos

Para procurar un contacto

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Insira as primeiras letras do nome do contacto no campo **Buscar**. Tódolos contactos que comezan con esas letras aparecerán.

O menú rápido de contactos

Pulse nunha miniatura dun contacto para ver as opcións de comunicación rápida dun contacto particular. As opcions incluen chamar ó contacto, enviar unha mensaxe de texto ou multimedia e iniciar unha conversa usando **Talk**.

! Para que unha aplicación apareza como unha opción no menú rápido de contactos, cómpre configurar a aplicación no seu teléfono. Por exemplo, cómpre iniciar a aplicación **Gmail™** e inserir os seus detalles de inicio de sesión antes de usala no menú rápido de contactos.

Compartir os seus contactos

Para enviar a súa tarxeta de visita

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Pulse **Eu**.
3. Prema , a continuación, pulse **Enviar contacto** > **Acept.**.
4. Seleccione un método de transferencia dispoñible e siga as instrucións en pantalla.

Para enviar un contacto

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Pulse no contacto do que desexe enviar os detalles.
3. Prema , a continuación, pulse **Enviar contacto** > **Acept.**.
4. Seleccione un método de transferencia dispoñible e siga as instrucións en pantalla.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para enviar varios contactos ó mesmo tempo

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Prema e logo pulse **Enviar contactos**.
3. Marque os contactos que desexe enviar, ou seleccione todos se desexa enviar tódolos contactos.
4. Pulse **Enviar**, despois pulse **Acept.** para confirmar.
5. Seleccione un método de transferencia dispoñible e siga as instrucións en pantalla.

Facer unha copia de seguridade dos contactos

Pode usar a tarxeta de memoria e a tarxeta SIM para facer unha copia de seguridade dos contactos.

Para exportar tódolos contactos á tarxeta de memoria

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Prema , a continuación, pulse **Copia seg. cont.** > **Tarxeta de memoria**.
3. Pulse **Acept.**.

Para exportar contactos a unha tarxeta SIM

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse .
2. Prema , a continuación, pulse **Copia seg. cont.** > **Tarxeta SIM**.
3. Marque os contactos que desexe exportar, ou pulse **Marcar todo** se desexa exportar tódolos contactos.
4. Pulse **Copia de segurid.**.
5. Seleccione **Engadir contactos** se desexa engadir os contactos ós contactos existentes na súa tarxeta SIM, ou seleccione **Substituír todos os contactos** se desexa substituír os contactos existentes na súa tarxeta SIM.

! Cando exporte contactos á tarxeta SIM, é posible que non se exporte toda a información. Isto se debe ás limitacións de memoria das tarxetas SIM.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Mensaxería

Uso da mensaxería de texto e multimedia

Pode enviar e recibir mensaxes de texto dende o seu teléfono utilizando SMS (servizo de mensaxes curtas). Se a súa subscrición inclúe o servizo MMS (servizo de mensaxes multimedia), tamén pode enviar e recibir mensaxes que conteñan ficheiros multimedia, por exemplo, imaxes e vídeos. Unha única mensaxe de texto pode conter ata 160 caracteres. Se supera os 160 caracteres, entón tódolos seus mensaxes sinxelos se ligan e envían xuntos. Cobraráselle cada mensaxe de 160 caracteres enviada. Cando vexa as súas mensaxes, aparecen como conversas, é dicir, tódalas mensaxes para e dunha persoa particular agrúpanse xuntas.

Para enviar mensaxes multimedia, debe dispoñer dos axustes de MMS correctos no seu teléfono. Consulte *Axustes da Internet e de mensaxería* na páxina 28.

Para crear e enviar unha mensaxe

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Pulse **Mensaxe nova**.
3. Pulse **Escribir mensaxe** e insira a súa mensaxe de texto.
4. Para engadir un destinatario, pulse **Engadir destinatario**, despois seleccione un contacto ou insira o número completo de xeito manual.
5. Se desexa engadir un ficheiro multimedia, pulse e seleccione unha opción.
6. Se desexa engadir ou eliminar destinatarios antes de enviar a mensaxe, prema . Para engadir un destinatario, pulse **Engadir destinatario**. Para eliminar un destinatario, pulse **Editar destinatarios** e pulse a carón do campo do destinatario. Cando remate, pulse **Feito**.
7. Para enviar a mensaxe, pulse **Env.**

Se sae dunha mensaxe antes de enviala, gárdase como borrador. A conversa etiquétase coa palabra **Borrador**.

Para ler unha mensaxe recibida

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón localice e pulse .
2. Pulse na conversa que desexe.
3. Se aínda non se descargou a mensaxe, pulse e manteña premida a mensaxe, logo pulse **Descargar mensaxe**.

Cando recibe unha mensaxe de texto ou multimedia, aparece na barra de estado. Para ler a mensaxe, tamén pode arrastrar a barra de estado cara a abaixo e pulsar a mensaxe recibida coa barra de estado aberta.

Para responder a unha mensaxe

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , entón pulse **Mensaxería**.
2. Pulse na conversa que desexe.
3. Insira a súa resposta e pulse **Env.**.

Para reenviar unha mensaxe

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , entón pulse **Mensaxería**.
2. Pulse na conversa que desexe.
3. Toque e manteña premida a mensaxe que desexe eliminar e, a continuación, pulse **Reenviar mensaxe**.
4. Seleccione un destinatario da lista, ou pulse **Conversa nova** para engadir un destinatario que non estea na lista.
5. Edite a mensaxe e pulse **Env.**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para eliminar unha mensaxe

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , entón pulse **Mensaxería**.
2. Pulse na conversa que desexe.
3. Toque e manteña premida a mensaxe que desexa eliminar e, a continuación, pulse **Eliminar mensaxe** > **Si**.

Para eliminar conversas

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , entón pulse **Mensaxería**.
2. Prema e logo pulse **Eliminar varias**.
3. Marque as caixas de verificación das conversas que desexa eliminar e, a continuación, pulse **Eliminar**.

Para gardar o número dun emisor nun contacto

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse **Mensaxería**.
2. Pulse nunha conversa.
3. Pulse o número do emisor na parte superior da pantalla.
4. Pulse .
5. Seleccione un contacto existente ou pulse se quere crear un novo.
6. Edite a información do contacto e pulse **Feito**.

Para chamar ao remitente dunha mensaxe

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse , e logo pulse **Mensaxería**.
2. Pulse nunha conversa.
3. Pulse o nome ou o número do destinatario na parte superior da pantalla.
4. Se o destinatario está gardado nos contactos, pulse o número de teléfono ao que quere chamar. Se non está gardado nos contactos, pulse .

Para gardar un ficheiro dunha mensaxe recibida

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón pulse **Mensaxería**.
2. Pulse na conversa que desexe.
3. Se aínda non descargou a mensaxe, pulse e manteña a mensaxe, e logo pulse **Descargar mensaxe**.
4. Toque e manteña premido o ficheiro que desexe gardar, a continuación seleccione a opción que desexe.

Opcións de mensaxes de texto e multimedia

Para cambiar os axustes das notificacións para as mensaxes

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , entón pulse **Mensaxería**.
2. Prema e logo pulse **Configuración**.
3. Se o desexa, pulse **Ton de notificación** e seleccione un son de notificación.
4. Se o desexa, pulse **Vibración de notificación** e marque a caixa de verificación para activar.

Para cambiar os axustes do aviso de entrega das mensaxes saíntes

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , entón pulse **Mensaxería**.
2. Prema e logo pulse **Configuración**.
3. Pulse **Aviso de entrega** para activar ou desactivar o aviso de entrega.

! Cando unha mensaxe está entregada ó destinatario, na mensaxe aparece .

Para ver mensaxes gardadas na tarxeta SIM

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , entón pulse **Mensaxería**.
2. Prema , a continuación, pulse **Configuración** > **Mensaxes SIM**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Correo electrónico

Use a aplicación **Correo electrónico** no seu teléfono para enviar e recibir correos electrónicos na súa conta de correo electrónico habitual ou a través da súa conta corporativa. Ou pode usar ámbalas dúas. O seu teléfono pode xestionar varias contas de correo electrónico ó mesmo tempo. Pode configurar estas contas para que se executen nunha caixa de entrada combinada ou en caixas de entrada separadas.

Gmail™ ten a súa propia aplicación, pero tamén pode combinarse nunha caixa de entrada con outras contas de correo electrónico.

As súas mensaxes do correo electrónico corporativo Microsoft® Outlook® deben estar almacenadas nun servidor Microsoft® Exchange para que funcione a funcionalidade descrita máis arriba. Consulte *Sincronización do seu correo electrónico corporativo, calendario e contactos* na páxina 56 para obter máis información.

Para configurar unha conta de correo no teléfono

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Correo electrónico**.
3. Insira o seu enderezo de correo electrónico e o contrasinal, despois pulse **Seguin.**.
4. Se non se poden descargar de xeito automático os axustes da conta de correo electrónico, complete a configuración de xeito manual.

Se precisa inserir os axustes manualmente, contacte co seu fornecedor de servizos para obter os axustes correctos para a conta de correo. Para o correo electrónico corporativo, seleccione **Exchange Active Sync** no tipo de conta.

Pode configurar máis dunha conta de correo electrónico. Consulte *Para engadir unha conta de correo adicional no seu teléfono* na páxina 44.

Utilizar o correo electrónico

Para crear e enviar un correo electrónico

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Correo electrónico**.
3. Se usa varias contas de correo, pulse na conta desde onde desexa enviar a mensaxe.
4. Pulse **Redactar**.
5. Pulse **Para** e comece a escribir o enderezo do destinatario. As coincidencias amósanse nunha lista dinámica. Pulse na coincidencia pertinente ou continúe a escribir o enderezo de correo electrónico completo. Para engadir máis destinatarios, insira unha coma (,) ou un punto e coma (;) e comece a escribir outro nome. Para eliminar un destinatario, pulse na tecla .
6. Pulse **Asunto** e insira o asunto do correo electrónico.
7. Na área da mensaxe, insira o texto da súa mensaxe.
8. Para anexar un ficheiro, pulse **Engadir ficheiro adxunto**. Seleccione o tipo de ficheiro, entón pulse no ficheiro que desexe anexar da lista que aparece.
9. Pulse **Enviar**.

Para recibir mensaxes de correo electrónico

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Correo electrónico**.
3. Se usa varias contas de correo electrónico, pulse na conta que desexe comprobar. Se desexa comprobar tódalas súas contas de correo electrónico ó mesmo tempo, pulse **Caixa de entr. combinada**.
4. Para descargar novas mensaxes, pulse , despois pulse **Actualizar**.

Nas contas corporativas axustadas en modo push, non é necesario actualizar a caixa de entrada. Cando o modo push estea activado, o seu teléfono actualízase de xeito automático cando recibe novos correos electrónicos.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para ler os seus correos electrónicos

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Correo electrónico**.
3. Se usa varias contas de correo electrónico, pulse na conta que desexe comprobar. Se desexa comprobar todas as súas contas de correo electrónico á vez, pulse **Caixa de entr. combinada**.
4. Na caixa de entrada do correo electrónico, desprácese cara a arriba ou cara a abaixo e pulse no correo electrónico que desexe ler.

Para previsualizar e ler correo electrónico usando o panel de previsualización

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Correo electrónico**.
3. Se usa varias contas de correo electrónico, pulse na conta que desexe comprobar. Se desexa comprobar todas as súas contas de correo electrónico á vez, pulse **Caixa de entr. combinada**.
4. Se está activado, aparece o panel de previsualización de correo electrónico.
5. Desprácese cara a arriba ou cara a abaixo na caixa de entrada do correo electrónico e pulse no correo electrónico que desexe ler. O correo electrónico ábrese no panel de previsualización.
6. Para ver o correo electrónico en formato de pantalla completa, arrastre a barra divisoria (situada entre a caixa de entrada e o panel de previsualización) segundo corresponda. En formato de pantalla completa, use as frechas cara a arriba e abaixo da parte superior da pantalla para ler as mensaxes anteriores ou seguintes.
7. Para volver á vista da caixa de entrada, arrastre a barra divisoria segundo corresponda.

Para cambiar os axustes do panel de previsualización

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , e entón localice e pulse **Correo electrónico**.
2. Prema , despois pulse **Panel de previsualización** e seleccione unha opción.

Para ver un ficheiro adxunto a unha mensaxe de correo electrónico

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Correo electrónico**.
3. Localice e pulse na mensaxe que desexe na súa caixa de entrada do correo electrónico.
4. Se é necesario, desprácese no panel de previsualización do correo electrónico para ver o ficheiro adxunto. Pulse **Abrir** ou **Gardar** a carón del.

Para gardar nos contactos o enderezo de correo electrónico dun emisor

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Correo electrónico**.
3. Localice e pulse na mensaxe que desexe na súa caixa de entrada do correo electrónico.
4. Pulse no nome do emisor na parte superior da pantalla.
5. Pulse **Aceptar** cando se lle pida para engadir o nome ós seus contactos.
6. Seleccione un contacto existente ou pulse **Crear novo contacto** se quere crear un novo.
7. Edite a información do contacto e pulse **Feito**.

Para responder a un correo electrónico

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Correo electrónico**.
3. Na súa caixa de entrada de correo electrónico, toque e manteña pulsada a mensaxe á que desexa responder.
4. Pulse **Responder** ou **Res. a todos**.
5. Insira a súa resposta, entón pulse **Enviar**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para reenviar un correo electrónico

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Correo electrónico**.
3. Na súa caixa de entrada de correo electrónico, toque e manteña pulsada a mensaxe que desexe reenviar.
4. Pulse **Reenviar**.
5. Pulse **Para**e insira o enderezo do destinatario.
6. Insira a súa mensaxe, entón pulse **Enviar**.

Para eliminar un correo electrónico

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Correo electrónico**.
3. Na súa caixa de entrada de correo electrónico, toque e manteña a mensaxe que desexe eliminar e, a continuación, pulse **Eliminar**.

Para cambiar a frecuencia de comprobación da caixa de entrada

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Correo electrónico**.
3. Se configurou máis dunha conta de correo electrónico, pulse na conta que desexe axustar.
4. Prema , despois pulse **Configuración da conta** > **Frec. comprob. caixa entr.** e seleccione unha opción.

Uso de contas de correo electrónico

Para engadir unha conta de correo adicional no seu teléfono

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Correo electrónico**.
3. Prema e logo pulse **Contas**.
4. Prema e logo pulse **Engadir conta**.
5. Insira o enderezo de correo electrónico e o contrasinal, despois pulse **Seguinte**. Se non se poden descargar de xeito automático os axustes da conta de correo electrónico, complete a configuración de xeito manual.

Se ten máis dunha conta de correo electrónico no seu teléfono, verá unha lista das súas contas cando abra a aplicación **Correo electrónico**. Simplemente pulse no nome da conta que desexe abrir.

Para axustar unha conta de correo electrónico como a súa conta predeterminada

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Correo electrónico**.
3. Pulse na conta que desexe usar como conta predeterminada para compoñer e enviar correos electrónicos.
4. Prema e logo pulse **Configuración da conta**.
5. Marque a caixa de verificación **Conta predeterminada**.

Se só ten unha conta de correo electrónico, entón esta conta convértese de xeito automático na conta predeterminada.

Para eliminar unha conta de correo do seu teléfono

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Correo electrónico**.
3. Se ten varias contas de correo electrónico no seu teléfono, vaia ó paso 4. Se só ten unha conta de correo electrónico, prema , entón pulse **Contas**.
4. Toque e manteña a conta que desexe eliminar, a continuación pulse **Eliminar conta** > **Aceptar**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Gmail™ e outros servizos de Google™

Se ten unha conta de Google™, pode usar a aplicación de Gmail™ no seu teléfono para ler, escribir e organizar mensaxes de correo electrónico. Despois de configurar a súa conta de Google™ para traballar con ela no seu teléfono, tamén pode falar cos amigos coa aplicación Google Talk™, sincronizar a aplicación de calendario do seu teléfono co seu Google Calendar™ e descargar aplicacións e xogos desde o Android Market™.

Para configurar unha conta de Google™ no seu teléfono

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Contas e sincronización** > **Engadir conta** > **Google**.
3. Siga as instrucións do asistente de rexistro para crear unha conta de Google™ ou inicie sesión se xa dispón dunha conta. Agora o teléfono está preparado para ser empregado con Gmail™, Google Talk™ e Google Calendar™.

Tamén pode iniciar a sesión ou crear unha conta de Google™ desde o asistente de configuración cando acende o seu teléfono por primeira vez. Ou tamén pode crear unha conta en liña en *www.google.com/accounts*.

Para abrir a Gmail™ aplicación

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Gmail™** .

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Google Talk™

Pode usar a aplicación de mensaxería instantánea de Google Talk™ no seu teléfono para conversar con amigos que usen tamén esta aplicación.

Para iniciar Google Talk™

1 Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2 Localice e pulse **Talk**.

Para responder a unha mensaxe instantánea con Talk

1 Cando alguén contacta con vostede en **Talk**, aparece na barra de estado.
2 Arrastre cara a abaixo a barra de estado, pulse a mensaxe e comece a conversar.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Sony Ericsson Timescape™

Sony Ericsson Timescape™ cambia a forma na que interactúa con outros reunindo tódalas súas comunicacións nunha soa vista. Cada evento (como mensaxes de texto e multimedia, chamadas perdidas e actualizacións de servizos web) aparece en forma de mosaico nunha liña cronolóxica na pantalla. Deste xeito, pode ver unha pequena vista previa dos eventos antes de decidir se desexa abrir e ver todo o contido. Tamén pode pulsar no botón infinito para ver diferente contido relacionado co elemento que está a ver nese intre en Timescape™.

! Non todas as redes ou fornecedores de servizos de todas as áreas admiten todas as funcións e servizos descritos neste capítulo, nin se admiten en tódolos países nin en tódalas rexións.

Para iniciar Timescape™

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™** .
3. A primeira vez que inicie Timescape, pode pulsar o mosaico da pantalla de benvida para iniciar a sesión na súa conta de **Facebook** ou de **Twitter**. Se non desexa iniciar a sesión, pulse **Feito**.

Vista principal de Timescape™



1	O seu estado nos servizos web que seleccionou
2	Mosaicos de Timescape™, na orde cronolóxica, co mosaico máis recente na parte superior
3	Filtro de eventos de Timescape™

Widget Timescape™

O widget de Timescape™ amosa os últimos eventos de Timescape™. Para poder acceder rapidamente, pode engadir o widget de Timescape™ á Pantalla de inicio. Consulte *Pantalla de inicio* na páxina 14.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Vista do widget Timescape™

1	Mosaico de Timescape™
2	Actualizar
3	Acceso directo á vista principal de Timescape
4	Pulsar para actualizar o seu estado

Os mosaicos do widget Timescape™ non se poden previsualizar.

Utilizar Timescape™

Para desprazarse por mosaicos en Timescape™

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Desprácese cara a arriba ou cara a abaixo polos mosaicos.

Para previsualizar un mosaico en Timescape™

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Desprácese ata o mosaico que desexa previsualizar e pulse nel.

Filtro de eventos de Timescape™

	Tódolos eventos
	Chamadas perdidas
	Mensaxes de texto e multimedia recibidas
	Actualizacións dos seus contactos de Twitter
	Actualizacións dos seus contactos de Facebook

Para filtrar os eventos que se amosan en Timescape™

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Pulse ou toque lixeiramente as iconas de filtros.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para actualizar a vista principal en Timescape™

- Cando o filtro de eventos de Timescape™ estea axustado para tódolos eventos, prema , despois pulse **Actualizar**.

Cando actualice a vista principal, o seu teléfono conéctase á Internet para actualizar información das contas de servizos web que ten ligadas a Timescape™.

Para iniciar sesión en Facebook™ ou Twitter™ desde Timescape™

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Prema , a continuación, pulse **Axustes** > **Configurar servizos**.
4. Pulse no servizo no que desexe iniciar sesión.
5. Insira a información de inicio de sesión.

Cando inicie a sesión nun servizo web, poderá actualizar o seu estado ou ver as actualizacións do servizo web en Timescape™.

Para actualizar o seu estado de Facebook™ ou Twitter™ en Timescape™

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Pulse > **Actualiz. estado**.
4. Pulse no servizo no que desexe actualizar o seu estado. Se non iniciou a sesión no servizo, necesitará facelo antes de continuar. Despois de seleccionar o servizo que desexe, pulse **Continuar**.
5. Pulse no campo de texto e insira o seu novo estado, entón pulse **Publicar**.

Para pechar a sesión en Facebook™ ou Twitter™ desde Timescape™

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Prema , a continuación, pulse **Axustes** > **Configurar servizos**.
4. Pulse no servizo no que desexe pechar a sesión.

A súa información de conta elimínase ó pechar a sesión.

Para ver un evento en Timescape™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Desprácese e pulse o mosaico do evento que desexe de xeito que apareza no modo previsualización. Despois pulse no mosaico de novo.

Para devolver unha chamada desde Timescape™ cando ten unha chamada perdida

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Pulse o mosaico que representa a chamada perdida, despois pulse este mosaico de novo.
4. Pulse **Devolver chamada**.

Para responder a unha mensaxe de texto ou multimedia en Timescape™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Desprácese ata o mosaico dunha mensaxe de texto ou multimedia e púlseo.
4. Edite a mensaxe e pulse **Env.**.

O botón infinito en Timescape™

Cando pulsa nun mosaico, o botón infinito aparece na esquina superior dereita. Se o mosaico está conectado a un contacto, pode acceder ó contido relacionado pulsando o botón infinito.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para ver todas as comunicacións mantidas cun contacto

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Pulse un mosaico dun evento relacionado a un contacto.
4. pulse . Aparecen tódalas comunicacións co contacto.
5. Pulse ou toque lixeiramente os elementos da parte inferior da pantalla para ver as comunicacións co contacto por outros medios.

Axustes de Timescape™

Para acceder ós axustes de Timescape™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Prema e logo pulse **Axustes**.

Para programar actualizacións de contido de servizos web en Timescape™

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Timescape™**.
3. Prema , a continuación, pulse **Axustes** > **Modo de actualización**.
4. Pulse a opción que desexe. Se selecciona **Manual**, non se programará ningunha actualización automática.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Procedementos iniciais en Android Market™

Abra Android Market™ e acceda a un mundo de aplicacións e xogos. Pode examinar as aplicacións e os xogos das diferentes categorías. Tamén pode clasificar unha aplicación ou un xogo e enviar un comentario ao respecto.

Para usar Android Market™, cómpre dispoñer dunha conta de Google™. Consulte *Para configurar unha conta de Google™ no seu teléfono* na páxina 45.

É posible que Android Market™ non estea dispoñible en tódolos países ou rexións.

Para abrir Android Market™

1. Desde a Pantalla de inicio pulse .
2. Localice e pulse **Market**.

Opcións de pago

Cando descarga aplicacións pagadas de Android Market™, a súa compra é xestionada a través de Google Checkout™. Nalgúns casos, é posible descargar versións de proba gratuítas das aplicacións a través de Android Market™, pero se desexa continuar usando a aplicación, a descarga e o pago da versión completa deberán efectuarse a través do sitio web do fabricante.

- **Google Checkout™** – Google Checkout™ é un servizo de procesamento de pago en liña. Este servizo ofrece, por exemplo, información acerca do historial de compras e proporciona protección contra fraudes de tarxetas de crédito xa que non fornece o seu número de tarxeta de crédito completo ao fornecedor. Pode usar a súa conta de Google™ para iniciar a sesión en Google Checkout™ desde o seu teléfono. Se non ten unha conta de Google Checkout™, pode crear unha nova conta desde o seu teléfono. O pago pode efectuarse mediante unha tarxeta de crédito, de débito ou de regalo. É posible que algúns fornecedores acepten tamén os pagos mediante a conta na que se carga a súa factura telefónica.

É posible que non se podan mercar aplicacións a través de Android Market™ en tódolos países ou rexións.

Descargas desde o Android Market™

Pode descargar calquera tipo de aplicación desde o Android Market™, mesmo aplicacións de balde. Se merca unha aplicación a través de Google Checkout™, esta aplicación estará ligada á súa conta de Google™ para que poda instalarse un número ilimitado de veces en calquera dispositivo.

Antes de descargar aplicacións

Antes de iniciar a descarga desde Android Market™, asegúrese de que ten unha conexión á Internet que funciona.

Lembre tamén que pode incurrir nun custo polo tráfico de datos ó descargar contido ó seu teléfono. Contacte co seu operador para obter máis información.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para descargar unha aplicación gratuíta

1. No Android Market™, localice un elemento que desexe descargar navegando polas categorías ou usando a función de procura.
2. Pulse o elemento para ver os seus detalles e siga as instrucións para completar a instalación.
3. Se a aplicación que quere descargar require acceso aos seus datos ou precisa controlar algunhas das funcións do seu teléfono, aparecerá unha pantalla adicional con detalles. Lea atentamente esta pantalla xa que a funcionalidade do seu teléfono podería verse afectada se continúa coa descarga. Pulse **Aceptar** se está de acordo ou **Cancelar** se desexa cancelar a descarga.

Para descargar unha aplicación de pago

1. No Android Market™, localice un elemento que desexe descargar navegando polas categorías ou usando a función de procura.
2. Pulse o elemento para ver os seus detalles e siga as instrucións que aparecen no teléfono para completar a compra.
3. Se a aplicación que quere descargar require acceso aos seus datos ou precisa controlar algunhas das funcións do seu teléfono, aparecerá unha pantalla adicional con detalles. Lea atentamente esta pantalla xa que a funcionalidade do seu teléfono podería verse afectada se continúa coa descarga. Pulse **Aceptar** se está de acordo ou **Cancelar** se desexa cancelar a descarga.

Para abrir unha aplicación descargada

1. No Android Market™, prema e, a continuación, pulse **My apps**.
2. Pulse a aplicación descargada.

Tamén pode acceder ás aplicacións descargadas desde a pantalla de aplicacións.

Borrar os datos da aplicación

É posible que en ocasións precise borrar os datos dunha aplicación. Este pode ser o caso se, por exemplo, a memoria da aplicación está chea ou se desexa borrar as puntuacións máximas dun xogo. Tamén é posible que desexe eliminar os correos electrónicos entrantes, as mensaxes de texto e multimedia dalgunhas aplicacións.

Para borrar toda a caché dunha aplicación

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración**.
3. Pulse **Aplicacións** > **Administrar aplicacións**.
4. Pulse a aplicación que desexe.
5. Pulse **Borrar caché**.

Non é posible borrar a caché dalgunhas aplicacións.

Para eliminar unha aplicación instalada

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración**.
3. Pulse **Aplicacións** > **Administrar aplicacións**.
4. Pulse a aplicación que desexe.
5. pulse **Desinstalar**.

Algunhas aplicacións preinstaladas non se poden eliminar.

Permisos

Algunhas aplicacións necesitan acceder a partes do seu teléfono para poder funcionar correctamente. Por exemplo, as aplicacións de navegación necesitan permisos para enviar e recibir tráfico de datos e acceder á súa localización. É posible que algunhas aplicacións non empreguen correctamente os seus permisos e rouben ou eliminen datos ou informen da súa localización. Asegúrese de instalar e outorgar permisos unicamente ás aplicacións nas que confíe.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para ver os permisos dunha aplicación

1 Na Pantalla de inicio, pulse .
2 Localice e pulse **Configuración**.
3 Pulse **Aplicacións** > **Administrar aplicacións**.
4 Pulse a aplicación que desexe.
5 Desprácese cara a abaixo para ver **Permisos**.

Permitir a instalación de aplicacións que non pertencen a Android Market™

A instalación de aplicacións de orixe descoñecida ou pouco fiable pode danar o seu teléfono. O teléfono está axustado de xeito predeterminado para bloquear devanditas aplicacións. Non obstante, pode cambiar este axuste para permitir instalacións desde orixes descoñecidas.

! Sony Ericsson non garante o funcionamento de aplicacións procedentes de terceiras partes nin do contido transferido ao seu teléfono mediante descarga ou outra interface. Así mesmo, Sony Ericsson non se fai responsable dos danos nin dunha diminución no rendemento do teléfono atribuíbles á transferencia de contidos de terceiras partes. Utilice unicamente contido de fontes fiables. Se ten calquera dúbida ou pregunta, póñase en contacto co fornecedor do contido.

Para permitir a instalación de aplicacións alleas a non-Android Market™

1 Desde a Pantalla de inicio pulse .
2 Localice e pulse **Configuración** > **Aplicacións**.
3 Marque a caixa de verificación **Fontes descoñecidas**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Servizo PlayNow™

Pode usar o servizo PlayNow™ para descargar aplicacións, xogos e música. O servizo PlayNow™ ofrece descargas de balde e de pago.

O servizo PlayNow™ non está dispoñible en tódolos países.

Antes de descargar contidos

Antes de efectuar descargas, asegúrese de dispoñer dunha conexión á Internet. Tamén é posible que precise dispoñer dunha tarxeta de memoria inserida no teléfono para descargar contidos como música, tons de chamada e temas.

Cando descargue contidos no seu teléfono, é posible que se lle apliquen tarifas en función da cantidade de datos transferidos. Póñase en contacto co seu operador para obter información acerca das tarifas de transferencia de datos do seu país.

Para iniciar PlayNow™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse .

Opcións de pago

Só existe un método para pagar as aplicacións e outros contidos que merque no servizo PlayNow™:

- **Facturación Wap**: pague usando a súa conexión móbil á Internet cando se atope no seu país. Non cómpre ser un usuario rexistrado para poder pagar mediante o método de facturación Wap. O pago deducirase da factura do seu fornecedor de telefonía móbil. Unha vez validada a compra, pode comezar a descargar o contido.

A dispoñibilidade das opcións de pago varía segundo os países e os fornecedores de servizo.

Descargar desde o servizo PlayNow™

Descargue diversos contidos para o seu teléfono desde o servizo PlayNow™. Seleccione entre unha variedade de aplicacións, xogos, música, tons de chamada e outros contidos.

Para descargar un elemento de PlayNow no seu teléfono

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Store**.
3. Localice un elemento que desexe descargar navegando polas categorías ou usando a función de procura.
4. Pulse o elemento para ver os seus detalles.
5. Faga clic en “Buy now!” (Mercar agora) para iniciar o proceso de compra. Unha vez validada a compra, pode comezar a descargar o contido.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Organización

Calendario

O teléfono ten un calendario para xestionar a planificación do seu tempo. Se dispón dunha conta Sony Ericsson ou Google™, tamén pode sincronizar o calendario do seu teléfono co seu calendario web. Consulte *Sincronización* na páxina 56.

Para axustar a vista do calendario

1 Desde a Pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse **Calendario**.
2 Prema e seleccione unha opción.

Para ver múltiples calendarios

1 Desde a Pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse **Calendario**.
2 Prema e, a continuación, pulse **Máis** > **Os meus calend.**.
3 Seleccione os calendarios que desexe ver.

Para crear un evento de calendario

1 Desde a Pantalla de inicio, pulse , e logo pulse **Calendario**.
2 Prema e logo pulse **Novo evento**.
3 Insira o nome, a hora, a localización e a descrición do evento.
4 Se o desexa, seleccione outra opción en **Repetición**.
5 Seleccione un recordatorio para o evento. Para engadir un novo recordatorio para o evento, pulse .
6 Pulse **Gardar**.

Ao achegarse a hora da cita, o teléfono reproduce un breve son para recordarllo. Ademais, aparece na barra de estado.

Para ver un evento de calendario

1 Desde a Pantalla de inicio, pulse , e logo pulse **Calendario**.
2 Pulse o evento que desexe ver.

Para cambiar os axustes do calendario

1 Desde a Pantalla de inicio, pulse , e logo pulse **Calendario**.
2 Prema e, a continuación, pulse **Máis** > **Configuración**.
3 Pulse para abrir o axuste que queira modificar e edíteo como desexe.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Sincronización

Pode sincronizar os seus contactos, correo electrónico, eventos de calendario e outra información co seu teléfono desde diversas contas de correo electrónico, servizos de sincronización e outros tipos de contas, dependendo das aplicacións instaladas no seu teléfono. Sincronizar o seu teléfono con outras fontes de información é un xeito sinxelo e práctico de manterse ao día.

Vostede pode:

- Localizar os seus contactos de Gmail™, Google Calendar™ e Google™.
- Localizar o seu correo electrónico, calendario e contactos corporativos.
- Sincronizar o seu teléfono cun servidor da Internet mediante SyncML™.
- Sincronizar, almacenar e xestionar os seus contactos no sitio web de Sony Ericsson e descargalos a un teléfono novo ou a varios teléfonos utilizando Sony Ericsson Sync.

Asegúrese de facer copias de seguridade de todo o que desexe gardar antes de sincronizar o seu teléfono.

Servizo de sincronización Google Sync™

Pode usar o servizo de sincronización Google Sync ™ para sincronizar o seu teléfono cos seus contactos de Gmail™, Google Calendar™ e Google™.

Para sincronizar coa súa conta Google™, cómpre que configure a conta no seu teléfono. Consulte *Para configurar a sincronización dunha conta Google™ no seu teléfono* na páxina 56.

Para configurar a sincronización dunha conta Google™ no seu teléfono

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**.
3. Asegúrese de que a caixa de verificación **Sincronización automática** está marcada.
4. Pulse **Engadir conta** > **Google**.
5. Siga as instrucións do asistente de rexistro para crear unha conta de Google™ ou inicie sesión se xa dispón dunha conta.
6. Pulse na súa recén creada conta de Google™ e pulse nos elementos que desexe sincronizar.

Para sincronizar de xeito manual coa súa conta Google™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**.
3. Pulse na conta Google™ que desexe sincronizar.
4. Prema e logo pulse **Sincronizar agora**.

Para eliminar unha conta de Google™ do seu teléfono

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**.
3. Pulse na conta de Google™ que desexe eliminar da lista de contas.
4. Pulse **Eliminar conta**.
5. Pulse **Eliminar conta** de novo para confirmar.

Pode eliminar tódalas súas contas de Google™ da lista de contas, excepto a primeira. Para eliminar a primeira conta, cómpre restablecer completamente o seu teléfono. Consulte *Restaurar o teléfono* na páxina 111.

Sincronización do seu correo electrónico corporativo, calendario e contactos

Acceda as súas mensaxes do correo electrónico corporativo, citas do calendario e contactos corporativos directamente desde o seu teléfono. Véxaas e xestióneas do mesmo

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

xeito que faría cun ordenador. Cando finalice os axustes, poderá localizar a súa información nas aplicacións **Correo electrónico**, **Calendario** e **Contactos**.

! Para poder acceder á funcionalidade arrriba descrita, a súa información corporativa debe estar almacenada nun servidor de Microsoft® Exchange.

Para configurar unha conta de correo, un calendario e contactos corporativos no seu teléfono

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**.
3. Asegúrese de que a caixa de verificación **Sincronización automática** está marcada.
4. Pulse **Engadir conta** > **Exchange Active Sync**.
5. Insira o seu enderezo de correo electrónico corporativo e o contrasinal.
6. Pulse **Seguin.**.
7. Siga os pasos para configurar a conta e seleccione a clase de datos que desexa sincronizar co teléfono; por exemplo, os contactos e o calendario. Se non se poden localizar de xeito automático os axustes da súa conta de correo electrónico, complete a configuración de xeito manual. Contacte co administrador da súa rede corporativa se necesita máis información.
8. Cando a configuración estea lista, insira o nome desta conta corporativa de xeito que se poida identificar facilmente. A continuación, pulse **Feito**.
9. Se se lle solicita, active o administrador de dispositivos para permitir que o seu servidor corporativo poida controlar determinadas características do seu teléfono. Os administradores de dispositivos do seu teléfono son normalmente o correo electrónico, o calendario ou outras aplicacións ás que lles outorga autorización para implantar directivas de seguridade no teléfono cando se conecta a servizos empresariais que requiren esa autorización.

Para editar a configuración do correo electrónico, calendario e contactos corporativos

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización** e seleccione a súa conta corporativa.
3. Pulse **Configuración da conta**.
4. Cambie os axustes para que se adapten ás súas necesidades. Por exemplo, pode decidir:
   - a frecuencia na que o teléfono debe comprobar se hai novas mensaxes de correo electrónico.
   - importar o calendario e contactos corporativos no seu teléfono.
   - os axustes do servidor en **Axustes entrantes**.

Para axustar un intervalo de sincronización para unha conta corporativa

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización** e seleccione a súa conta corporativa.
3. Pulse **Configuración da conta**.
4. Pulse **Frec. comprob. caixa entr.** e seleccione unha opción de intervalo.

Para eliminar unha conta corporativa do seu teléfono

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**, despois pulse na súa conta corporativa.
3. Pulse **Eliminar conta**.
4. Pulse **Eliminar conta** de novo para confirmar.

Sincronización e almacenamento dos seus contactos e calendario

Use Sony Ericsson Sync para sincronizar os seus contactos cunha páxina web de Sony Ericsson en *www.sonyericsson.com/user*.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Deste xeito, todos os seus contactos almacénanse nun mesmo lugar e pode transferilos facilmente a outros teléfonos. Así sempre terá unha copia de seguridade en liña. Cómpre ter unha conta de Sony Ericsson para que esta opción funcione.

Para configurar unha conta de Sony Ericsson no teléfono

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**.
3. Asegúrese de que a caixa de verificación **Sincronización automática** está marcada.
4. Pulse **Engadir conta** > **Sony Ericsson Sync**.
5. Inicie a sesión se xa ten unha conta de Sony Ericsson, ou rexístrese e siga as instrucións do asistente de rexistro para crear unha.
6. Pulse **Intervalo de sincroniz.** e seleccione a frecuencia coa que desexa que o teléfono se sincronice automaticamente.
7. Pulse **Feito**.

Para sincronizar manualmente usando Sony Ericsson Sync

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**, despois pulse na súa conta de Sony Ericsson.
3. Prema e logo pulse **Sincronizar agora**.

Para editar a súa conta Sony Ericsson

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**, despois pulse na súa conta de Sony Ericsson.
3. Marque ou desmarque as caixas de verificación dos elementos que desexe sincronizar.
4. Se precisa cambiar os axustes da súa conta, pulse **Configuración da conta**, edite a información que desexe e pulse **Feito**.

Para axustar un intervalo de sincronización

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**, despois pulse na súa conta de Sony Ericsson.
3. Pulse **Configuración da conta**.
4. Pulse **Intervalo de sincronización** e seleccione unha opción de intervalo que se adapte a vostede.

Para eliminar unha conta Sony Ericsson do seu teléfono

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Pulse **Configuración** > **Contas e sincronización**, despois pulse na súa conta de Sony Ericsson.
3. Pulse **Eliminar conta**.
4. Pulse **Eliminar conta** de novo para confirmar.

! A conta eliminouse do seu teléfono, pero aínda existe no servidor de Sony Ericsson. Pode usar os seus detalles da conta para iniciar a sesión no sitio web de Sony Ericsson en *www.sonyericsson.com/user*.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Conectar a redes sen fíos

Pode acceder á Internet sen fíos desde o seu teléfono mediante a tecnoloxía Wi-Fi™. Deste xeito, poderá navegar pola Internet e ter acceso a tarifas de transmisión de datos e de chamadas máis baratas.

Se a súa empresa ou organización dispón dunha rede privada virtual (VPN), poderá conectarse a ela mediante o teléfono. Deste xeito poderá, por exemplo, acceder ás Intranet e outros servizos internos da súa empresa.

Wi-Fi™

Mediante unha tecnoloxía Wi-Fi™ é posible acceder á Internet sen fíos mediante o teléfono. Para acceder á Internet utilizando unha conexión Wi-Fi™, primeiro debe procurar e conectarse a unha rede Wi-Fi™ dispoñible. A cobertura da rede Wi-Fi™ pode variar en función da localización do teléfono. Se se achega ao punto de acceso Wi-Fi™, é posible que aumente a cobertura.

Antes de usar Wi-Fi™

Para navegar pola Internet usando unha conexión Wi-Fi™, cómpre procurar e conectarse a unha rede Wi-Fi™ dispoñible e, a continuación, abrir o navegador da Internet. A cobertura da rede Wi-Fi™ pode variar en función da localización do teléfono. Achéguese máis ó punto de acceso Wi-Fi™ para aumentar a cobertura.

Para activar a Wi-Fi™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes**.
3. Marque a caixa de verificación **Wi-Fi**. O teléfono busca redes Wi-Fi™ dispoñibles.

! Poden transcorrer uns segundos ata que se active a Wi-Fi™.

Para conectarse a unha rede Wi-Fi™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración da conectividade Wi-Fi**.
3. As redes Wi-Fi™ dispoñibles amósanse en **Redes Wi-Fi**. As redes dispoñibles poden ser abertas ou estar protexidas. As redes abertas indícanse con e as redes protexidas indícanse con xunto ao nome de rede Wi-Fi™.
4. Pulse unha rede Wi-Fi™ para conectarse a ela. Se intenta conectarse a unha rede Wi-Fi™ protexida, pediráselle que insira un contrasinal. amósase na barra de estado unha vez que se conecte.

! O seu teléfono lembra redes Wi-Fi™ ás que se conecta. A vindeira ocasión que entre dentro do espazo de cobertura dunha rede Wi-Fi™ á que se conectou con anterioridade, o seu teléfono conectarase a ela automaticamente.

Nalgunhas localizacións, abrir as redes Wi-Fi™ require que inicie sesión nunha páxina web antes de que poida acceder á rede. Contacte co administrador de rede Wi-Fi™ correspondente para obter máis información.

Para conectarse a outra rede Wi-Fi™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración da conectividade Wi-Fi**. As redes Wi-Fi™ detectadas amósanse na sección **Redes Wi-Fi**.
3. Pulse outra rede Wi-Fi™ para conectarse a ela.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Estado da rede Wi-Fi™

Cando está conectado a unha rede Wi-Fi™ ou hai redes Wi-Fi™ dispoñibles preto de vostede, pode ver o estado desas redes Wi-Fi™. Tamén pode activar o teléfono para notificarlle cando detecte unha rede Wi-Fi™ aberta.

Para activar as notificacións de redes Wi-Fi®

1. Active o Wi-Fi®, se aínda non o está.
2. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
3. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración da conectividade Wi-Fi**.
4. Marque a caixa de verificación **Notificación de rede**.

Para buscar redes Wi-Fi™ manualmente

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración da conectividade Wi-Fi**.
3. Prema .
4. Pulse **Buscar** . O teléfono busca redes Wi-Fi™ e as amosa na sección **Redes Wi-Fi**.
5. Pulse unha rede Wi-Fi™ na lista para conectarse á rede.

Axustes avanzados de Wi-Fi™

Para poder engadir manualmente unha rede Wi-Fi™, debe activar os axustes de Wi-Fi™ no teléfono.

Para engadir unha rede Wi-Fi™ manualmente

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración da conectividade Wi-Fi**.
3. pulse **Engadir rede Wi-Fi**.
4. Introduza o **SSID da rede** da rede.
5. Pulse o campo **Seguridade** para seleccionar un tipo de seguridade.
6. Se é necesario, introduza un contrasinal.
7. pulse **Gardar**.

! Contacte co seu administrador de rede Wi-Fi™ para obter o nome de **SSID da rede** e o **Contrasinal para a conexión sen fíos**.

Para ver información detallada sobre unha rede Wi-Fi™ conectada

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración da conectividade Wi-Fi**.
3. Pulse a rede Wi-Fi™ á que estea conectado neste momento. Se amosa información detallada da rede.

Política de hibernación de Wi-Fi®

Ao engadir unha política de hibernación de Wi-Fi®, pode especificar cando cambiar de Wi-Fi a datos móbiles.

! Se non está conectado a unha rede Wi-Fi®, o teléfono usa a conexión de datos móbiles para acceder á Internet (se configurou e activou unha conexión de datos móbiles no teléfono).

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para engadir unha política de hibernación de Wi-Fi™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración da conectividade Wi-Fi**.
3. Prema .
4. Pulse **Avanzada** .
5. pulse **Política de suspensión de Wi-Fi**.
6. Seleccione a **Política de suspensión de Wi-Fi** que desexe empregar.

Utilizar un enderezo IP estático

Pode configurar o teléfono para conectarse a unha rede Wi-Fi™ utilizando un enderezo IP estático.

Para configurar un enderezo IP estático

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración da conectividade Wi-Fi**.
3. Prema .
4. Pulse **Avanzada** .
5. Marque a caixa de verificación **Usar IP estático**.
6. Pulse e insira a información necesaria para a súa rede Wi-Fi™:
   - **Enderezo IP**
   - **Pasarela**
   - **Máscara de rede**
   - **DNS 1**
   - **DNS 2**
7. Prema e pulse **Gardar**.

Dispositivos conectados

Permite compartir ficheiros multimedia do seu teléfono con outros dispositivos nunha conexión Wi-Fi® compartida. Cando o seu teléfono está conectado á súa rede doméstica a través do Wi-Fi® e ten activado o **Dispositivos conectados**, outros dispositivos clientes conectados á mesma rede doméstica poden acceder, ver e reproducir imaxes gardadas no seu teléfono. Un dispositivo cliente pode ser, por exemplo, un ordenador cun software de cliente, unha cámara, unha TV ou unha PlayStation® 3. Tódolos dispositivos deben ter o certificado DLNA™ (Digital Living Network Alliance).

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para usar Dispositivos conectados

1. Conecte o seu teléfono a unha rede Wi-Fi®.
2. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , entón localice e pulse **Dispositivos conectados**.
3. Pulse **Cambiar nome do servidor** e edite o nome do seu teléfono se é preciso. Este nome aparecerá no(s) dispositivo(s) do seu cliente máis tarde para identificar o seu teléfono.
4. Marque a caixa de verificación **Servidor multimedia**. aparece na barra de estado. O seu teléxono agora xa pode funcionar como un servidor multimedia.
5. Conecte o seu ordenador ou outros dispositivos do cliente á mesma rede Wi-Fi®.
6. Active o software do cliente instalado no seu ordenador. Localice e seleccione o seu teléfono como servidor.
7. Aparece unha notificación na barra de estado do teléfono. Pulse nela e estableza permisos de acceso.
8. Transfira e amose o contido do seu teléfono nos dispositivos clientes. Pode levar uns minutos amosar todo o contido nos dispositivos clientes se hai moitos ficheiros de fotos e música no teléfono.
9. Para minimizar o **Dispositivos conectados**, prema . O **Dispositivos conectados** continúa executándose nun segundo plano.
10. Para desconectar do servidor, vaia á vista do **Dispositivos conectados** no teléfono e desmarque a caixa de verificación **Servidor multimedia**.

! As instruccións recén descritas poden diferir segundo os dispositivos clientes. Consulte tamén a guía do usuario do dispositivo cliente. Se o dispositivo non pode conectar, comprobe que a súa rede doméstica estea funcionando.

Para cambiar o nome dun dispositivo cliente

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse , entón localice e pulse **Dispositivos conectados**.
2. Pulse **Lista de dispositivos cliente**.
3. Seleccione o dispositivo cliente conectado ó seu teléfono, entón seleccione **Cambiar nome**.
4. Insira un novo nome para o dispositivo cliente.

Para cambiar o nivel de acceso dun dispositivo cliente

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse , entón localice e pulse **Dispositivos conectados**.
2. Pulse **Lista de dispositivos cliente** e seleccione o dispositivo cliente conectado ó seu teléfono.
3. Pulse **Cambiar nivel de acceso** e seleccione unha opción.

Para obter máis información sobre Dispositivos conectados

- No **Dispositivos conectados**, pulse **Verbo de** para obter máis información sobre as iconas de notificación da barra de estado.

Compartir a conexión móbil de datos do seu teléfono

Pode compartir a conexión móbil de datos do seu teléfono cun ordenador usando un cable USB. Este proceso chámase unión por USB. Tamén pode compartir a conexión de datos do seu teléfono con ata oito dispositivos ó mesmo tempo se convirte o seu teléfono nun lugar de conexión Wi-Fi® portátil.

Cando o seu teléfono comparte a súa conexión de datos, poden aparecer as seguintes iconas na barra de estado ou no panel de notificacións:

	Unión por USB activa
	Lugar de conexión Wi-Fi® portátil activo
	Unión por USB e lugar de conexión portátil activos

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para compartir a conexión de datos do seu teléfono usando un cable USB

1. Use o cable USB fornecido co seu teléfono para conectar o seu teléfono a un ordenador.
2. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
3. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Ancoraxe e hotspot portátil**.
4. Marque a caixa de verificación **Ancoraxe do USB**. O teléfono comeza a compartir su conexión de datos da rede móbil co ordenador a través da conexión por USB. Aparece unha notificación continua na barra de estado e no panel de notificacións.
5. Desmarque a caixa de verificación **Ancoraxe do USB**, ou desconecte o cable USB para deixar de compartir a súa conexión de datos.

Non pode compartir a conexión de datos do seu teléfono e tarxeta SD cun cable USB ó mesmo tempo. Se está usando unha conexión USB para facer dispoñible a tarxeta SD para o seu ordenador, debe desactivar esta conexión antes de comezar a compartir a conexión de datos do seu teléfono. Consulte *Conectar o teléfono a un ordenador* na páxina 95.

É posible que teña que preparar o seu ordenador para establecer una conexión de rede a través do cable USB. Vaia a android.com/tether para obter a información máis actual sobre que sistemas operativos soporta a unión por USB e como configuralos.

Para compartir a conexión de datos do seu teléfono como lugar de conexión Wi-Fi® portátil

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Ancoraxe e hotspot portátil**.
3. Marque a caixa de verificación **Lug. conex. Wi-Fi port.**. O teléfono comeza transmitindo o seu nome de rede Wi-Fi® (SSID). Agora pode conectarse a esta rede con ata 8 ordenadores ou outros dispositivos.
4. Desmarque a caixa de verificación **Lug. conex. Wi-Fi port.** cando desexe deixar de compartir a súa conexión de datos a través do Wi-Fi®.

Para renomear ou fixar o seu lugar de conexión portátil

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Ancoraxe e hotspot portátil**.
3. Asegúrese de que a caixa de verificación **Lug. conex. Wi-Fi port.** está marcada.
4. Pulse **Axustes de lugar de conexión Wi-Fi portátil** > **Config. lug. conex. Wi-Fi**.
5. Introduza o **SSID da rede** da rede.
6. Pulse o campo **Seguridade** para seleccionar un tipo de seguridade.
7. Se é necesario, introduza un contrasinal.
8. Pulse **Gardar**.

Redes privadas virtuais (VPN)

Utilice o seu teléfono para conectarse a redes privadas virtuais (VPN), que lle permiten acceder a recursos situados dentro dunha rede local protexida dende fóra da rede real. Por exemplo, as sociedades anónimas e as institucións educativas utilizan comunmente conexións VPN para usuarios que teñen que acceder a intranets e outros servizos internos cando están fóra da rede interna, por exemplo, cando están a viaxar.

As conexións VPN poden configurarse de moitos xeitos, dependendo da rede. É posible que algunhas redes requiran que transfira e instale un certificado de seguridade no seu teléfono. Consulte *Conectar o teléfono a un ordenador* na páxina 95 para obter máis información sobre como transferir contido ao seu teléfono. Para obter información detallada sobre como configurar unha conexión á súa rede privada virtual, contacte co administrador de rede da súa compañía ou organización.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para engadir unha rede privada virtual

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración de VPN**.
3. pulse **Engadir VPN**.
4. Seleccione o tipo de VPN que desexa engadir.
5. Introduza os axustes do seu VPN.
6. Prema e pulse **Gardar**.

Para conectarse a unha rede privada virtual

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración de VPN**.
3. Na lista de redes dispoñibles, pulse a VPN á que desexe conectarse.
4. Insira a información que precisa.
5. pulse **Conectar**.

Para desconectarse dunha rede privada virtual

1. Arrastre a barra de estado cara a abaixo.
2. Pulse a notificación da conexión VPN para desactivala.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Navegador web

Use o seu navegador web para ver e navegar polas páxinas web, engadir páxinas como marcadores e crear accesos directos á súa pantalla de inicio. Pode abrir varias ventás do navegador ao mesmo tempo e usar a función de zoom mentres navega por unha páxina web.

Para abrir o navegador web

1 Na Pantalla de inicio, pulse .
2 Localice e pulse **Navegador** .

Barra de ferramentas

As opcións da barra de ferramentas facilitan a navegación:

	Para abrir unha nova ventá do navegador
	Para engadir, abrir ou editar un marcador. Vexa as súas páxinas máis visitadas ou abra páxinas web desde o historial de navegación.
	Para ver as ventás abertas
	Para actualizar a páxina web actual
	Para avanzar unha páxina no historial de navegación
	Para abrir un menú e ver máis opcións

Para abrir a barra de ferramentas

- No navegador, prema .

Navegar pola Internet

Barra de procura e enderezos

Use a barra de procura e enderezos para navegar pola web:

1 Vexa o progreso da descarga da páxina web actual

2 Insira unha palabra de procura para procurar unha páxina web, ou insira un enderezo de páxina web para cargar unha páxina web

3 Cancele a descarga da páxina web actual

Cando finalice a descarga dunha páxina, pode engadila ós marcadores pulsando a icona do marcador situada ó lado da barra de procura e enderezos.

Para dirixirse a unha páxina web

1 No seu navegador, pulse no campo de texto da procura e na barra de enderezos para activar o teclado.
2 Insira un enderezo web.
3 Pulse .

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para procurar unha páxina web

1. Pulse o campo de texto de procura e enderezos para activar o teclado numérico.
2. Insira unha palabra de procura.
3. Pulse →.

Para saír do navegador web

- Mentres navega, prema ⌂.

Cando volva abrir o navegador web, aparecerá exactamente como estaba antes de saír, é dicir, coa mesma cantidade de ventás, a mesma posición e os mesmos niveis de zoom.

Navegar por páxinas web

Para seleccionar unha ligazón

- Para seleccionar unha ligazón nunha páxina web, pulse a ligazón. A ligazón seleccionada destácase en laranxa e a páxina web cárgase cando solta o seu dedo.

Se selecciona unha ligazón por erro antes de soltar o seu dedo, pode deseleccionala arrastrando o seu dedo fóra ata que a ligazón xa non estea destacada.

Para dirixirse á páxina anterior durante a navegación

- Prema ↩.

Para ampliar ou reducir a imaxe nunha páxina web

Use un dos seguintes métodos para aumentar ou reducir o zoom nunha páxina web:

- Toque unha área da páxina con dous dedos á vez e xúnteos para reducir, ou sepáreos para ampliar.
- Desprace o dedo sobre a pantalla para amosar o control do zoom. Pulse a icona + para aumentar o zoom, ou pulse − para reducir o zoom.
- Pulse dúas veces para ampliar a imaxe na páxina web ou pulse dúas veces de novo para reducila.

Para volver cargar a páxina web actual

1. Prema ☰.
2. Pulse **Actualizar**

Para engadir un acceso directo dunha páxina web á pantalla de inicio

1. Cando vexa unha páxina web, prema ☰.
2. Pulse **Favoritos** > **Engad.**.
3. Se o desexa, pode editar o nome e o enderezo web. Pulse **Acept.**.
4. Pulse e manteña o marcador para abrir un menú.
5. Pulse **Eng. acceso directo ao Inicio**.

Para compartir unha ligazón á páxina web actual

1. Mentres navega, prema ☰.
2. Pulse **Máis** > **Compartir páxina**.
3. Seleccione un método de transferencia dispoñible e siga as instrucións en pantalla.

Xestionar marcadores

Cos marcadores pode acceder con rapidez ás súas páxinas web favoritas e ás visitadas con frecuencia. Dependendo do seu operador de rede, algúns marcadores poden estar preinstalados no teléfono.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para marcar unha páxina web

1. Mentres visualiza unha páxina web, prema .
2. Pulse **Favoritos** > **Engad.**.
3. Se o desexa, pode editar o nome e o enderezo web.
4. Cando remate, pulse **Acept.**.

Para marcar rapidamente unha páxina web también pode pulsar a icona cara á dereita do campo de procura e enderezos.

Para abrir un marcador

1. Desde a pantalla **Navegador** prema .
2. pulse **Favoritos**.
3. Pulse o contacto que desexe abrir.

Para editar un marcador

1. Desde a pantalla **Navegador** prema .
2. Pulse **Favoritos**.
3. Toque e manteña un marcador para abrir un menú.
4. Pulse **Editar favorito**.
5. Edite o nome e o enderezo web como desexe.
6. Pulse **Acept.**.

Para eliminar un marcador

1. Desde a pantalla **Navegador** prema .
2. Pulse **Favoritos**.
3. Toque e manteña un marcador para abrir un menú.
4. Pulse **Eliminar favorito** para eliminar o marcador seleccionado.

Para marcar unha páxina web previamente visitada

1. Desde a pantalla **Navegador** prema .
2. Pulse **Favoritos**.
3. Pulse a ficha **Historial**, ou a ficha **Máis visitados**, para ver unha lista das páxinas web visitadas con anterioridade.
4. Pulse a icona cara á dereita da páxina web que desexa engadir como marcador.

Manexo de texto e imaxes

Para encontrar texto nunha páxina web

1. Cando visualice unha páxina web, prema .
2. Pulse **Máis** > **Buscar na páxina**.
3. Insira o seu texto de procura. Os caracteres que coincidan aparecen marcados en verde.
4. Pulse a frecha esquerda ou dereita para dirixirse ó elemento coincidente anterior ou seguinte.
5. Prema para cerrar a barra de procura.

Para copiar texto dunha páxina web

1. Localice o texto que desexa copiar.
2. Prema .
3. Pulse **Máis** > **Seleccionar texto**.
4. Coloque o dedo ao inicio do texto que quere seleccionar e logo arrástreo ata o punto final desexado. O texto seleccionado destácase en cor rosa.
5. Pulse o texto seleccionado para copialo.
6. Para pegar texto nun correo electrónico ou nunha mensaxe de texto ou multimedia, toque e manteña o campo de texto da aplicación pertinente e pulse **Pegar** no menú que aparece.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para gardar unha imaxe

1. Toque e manteña a imaxe que desexe ata que apareza un menú.
2. Pulse **Gardar imaxe**.

Ventás múltiples

O seu navegador pode executarse en ata oito ventás diferentes ao mesmo tempo. Deste xeito pode, por exemplo, iniciar sesión no seu correo web nunha ventá e ler as novas de hoxe noutra. Pode cambiar facilmente dunha ventá a outra.

Para abrir unha nova ventá do navegador

1. Desde a pantalla **Navegador** prema .
2. pulse **Nova ventá**.

Para abrir unha ligazón nunha xanela nova do navegador

1. Toque e manteña unha ligazón ata que apareza un menú.
2. Pulse **Abrir nunha nova ventá**.

Para cambiar entre ventás do navegador

1. Desde a pantalla **Navegador** prema .
2. Pulse **Ventás** para ver unha lista de tódalas xanelas abertas.
3. Pulse a ventá á que desexe cambiar.

Descargar desde a Internet

É posible descargar aplicacións e contidos mentres navega pola Internet mediante o navegador web do teléfono. Normalmente, terá que tocar unha ligazón de descarga para o ficheiro desexado e a descarga iniciarase automaticamente.

Para ver os seus ficheiros descargados

1. Desde a pantalla **Navegador** prema .
2. Pulse **Máis** > **Descargas**.

Para cancelar unha descarga en curso

1. Desde a pantalla **Navegador** prema .
2. Pulse **Máis** > **Descargas**.
3. Marque a caixa de verificación do ficheiro que se está a descargar.
4. Pulse **Eliminar**.

Axustes do navegador

Para cambiar os axustes do seu navegador

1. Desde a pantalla **Navegador** prema .
2. Pulse **Máis** > **Axustes**.

Axustar automaticamente páxinas web

A opción axuste automático fai que sexa máis sinxelo ler sitios web grandes con texto e imaxes, como os sitios de noticias. Por exemplo, se amplía o zoom nunha páxina web cando o axuste automático estea activado, o texto axústase de xeito automático ó novo tamaño da pantalla. Se o axuste automático está desactivado, cómpre desprazarse cara ós lados para ler unha frase completa.

Para axustar axustar automaticamente as páxinas web

1. Desde a pantalla **Navegador** prema .
2. Pulse **Máis** > **Axustes** > **Autoencaixe de páxinas**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Música

Obteña o máximo proveito do seu reprodutor de música. Escoite e organice a música, os audiolibros e os podcasts transferidos á súa tarxeta de memoria desde un ordenador, ou mercados e descargados desde tendas en liña.

Instale a aplicación Media Go™ no seu ordenador e transfira contidos entre a tarxeta de memoria do teléfono e o ordenador. Pode descargar Media Go™ desde *www.sonyericsson.com/support*. Para obter máis información, consulte *Conectar o teléfono a un ordenador* na páxina 95.

Copiar ficheiros multimedia na súa tarxeta de memoria

Copie todo o seu contido multimedia favorino desde o ordenador ó seu teléfono e comece a usar ó máximo as características de entretemento do seu teléfono. Pode transferir de xeito sinxelo música, fotos, vídeos e outros ficheiros. Simplemente conecte o seu teléfono a un ordenador cun clable USB e use un dos seguintes métodos:

- Use a aplicación do administrador de ficheiros, por exemplo, o Explorador de Windows. Consulte *Para arrastrar e soltar contido entre o teléfono e o ordenador usando o cable USB* na páxina 95
- Use a aplicación do ordenador Media Go™. Consulte *Media Go™* na páxina 97

Consulte *Conectar o teléfono a un ordenador* na páxina 95 para obter máis información xeral sobre como conectar o seu teléfono e transferir ficheiros.

Utilizar o reprodutor de música

Para reproducir contido de son

1. Desde a súa pantalla Pantalla de inicio, pulse . Se non aparece na súa Pantalla de inicio, pulse , a continuación localice e pulse .
2. Pulse .
3. Pulse para amosar o son por intérprete. Pulse para navegar por álbums. Pulse para usar listas de reprodución. Pulse para amosar o son por pista.
4. Desprácese cara arriba ou abaixo e escolla unha pista.
5. Pulse unha pista para reproducila.

Descrición xeral do reprodutor de música

1	Permite examinar a música almacenada na súa tarxeta de memoria
2	Botón Infinito: permite buscar material relacionado en liña
3	Portada (se está dispoñible)
4	Permite ir á pista anterior na cola de reprodución actual ou rebobinar

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

5	Botón de reprodución/pausa
6	Indicador de progreso: permite avanzar rápido ou rebobinar arrastrando ou pulsando
7	Tempo transcorrido da pista actual
8	Permite ir á pista seguinte na cola de reprodución actual ou avanzar rápido
9	Ver a cola de reprodución actual

Para cambiar de pista

- No reprodutor de música pulse ou .

Para facer unha pausa nunha pista

- No reprodutor de música, pulse .

Para avanzar rápido e rebobinar música

- No reprodutor de música toque e manteña premido ou .

Tamén pode arrastrar o marcador do indicador de progreso cara á dereita ou á esquerda.

Para axustar o volume do son

- No reprodutor de música, prema a tecla de volume.

Para mellorar o son co ecualizador

1. No reprodutor de música, prema .
2. Pulse **Ecualizador**.
3. Seleccione un estilo de música.

Para ver unha cola de reprodución actual

- No reprodutor de música pulse .

Para minimizar o reprodutor de música

- No reprodutor de música, prema para cambiar a pantalla, ou prema para ir a Pantalla de inicio. Agora xa é libre para usar outras aplicacións mentres o reprodutor de música se reproduce de fondo.

Para volver ó reprodutor de música cando está funcionando en segundo plano

1. Arrastre cara a abaixo a barra de estado para abrir o panel de notificacións.
2. Pulse o título da pista para abrir o reprodutor de música.

Se empregou o reprodutor de música recentemente, tamén pode manter premido e logo pulsar para abrilo.

Para eliminar unha pista

1. Cando navegue polas pistas na biblioteca do reprodutor de música, toque e manteña premido un título de pista.
2. Pulse **Eliminar**.

Tamén pode eliminar álbums deste xeito.

Para eliminar unha ou máis pistas ó mesmo tempo

1. No reprodutor de música pulse .
2. Prema .
3. Pulse **Eliminar varios**.
4. Pulse unha ou varias pistas para eliminalas.
5. Pulse **Eliminar**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para compartir unha pista

1. Cando navegue polas pistas na biblioteca do reprodutor de música, toque e manteña premido un título de pista.
2. pulse **Env.**.
3. Seleccione un método de transferencia dispoñible e siga as instrucións en pantalla.

Tamén pode compartir álbums e listas de reprodución deste xeito.

É posible que non poida copiar, enviar ou transferir elementos protexidos mediante dereitos de autor.

Para compartir unha ou máis pistas ó mesmo tempo

1. Mentres navega polos seus vídeos na biblioteca do reprodutor de vídeo, prema .
2. pulse **Enviar varios**.
3. Pulse nunha ou en varias pistas que desexe compartir.
4. pulse **Env.**.
5. Seleccione un método de transferencia dispoñible e siga as instrucións en pantalla.

É posible que non poida copiar, enviar ou transferir elementos protexidos mediante dereitos de autor.

Reproducir música en orde aleatoria

Pode reproducir as pistas das listas de reprodución en orde aleatoria. Unha lista de reprodución pode ser, por exemplo, unha lista de reprodución creada por vostede ou un álbum.

Para reproducir pistas en orde aleatoria

1. No reprodutor de música pulse .
2. Pulse e navegue por un álbum, ou pulse e navegue por unha lista de reprodución.
3. Abra o álbum ou lista de reprodución pulsando o seu nome.
4. Pulse .

Tamén pode pulsar e mesturar tódalas pistas na lista.

Listas de reprodución

O reprodutor de música crea de xeito automático **Listas reproduc. intelixente** na ficha de listas de reprodución da biblioteca do reprodutor de música. O reprodutor de música tamén crea unha lista de reprodución (chamada **As máis reproducidas**) das cancións máis reproducidas de cada intérprete na biblioteca de son. Pode crear as súas propias listas de reprodución coa música almacenada na súa tarxeta de memoria.

Ademais, pode copiar listas de reprodución desde un ordenador á tarxeta de memoria se ten instalada a aplicación Media Go™ no seu ordenador. Cando coloque e conecte o seu teléfono ao ordenador usando un cable USB, a súa tarxeta de memoria aparece na aplicación Media Go™ no seu ordenador. Para obter máis información, consulte *Conectar o teléfono a un ordenador* na páxina 95.

Para reproducir listas de reprodución intelixentes

1. No reprodutor de música, pulse .
2. Pulse .
3. En **Listas reproduc. intelixente** pulse unha lista de reprodución.
4. Pulse sobre unha pista para reproducila.

Para reproducir as cancións máis escoitadas dun intérprete

1. No reprodutor de música pulse .
2. Pulse e pulse un intérprete.
3. Pulse **Pistas máis reproducid.**. Amósanse ata dez pistas do intérprete.
4. Pulse unha pista para reproducila.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para crear as súas propias listas de reprodución

1. No reprodutor de música pulse .
2. Para engadir un intérprete, álbum ou unha pista á lista de reprodución, toque e manteña o nome do artista ou o título do álbum ou da pista para abrir un menú.
3. Pulse **Engadir á lista de reprodución** > **Crear nova lista de reprod.**.
4. Insira un nome para a lista de reprodución e pulse **Acept.**. Agora xa ten creada unha lista de reprodución e engadiu un intérprete, un álbum ou unha pista á devantita lista de reprodución. Vexa as súas listas de reprodución ó pulsar na biblioteca do reprodutor de música.

Para engadir pistas a unha lista de reprodución

1. Cando navegue pola biblioteca do reprodutor de música, toque e manteña o nome do artista ou o título do álbum ou a pista que desexe engadir.
2. Pulse **Engadir á lista de reprod.**.
3. Pulse no nome da lista de reprodución á que desexa engadir o artista, álbum ou pista. O artista, álbum ou pista engádese á lista de reprodución.

Para reproducir as súas propias listas de reprodución

1. No reprodutor de música pulse .
2. Pulse .
3. Pulse nunha lista de reprodución.
4. Pulse unha pista para reproducila.

Para eliminar unha pista dunha lista de reprodución

1. Nunha lista de reprodución, toque e manteña premido o título da pista que desexe eliminar.
2. Pulse **Eliminar da lista de reprod.**.

Para eliminar unha lista de reprodución

1. No reprodutor de música, pulse e logo seleccione **Listas de reprodución**.
2. Toque e manteña a lista de reprodución que desexe eliminar.
3. Pulse **Eliminar**.
4. Pulse **Eliminar** de novo para confirmar.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

tecnoloxía TrackID™

Use o servizo de recoñecemento de música TrackID™ para identificar unha pista de música cando a escoite ó redor seu. Só grave unha curta mostra da canción e obterá información do intérprete, o título e o álbum nuns segundos. Tamén pode mercar pistas identificadas por TrackID™. Para obter os mellores resultados, utilice a tecnoloxía TrackID™ nunha zona silenciosa. Se ten problemas ó usar esta aplicación, consulte *Non podo utilizar os servizos baseados na Internet* na páxina 112.

! Non todas as redes ou fornecedores de servizos de tódalas áreas admiten a aplicación TrackID™ e o servizo TrackID™, nin se admiten en tódolos países nin en tódalas rexións.

Para abrir a aplicación TrackID™

1 Na Pantalla de inicio, pulse .
2 Localice e pulse **TrackID™** .

Para procurar información sobre unha pista

1 Cando a aplicación **TrackID™** está aberta, suxeite o teléfono cara á fonte de música.
2 Pulse **Gravar**. Os resultados amosaranse como información da pista na pantalla de resultados.
3 Para volver á pantalla de inicio **TrackID™**, prema .

Para ver os éxitos en TrackID™

1 Cando a aplicación **TrackID™** estea aberta, pulse na ficha **Listas éxitos**. A primeira vez que vexa un éxito, está axustado á súa propia rexión.
2 Para ver éxitos das procuras máis populares noutras rexións, pulse > **Rexións**.
3 Seleccione un país ou rexión.

Utilizar resultados da tecnoloxía TrackID™

A información das pistas aparece despois de que unha procura de TrackID™ recoñeza unha pista. Pode mercar a pista, recomendala en Facebook, buscar contido relacionado en YouTube™ ou obter máis información sobre o artista da canción.

Para mercar unha pista utilizando a tecnoloxía TrackID™

1 Cando a aplicación **TrackID™** estea aberta, pulse no mosaico dunha pista.
2 Na pantalla de información da pista, pulse **Descargar**.
3 Siga as instruccións no seu teléfono para completar a súa compra.

! É posible que non todas as redes ou fornecedores de servizos de todas as áreas admitan a función de compra de pistas ou que non se admita en todos os países ou rexións.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Radio FM

Pode buscar e escoitar emisoras de radio FM e gardalas como favoritas. Pode escoitar a radio mediante un dispositivo de mans libres ou auriculares portátiles, ou ben a través do altofalante do teléfono. Debe conectar un dispositivo de mans libres ou auriculares portátiles, xa que serven como antena da radio FM. Ao abrir a radio FM aparecen automaticamente as canles dispoñibles. Se unha canle ten información RDS, esta aparece uns segundos despois de empezar a escoitar a radio.

Para iniciar a radio FM

1. Conecte un mans libres portátil ou un xogo de auriculares ó seu teléfono.
2. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
3. Localice e pulse **Radio FM** . As emisoras dispoñibles aparecen segundo avanza pola banda de frecuencia.

! Debe conectar un dispositivo mans libres ou uns auriculares portátiles, que funcionan como antena.

Descrición xeral da radio FM



1	Subir ata o seguinte favorito (dispoñible cando hai favoritos gardados)
2	A frecuencia sintonizada
3	Agregar ou quitar a unha emisora a marca de favorita
4	Baixar ata o seguinte favorito (dispoñible cando hai favoritos gardados)
5	Unha emisora agregada como favorita
6	Tecla de acender/apagar a radio
7	Información RDS (Radio Data System, Sistema de Datos de Radio) – non está dispoñible en todos os países nin en todas as rexións
8	Entrar na aplicación TrackID™

Desprazarse entre emisoras de radio

Pode desprazarse entre emisoras de radio nunha banda de frecuencia das seguintes formas:

- Tocando lixeiramente cara arriba e abaixo.
- Arrastrando.
- Pulsando unha emisora ou, se está dispoñible, a información RDS (identificación da emisora).

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Uso das súas emisoras de radio favoritas

Pode gardar como favoritas as emisoras que escoita con maior frecuencia. Utilizando as emisoras favoritas pode volver rapidamente a unha emisora.

Para gardar unha emisora entre os favoritos

1. Cando estea aberta a radio, desprácese ata a emisora que desexa gardar entre os favoritos.
2. Pulse .

Para eliminar unha emisora dos favoritos

1. Cando estea aberta a radio, desprácese ata a emisora que desexa eliminar dos favoritos.
2. Pulse .

Para desprazarse entre as emisoras favoritas

- Cando a radio estea aberta, pulse ou .

Para desprazarse entre os seus favoritos, debe gardar como mínimo dúas emisoras como favoritas.

Facer unha nova procura de emisoras de radio

Se se moveu a unha nova localización ou mellorou a recepción na súa localización actual, pode iniciar unha nova busca de emisoras de radio.

A nova procura non afectará aos favoritos que teña gardados.

Para iniciar unha nova procura de canles de radio

1. Cando a radio estea aberta, prema .
2. Pulse **Procurar canles**. A radio buscará en toda a banda de frecuencia e amosaranse tódalas canles dispoñibles.

Cambiar entre o altofalante e o mans libres

Pode escoitar a radio mediante un dispositivo de mans libres ou auriculares portátiles, ou ben a través do altofalante do teléfono.

Para cambiar entre o altofalante e o mans libres

1. Cando a radio estea aberta, prema .
2. Pulse **Reprod. en altofalante**.
3. Para reproducir de novo o son a través do mans libres ou auriculares portátiles, prema e pulse **Reprod. en mans libres**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Facer fotos e gravar vídeos

Tire unha foto ou grave un vídeo coa cámara do seu teléfono. Pode suxeitar a cámara de xeito horizontal ou vertical. As fotos e os vídeos se gardan de xeito automático na tarxeta de memoria. Comparta unha foto ou un vídeo con amigos, ou cargue as súas fotos e os seus vídeos nun servizo web.

Controis da cámara



1	Tecla da cámara. Permite activar a cámara/tirar fotos/gravar vídeos.
2	Amosar tódolos axustes
3	Retroceder un paso ou saír da cámara
4	Ver fotos e vídeos (cámara fixa)
5	Ver fotos e vídeos (videocámara)
6	Activar a función de vídeo
7	Barra de axustes (videocámara)
8	Barra de axustes (cámara fixa)
9	Ampliar ou reducir co zoom
10	Pantalla da cámara principal
11	Activar a función da cámara fixa

Para activar a cámara

- Pulse e manteña pulsada a tecla da cámara.

Para pechar a cámara

- Prema .

Utilizar a cámara fixa

Para tirar unha foto usando a tecla da cámara

1. Desde a pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Se non está seleccionada a cámara fixa, pulse .
3. Prema parcialmente a tecla da cámara para activar o enfoque automático.
4. Cando o marco ou marcos de enfoque estean en verde, prema a tecla da cámara totalmente.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para tirar unha foto pulsando a pantalla

1. Desde a pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Se non está seleccionada a cámara fixa, pulse .
3. Para ver todos os axustes, prema .
4. Pulse **Captura táctil** e seleccione **Activado** se aínda non está seleccionado.
5. Pulse o punto da pantalla onde desexa que se centre o enfoque. A foto tírase en canto levanta o dedo.

! Preste atención para non tocar , ou outras iconas cando pulse a pantalla para tirar unha foto.

Para usar a función de zoom

- Coa cámara aberta, prema a tecla de volume cara a arriba ou cara a abaixo para aumentar ou reducir o zoom.

Para utilizar o flash da cámara fixa

1. Coa cámara aberta, prema .
2. Pulse **Flash** e seleccione o axuste do flash que desexe.
3. Tire a foto.

Para ver as súas fotos

1. Coa cámara aberta, arrastre a barra de miniaturas cara á esquerda. A barra de miniaturas está situada á dereita da pantalla.
2. Toque lixeiramente cara á esquerda ou cara á dereita para examinar as fotos e os vídeos. Os vídeos identifícanse con .
3. Pulse na foto que desexe ver.
4. Toque lixeiramente cara a arriba ou cara a abaixo para examinar outras fotos e vídeos.

Para eliminar unha foto

1. Coa cámara aberta, arrastre a barra de miniaturas cara á esquerda para amosar todas as fotos e vídeos. A barra de miniaturas está situada no lado dereito da pantalla.
2. Pulse na foto que desexe eliminar.
3. Prema e logo pulse .

Detección de caras

Pode usar a detección de caras para enfocar unha cara descentrada. A cámara detecta de xeito automático ata cinco caras, indicadas con marcos brancos. Un marco amarelo amosa que cara vaise enfocar. O enfoque axústase á cara que está máis preto da cámara. Tamén pode pulsar un dos marcos para seleccionar que cara desexa enfocar.

Para axustar a detección de caras

1. Desde a pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Se non está seleccionada a cámara fixa, pulse .
3. Para ver todos os axustes, prema .
4. Pulse **Modo de captura** > **Normal**.
5. Pulse **Modo de enfoque** > **Detección de caras**.

Para tirar unha foto usando a detección de caras

1. Coa cámara aberta e a **Detección de caras** axustada, apunte a cámara cara ao seu obxectivo. Poden detectarse e enmarcarse ata cinco caras.
2. Pulse o marco no que queira centrar o enfoque. Non pulse ningún marco se quere que a cámara seleccione o enfoque automaticamente.
3. Prema parcialmente a tecla da cámara. Un marco verde amosa a cara enfocada.
4. Para tirar a foto, prema totalmente a tecla da cámara.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Detección de sorrisos

A detección de sorrisos permítelle capturar unha cara só cando sorría. A cámara detecta ata cinco caras e selecciona unha para efectuar a detección do sorriso e o enfoque automático. Un marco verde amosa a cara seleccionada. Cando a cara seleccionada sorrí, a cámara tira unha foto de xeito automático.

Para activar a detección de sorrisos

1. Desde a pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Se non está seleccionada a cámara fixa, pulse .
3. Para ver todos os axustes, prema .
4. Pulse **Modo de captura** > **Detección de sorriso**.
5. Pulse **Nivel de sorriso** e seleccione un axuste.

Para tirar unha foto usando a detección de sorrisos

1. Coa cámara aberta e a **Detección de sorriso** axustada, apunte a cámara cara ao seu obxectivo. Cada cara detectada aparece nun marco (non máis de cinco caras). A cámara selecciona a cara a enfocar. Un marco verde amosa a cara enfocada.
2. Cando a persoa enfocada sorrí, a cámara tira unha foto de xeito automático.
3. Se non se detecta ningún sorriso, prema a tecla da cámara totalmente para tirar a foto.

Engadir a posición xeográfica ás súas fotos

Active a xeoetiquetaxe para engadir a localización xeográfica aproximada (unha xeoetiqueta) ás fotos cando as tire. A localización xeográfica determínase polas redes sen fíos (redes móbiles ou Wi-Fi®) ou pola tecnoloxía GPS.

Cando apareza na pantalla da cámara, a xeoetiquetaxe está activada pero a posición xeográfica non se atopou. Cando apareza , a xeoetiquetaxe está activada e a localización xeográfica está dispoñible, polo que a súa foto pode xeoetiquetarse. Se non aparece ningún destes dous símbolos, a xeoetiquetaxe está desactivada.

Para activar a xeoetiquetaxe

1. Desde a pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Prema e logo pulse **Xeoetiquetado**.
3. Pulse **Activado**.
4. Pulse **Acept.** para aceptar a activación das redes sen fíos ou GPS.
5. Marque as opcións que desexe seleccionar en **A miña localización**.
6. Despois de confirmar os axustes, prema para volver á pantalla da cámara.
7. Asegúrese de que a súa localización foi atopada. Cando aparece na pantalla da cámara, a súa localización está dispoñible e a foto pode xeoetiquetarse.

Uso dos axustes da cámara fotográfica

Para seleccionar os axustes da cámara fixa

1. Desde a pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Se non está seleccionada a cámara fixa, pulse .
3. Para ver todos os axustes, prema .
4. Pulse o axuste que desexe seleccionar.

Para personalizar o panel de axustes da cámara fixa

1. Coa cámara aberta, prema para amosar todos os axustes.
2. Toque e manteña o axuste que desexe mover e arrástreo ata a posición que desexe.

Se arrastra o axuste fóra do panel de axustes, o cambio cancélase.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Descrición xeral dos axustes da cámara fixa

Modo de captura

Seleccione o xeito de tirar unha foto.

Normal

Recoñec. de escena
A cámara determina a escena máis axeitada. Cando se selecciona a escena, aparece un texto e unha icona de escena.

Detección de sorriso
Captura unha cara en canto sorrí. A cámara detecta ata cinco caras e selecciona unha para efectuar a detección do sorriso e o enfoque automático. Cando a cara seleccionada sorrí, a cámara tira unha foto de xeito automático.

Modo de enfoque

A función de enfoque controla que parte dunha foto debe aparecer nítida. Cando o enfoque automático continuo está activado, a cámara axusta de xeito continuo o enfoque para que a área interior do marco de enfoque branco permaneza nítida.

Enfoq. autom. puntual
A cámara enfoca de xeito automático ao suxeito seleccionado. O enfoque automático continuo está activado. Ao premer parcialmente a tecla da cámara, o enfoque axústase e o marco de enfoque branco vólvese verde.

Enfoq. autom. múltiple
O enfoque céntrase automaticamente en varios puntos da imaxe. Ao premer parcialmente a tecla da cámara, o marco enfocado vólvese verde. O enfoque automático continuo está desactivado.

Macro
Enfoque automático para fotos en primeirísimo primeiro plano. O enfoque automático continuo está activado. Ao premer parcialmente a tecla da cámara, o enfoque axústase e o marco de enfoque branco vólvese verde.

Detección de caras
A cámara detecta de xeito automático ata cinco caras humanas, indicadas con marcos na pantalla da cámara. A cámara enfoca de xeito automático a cara máis próxima. Tamén pode seleccionar que cara desexa enfocar pulsando sobre ela na pantalla. Ao premer a tecla da cámara parcialmente, un marco verde amosa que cara está seleccionada e enfocada. A detección de caras non pode usarse con todos os tipos de escenas. O enfoque automático continuo está activado.

Infinito
Utilíceo para tirar fotos a distancia. O enfoque sitúase nos suxeitos afastados. Os suxeitos que están preto da cámara poden saír borrosos. O enfoque automático continuo está desactivado.

Enfoque táctil
Toque unha zona concreta da pantalla da cámara para axustar a zona de enfoque. O enfoque automático continuo está desactivado. Ao premer parcialmente a tecla da cámara, o enfoque axústase e o marco de enfoque branco vólvese verde.

! Este axuste só está dispoñible no modo de captura **Normal**.

Valor de exposición

Determine a cantidade de luz na foto que quere tirar. Un valor máis alto indica un aumento na cantidade de luz.

! Este axuste só está dispoñible no modo de captura **Normal**.

Medición

Esta función determina de xeito automático unha exposición equilibrada ao medir a cantidade de luz que chegará á imaxe que quere capturar.

Central
Para axustar a exposición no centro do visor.

Compensada
Para calcular a exposición en base á cantidade de luz de todo o visor.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Puntual
Para axustar a exposición nunha pequena parte da imaxe que quere capturar.

Este axuste só está dispoñible no modo de captura **Normal**.

Balance brancos

A configuración do balance de brancos axusta o equilibrio de cor segundo as condicións de iluminación.

Automático
Axusta o balance de cor de xeito automático segundo as condicións de iluminación.

Incandescente
Axusta o balance de cor en condicións de iluminación cálidas, como baixo lámpadas de luz.

Fluorescente
Axusta o balance de cor para a iluminación fluorescente.

Sol
Axusta o balance de cor para exteriores con ceo soleado.

Nubrado
Axusta o balance de cor para os ceos nubrados.

Este axuste só está dispoñible no modo de captura **Normal**.

Estabilizador de imaxes

Cando se tira unha foto, pode ser difícil suxeitar o teléfono con firmeza. O estabilizador de imaxes axúdalle compensando os movementos leves da man.

Activado
O estabilizador de imaxes está activado. As imaxes capturadas tardan máis en gardarse cando esta función está activada.

Desactivado
O estabilizador está desactivado.

Este axuste só está dispoñible no modo de captura **Normal**.

Escenas

Use a característica Escenas para axustar rapidamente a cámara a situacións habituais usando escenas preprogramadas. A cámara determina algúns axustes para axeitarse á escena seleccionada e garantir a obtención da mellor foto posible.

Desactivado
A cámara axusta automaticamente as opcións para obter unha foto.

Retrato
Utilíceo para tomar retratos. Os axustes están optimizados para obter uns tons de pel un pouco máis suaves.

Paisaxe
Utilíceo para tirar fotos de paisaxes. A cámara enfoca obxectos distantes. Ao seleccionar **Paisaxe**, o modo de enfoque cambia a **Infinito**.

Escena nocturna
Utilíceo para tirar fotos pola noite ou en situacións de pouca iluminación (sen flash). Por mor do tempo de exposición prolongado, cómpre que a cámara se manteña quieta ou se sitúe nunha superficie estable. Ao seleccionar **Escena nocturna**, o modo de enfoque cambia a **Infinito**.

Retrato de noite
Utilíceo para tomar retratos de noite ou en condicións de pouca iluminación (con ou sen flash). Por mor do tempo de exposición prolongado, cómpre que a cámara se manteña quieta ou se sitúe nunha superficie estable.

Praia e neve
Utilíceo en ambientes con moita iluminación para evitar que as fotos aparezan subexpostas.

Deporte
Utilíceo para fotos de obxectos en movemento rápido. Un tempo de exposición curto minimiza o aspecto borroso da imaxe causado polo movemento.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Festa
Utilíceo para fotos en interiores en ambientes con pouca iluminación. Esta escena recolle a iluminación de fondo ou das velas. Por mor do tempo de exposición prolongado, cómpre que a cámara se manteña quieta ou se sitúe nunha superficie estable.

Documento
Utilíceo para fotografar texto ou debuxos. Ofrece á foto un contraste maior e máis nítido. Ao seleccionar **Documento**, o modo de enfoque cambia a **Macro**.

! Este axuste só está dispoñible no modo de captura **Normal**.

Flash

Use o flash para tirar fotos cando as condicións de iluminación sexan pobres ou haxa unha luz de fondo.

Auto
A cámara determina de xeito automático se as condicións de iluminación precisan do uso dun flash.

Flash de recheo
Use este axuste cando o fondo teña máis brillo que o suxeito. Isto elimina as sombras non desexadas.

Desactivado
O flash está desactivado. Ás veces a calidade da foto é mellor sen o flash, mesmo en condicións de pouca iluminación. Para sacar unha boa foto sen utilizar o flash, cómpre dispoñer dunha man firme. Use o disparador automático para evitar tirar fotos borrosas.

Reduc. ollos vermellos
Reduce a cor vermella dos ollos ao tirar unha foto.

Resolución

Seleccione entre varios tamaños de imaxe e formatos antes de tirar unha foto. As fotos cunha maior resolución ocupan máis memoria.

5 MP 4:3
Un tamaño de imaxe de 5 megapíxeles cun formato de 4:3. Este tamaño é axeitado para ver as fotos en pantallas que non son anchas ou para imprimilas en alta resolución.

3 MP 16:9
Un tamaño de imaxe de 3 megapíxeles cun formato de 16:9. Este é un formato de pantalla ancha de alta resolución. Ten unha resolución superior a Full HD. É axeitado para ver fotos en pantallas anchas.

2 MP 4:3
Un tamaño de imaxe de 2 megapíxeles cun formato de 4:3. Este tamaño é axeitado para ver fotos en pantallas que non son anchas.

2 MP 16:9
Un tamaño de imaxe de 2 megapíxeles cun formato de 16:9. É axeitado para ver fotos en pantallas anchas.

Disparador automático

Co disparador automático pódense sacar fotos sen necesidade de suxeitar o teléfono. Use esta función para facer autorretratos ou fotos de grupo nas que todos desexen saír na foto. Tamén pode usar o disparador automático para evitar mover a cámara ao facer fotos.

Activado (10 s.)
Establécese unha demora de 10 segundos desde o momento en que se preme a tecla da cámara ata que se tira a foto.

Activado (2 s.)
Establécese unha demora de 2 segundos desde o momento en que se preme a tecla da cámara ata que se tira a foto.

Desactivado
A foto tírase en canto se preme a tecla da cámara.

Captura táctil

Identifique unha zona de enfoque concreta tocando a pantalla da cámara co dedo. A foto tírase en canto levanta o dedo.

Activado
Pulse unha zona da pantalla para tirar unha foto.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Desactivado
Pode tirar unha foto premendo a tecla da cámara.

Nivel de sorriso

Use a función de nivel de sorrisos para determinar con que tipo de sorriso reacciona a cámara antes de tirar unha foto.

Gran sorriso
Só tira unha foto cando se detecta un sorriso grande.

Sorriso normal
Tira unha foto cando se detecta un sorriso medio.

Sorriso leve
Tira unha foro cando se detecta un leve sorriso.

Xeoetiquetado

Etiquete fotos cos detalles do lugar onde se tiraron.

Activado
Cando está activada a xeoetiquetaxe, a localización xeográfica aproximada engádese ás fotos que tira. Para utilizar a xeoetiquetaxe tamén debe activar as características de localización no menú **Axustes**.
Consulte *Servizos de localización* na páxina 99.

Para engadir xeoetiquetas a unha foto, cómpre determinar a localización antes de tirar a foto. A localización está determinada cando aparece na pantalla da cámara. Cando o teléfono estea a procurar a súa posición, aparece .

Desactivado
Cando a xeoetiquetaxe está desactivada, non pode ver a localización na que tirou unha foto.

Son de foto

Seleccione o son que desexa que se escoite cando prema a tecla da cámara ou a pantalla da cámara para tirar unha foto.

Consellos para usar a cámara

Regra dos terzos
Non coloque o que quere fotografar no centro do cadro. Obterá un mellor resultado se o sitúa a un terzo do centro.

Manteña a cámara fixa
Evite que as fotos saian borrosas mantendo a cámara fixa. Intente non mover a man apoiándoa nun obxecto sólido.

Achéguese
Achegándose tanto como sexa posible ao que quere fotografar, poderá encher a pantalla da cámara co tema da foto.

Busque a variedade
Probe con ángulos diferentes e móvase cara ao tema da foto. Tire algunhas fotos verticais. Probe con diferentes posicións.

Use un fondo sinxelo
Un fondo sinxelo axuda a resaltar o tema.

Manteña limpo o obxectivo
Os teléfonos móbiles úsanse en todo tipo de lugares e situacións meteorolóxicas e gárdanse en petos e bolsos. Isto provoca que se ensucie o obxectivo da cámara e que queden nel as pegadas dos dedos. Use un pano suave para limpar o obxectivo.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Utilizar a videocámara

Para gravar un vídeo usando a tecla da cámara

1. Desde a pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Se non está seleccionada a videocámara, pulse .
3. Para iniciar a gravación dun vídeo, prema a tecla da cámara.
4. Para deter a gravación, prema a tecla da cámara de novo.

Para gravar un vídeo ao pulsar a pantalla

1. Desde a pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Se non está seleccionada a videocámara, pulse .
3. Para amosar todos os axustes, prema .
4. Pulse **Captura táctil** e seleccione **Activado** se aínda non está seleccionado.
5. Pulse a pantalla para iniciar a gravación.
6. Pulse a pantalla para deter a gravación.

Para ver os vídeos gravados

1. Desde a pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Arrastre a barra de miniaturas (situada á dereita da pantalla) cara á esquerda para ver todas as fotos e vídeos.
3. Toque lixeiramente cara a arriba ou cara a abaixo para examinar as súas fotos e vídeos. Os vídeos identifícanse con .
4. Pulse no vídeo que desexe ver.
5. Pulse para reproducir un vídeo.

Cando un vídeo está en pausa, pode premer para ver outras fotos e vídeos.

Para eliminar un vídeo gravado

1. Coa cámara aberta, arrastre a barra de miniaturas (situada á dereita da pantalla) cara á esquerda para amosar todas as fotos e vídeos.
2. Pulse no vídeo que desexe eliminar.
3. Prema e logo pulse .

Uso dos axustes da cámara de vídeo

Para seleccionar os axustes da videocámara

1. Desde a pantalla de inicio, pulse e, a continuación, localice e pulse .
2. Se non está seleccionada a videocámara, pulse .
3. Para ver todos os axustes, prema .
4. Pulse o axuste que desexe seleccionar.

Para personalizar o panel de axustes da videocámara

1. Coa videocámara aberta, prema para amosar todos os axustes.
2. Toque e manteña o axuste que desexe mover e arrástreo ata a posición que desexe.

Se arrastra o axuste fóra do panel de axustes, o cambio cancélase.

Descrición xeral dos axustes da videocámara

Escenas

A característica Escenas axúdalle a axustar de forma rápida a cámara para as situacións habituais usando escenas preprogramadas. A cámara determina algúns axustes para axeitarse á escena seleccionada e garantir a obtención do mellor vídeo posible.

Desactivado
A cámara axusta de xeito automático a configuración para o vídeo.

Retrato

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Úseo para vídeos de retratos. Os axustes están optimizados para obter uns tons de pel un pouco máis suaves.

Paisaxe
Úseo para vídeos de paisaxes. A cámara enfoca obxectos distantes. Ao seleccionar **Paisaxe**, o modo de enfoque cambia a **Infinito**.

Modo noite
Cando está activado, a sensibilidade da luz aumenta. Úseo en ambientes con pouca iluminación. Os vídeos con obxectos que se moven rapidamente poden verse desenfocados. Manteña a man con firmeza, ou ben use un soporte. Desactive o modo noite cando as condicións de iluminación sexan boas para aumentar a calidade do vídeo.

Praia e neve
Úseo en ambientes con moita luz para evitar vídeos subexpostos.

Deporte
Úseo para vídeos de obxectos en movemento rápido. Un tempo de exposición curto minimiza o aspecto borroso da imaxe causado polo movemento.

Festa
Úseo para vídeos en interiores en ambientes con pouca iluminación. Esta escena recolle a iluminación de fondo ou das velas. Os vídeos con obxectos que se moven rapidamente poden verse desenfocados. Manteña a man con firmeza, ou ben use un soporte.

Foco

Use o foco para gravar vídeos cando as condicións de iluminación sexan pobres ou haxa unha luz de fondo.

Activado

Desactivado
Ás veces a calidade do vídeo é mellor sen o foco, mesmo en condicións de pouca iluminación.

Modo de enfoque

O axuste do enfoque controla que parte dunha foto debe aparecer nítida. Cando o enfoque automático continuo está activado, a cámara segue a axustar o enfoque de xeito que a área interior do marco de enfoque branco permanece nítida.

Enfoq. autom. puntual
A cámara enfoca de xeito automático ao suxeito seleccionado. O enfoque automático continuo está activado.

Detección de caras
A cámara detecta de xeito automático ata cinco caras humanas, indicadas con marcos na pantalla. A cámara enfoca de xeito automático a cara máis próxima. Tamén pode seleccionar que cara desexa enfocar pulsando sobre ela na pantalla. Ao premer a tecla da cámara parcialmente, un marco verde amosa que cara está seleccionada e enfocada. A detección de caras non pode usarse con todos os tipos de escenas. O enfoque automático continuo está activado.

Infinito
Úseo para gravar vídeos a distancia. O enfoque sitúase nos suxeitos afastados. Os suxeitos que están preto da cámara poden saír borrosos.

Tamaño de vídeo

Axuste o tamaño do vídeo a diferentes formatos.

HD 720p
HD (Alta Definición) con formato de 16:9. 1280×720 píxeles.

Full Wide VGA
Full Wide VGA con formato de 16:9. 864×480 píxeles.

VGA
VGA con formato 4:3. 640x480 píxeles.

QVGA
Cuarto de VGA con formato de 4:3. 320x240 píxeles.

Mensaxe multimedia
Permite gravar vídeos axeitados para o envío en mensaxes multimedia. O tempo de gravación deste formato de vídeo está limitado para adaptarse a unha mensaxe multimedia.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Disparador automático

Co disparador automático pode gravar vídeos sen necesidade de suxeitar o teléfono. Úseo para gravar vídeos en grupo nos que todo o mundo desexa aparecer. Tamén pode usar o disparador automático para evitar mover a cámara ao gravar vídeos.

Activado (10 s.)
Establece unha demora de 10 segundos desde o momento en que se preme a tecla da cámara ata que o vídeo comeza a gravarse.

Activado (2 s.)
Establece unha demora de 2 segundos desde o momento en que se preme a tecla da cámara ata que o vídeo comeza a gravarse.

Desactivado
O vídeo comeza a gravarse en canto se preme a tecla da cámara.

Valor de exposición

Este axuste permítelle determinar a cantidade de luz na imaxe que captura. Un valor máis alto indica un aumento na cantidade de luz.

Balance brancos

A configuración do balance axusta o equilibrio de cor segundo as condicións de iluminación.

Automático
Axusta o balance de cor de xeito automático segundo as condicións de iluminación.

Incandescente
Axusta o balance de cor en condicións de iluminación cálidas, como baixo lámpadas de luz.

Fluorescente
Axusta o balance de cor para a iluminación fluorescente.

Sol
Axusta o balance de cor para exteriores con ceo soleado.

Nubrado
Axusta o balance de cor para os ceos nubrados.

Medición

Esta función determina de xeito automático unha exposición equilibrada ao medir a cantidade de luz que chega ás imaxes que quere capturar.

Central
Para axustar a exposición no centro do visor.

Compensada
Para calcular a exposición en base á cantidade de luz de todo o visor.

Puntual
Para axustar a exposición nunha pequena parte da imaxe que quere capturar.

Estabilizador de imaxes

Cando se grava un vídeo, pode ser difícil suxeitar o teléfono con firmeza. O estabilizador de imaxes axúdalle compensando os movementos leves da man.

Activado
Para gravar un vídeo co estabilizador activado.

Desactivado
Para gravar un vídeo co estabilizador desactivado.

Captura táctil

Identifica unha zona de enfoque particular na pantalla da cámara. O vídeo comeza a gravarse en canto solta o dedo.

Activado
Pulse a pantalla para iniciar a gravación do vídeo.

Desactivado

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Só pode gravar vídeos premendo a tecla da cámara.

Micrófono

Permite seleccionar se desexa recoller o son de arredor durante a gravación de vídeos.

Activado

Desactivado

Son de foto

Seleccione o son que desexa que se escoite cando prema a tecla da cámara ou a pantalla da cámara para gravar un vídeo.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Visualización das súas fotos e vídeos na galería

Use a galería para ver fotos e reproducir vídeos tomados coa cámara do seu teléfono, ou para ver contido similar descargado ou copiado na tarxeta de memoria. Na galería tamén pode ver as fotos e os vídeos que cargara a un servizo en liña, por exemplo, a un álbum web de Picasa™ ou ao servizo YouTube. Se é usuario de **Facebook™**, pode ver as súas fotos de **Facebook™** na galería.
Desde a galería tamén pode compartir as súas fotos e vídeos preferidos con amigos a través da tecnoloxía sen fíos Bluetooth™, o correo electrónico ou a mensaxería. Ademais, pode realizar tarefas básicas de edición nas fotos e axustalas como fondo ou imaxe de contactos. Recoméndase utilizar a aplicación Media Go™ para transferir contidos entre a tarxeta de memoria e o teléfono. Para obter máis información, consulte *Conectar o teléfono a un ordenador* na páxina 95.

BRAVIA Engine

Use a tecnoloxía Mobile BRAVIA Engine para mellorar a calidade das súas imaxes e vídeos. As características do filtro de nitidez e a redución de ruído axúdanlle a obter resultados máis vívidos.

Para activar a tecnoloxía Mobile BRAVIA Engine

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Pantalla**.
3. Marque a caixa de verificación **Mobile BRAVIA Engine** se non está xa marcada.

Para abrir a galería e ver os seus álbums

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Galería**. Nos álbums aparecen as fotos e os vídeos da súa tarxeta de memoria, incluídos os tomados coa cámara e os descargados da web e doutras localizacións. Se engadiu ao teléfono unha conta de Google™ asociada a unha conta de Picasa™, e configurou esa conta de Google™ para que se sincronice con Picasa™, entón a galería tamén amosa os álbums web de Picasa™.

Se a orientación da pantalla non cambia automaticamente cando inclina o teléfono cara a un lado, marque a caixa de verificación **Orientación** en **Configuración** > **Pantalla**.



1	Pulse para abrir a cámara.
2	Un álbum das fotos e dos vídeos tomados coa cámara.
3	Bótelle unha ollada a un montón colocando dous dedos sobre el e separándoos.
4	Toque lixeiramente cara á dereita ou á esquerda para ver máis álbums.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Traballar con álbums

Os álbums son grupos de fotos e vídeos en cartafoles na súa tarxeta de memoria ou en álbums web en Picasa™.

Para abrir un álbum na galería

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Galería**.
3. Pulse o álbum que desexe ver. O álbum ábrese amosando o contido de fotos e vídeos nunha grade ordenada de xeito cronolóxico. O nome do álbum aparece na parte superior da pantalla.



1	Pulse para cambiar da vista de grade á vista de montóns.
2	Pulse nunha foto ou nun vídeo para velo.
3	Pulse nunha frecha para desprazarse unha pantalla cada vez. Arrastre cara á esquerda ou á dereita para desprazarse con rapidez.

Para ver fotos e vídeos na galería

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Galería**.
3. Pulse nun álbum.
4. As fotos e os vídeos amósanse nunha grade ordenada de xeito cronolóxico. Pulse nunha foto ou nun vídeo para velo. Os vídeos sinálanse con .
5. No visor de fotos, toque lixeiramente cara á esquerda para ver a seguinte foto ou vídeo. Toque lixeiramente cara á dereita para ver a foto ou o vídeo anterior.

Se a orientación da pantalla non cambia automaticamente cando inclina o teléfono cara a un lado, marque a caixa de verificación **Orientación** en **Configuración** > **Pantalla**.

Para ver fotos de Facebook™ na galería

1. Asegúrese de que iniciou a sesión en **Facebook™**.
2. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
3. Localice e pulse **Galería**.
4. Pulse en calquera álbum que amose a icona . A primeira vez que pulse nun álbum de **Facebook™**, as súas fotos de **Facebook™** copiaranse na galería.
5. As fotos amósanse nunha grade ordenada de xeito cronolóxico. Pulse nunha foto para vela.
6. No visor de fotos, toque lixeiramente cara á esquerda para ver a seguinte foto ou vídeo. Toque lixeiramente cara á dereita para ver a foto ou vídeo anterior.

Para cambiar o modo no que se amosan na Galería os contidos dun álbum

1. Cando estea a ver un álbum na Galería, arrastre o interruptor da vista do álbum cara á dereita para ver os contidos do álbum en montóns.
2. Arrastre o interruptor da vista do álbum cara á esquerda para ver os contidos do álbum en grade cronolóxica.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Traballar con álbums na galería

Además de traballar con álbums completos e fotos individuais, pode seleccionar unha ou máis fotos ou vídeos nun álbum para traballar con eles en lotes, por exemplo, para enviar algunhas fotos dun álbum a un amigo.

Para traballar con lotes de fotos e vídeos na galería

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Galería**.
3. Abra o álbum que conteña o contido co que desexe traballar.
4. Prema dúas veces.
5. Marque ou desmarque os elementos cos que desexa traballar. Para desmarcar todos os elementos marcados, prema e pulse **Deselecc. todo**.
6. Use os controis da parte inferior da pantalla para axustar os elementos marcados. Os controis dispoñibles dependen da mestura de elementos seleccionados.

Para compartir un álbum da Galería

1. Desde a pantalla principal da Galería, prema dúas veces.
2. Marque os álbums que desexe compartir e logo prema .
3. Pulse **Compartir**.
4. No menú que se abre, pulse na aplicación que desexa usar para compartir os álbums seleccionados. A aplicación seleccionada ábrese coas fotos e os vídeos dos álbums ou ligazóns seleccionados, anexos a unha nova mensaxe.

! Se comparte un álbum a través de Gmail™, non elimine o orixinal dun ficheiro adxunto antes de que a mensaxe se envíe completamente. Se o fai, o ficheiro adxunto non se enviará.

Para eliminar un álbum da Galería

1. Desde a pantalla principal da Galería, prema dúas veces.
2. Marque ou desmarque os álbums que desexe eliminar e, a continuación, prema .
3. Pulse **Eliminar**. No diálogo que se abre, pulse **Confirmar a eliminación**.

Traballar con fotos

Use a galería para ver as fotos tomadas coa cámara, as descargadas e copiadas na súa tarxeta de memoria, ou as almacenadas en álbums web en liña. Tamén pode editar as fotos na súa tarxeta de memoria e compartilas cos amigos.

Para ver fotos no álbum

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Galería**.
3. Pulse nun álbum para abrilo e logo pulse nunha foto.
4. Toque lixeiramente cara á esquerda para ver a seguinte foto no álbum. Toque lixeiramente cara á dereita para ver a foto anterior.

Para ampliar unha foto

- Mentres visualiza unha foto no visor de fotos, pulse dúas veces unha foto para ampliala ou reducila. Tamén pode facelo colocando dous dedos sobre a foto e xuntando ou separando os dedos sen levantalos da pantalla. A continuación, arrastre a foto para ver as diferentes partes.

Para ver unha presentación de diapositivas das súas fotos

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Galería**.
3. Pulse nun álbum para abrilo; logo pulse nunha foto e prema .
4. Na barra de ferramentas da parte inferior da pantalla, pulse **Present. diapo.**.
5. Pulse nunha foto para finalizar a presentación de diapositivas.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para xirar unha foto

1. Mentres visualiza unha foto no visor, pulse na foto para ver os controis.
2. Prema .
3. Pulse **Máis** e, a continuación, pulse **Xirar á esquerda** ou **Xirar á dereita**. A foto gárdase coa nova orientación.

Para utilizar unha foto como imaxe dun contacto

1. Cando estea a ver unha foto no visor de fotos, prema .
2. Na barra de ferramentas da parte inferior da pantalla, pulse **Axustar como** > **Imaxe do contacto**.
3. Seleccione o contacto co que desexa asociar a foto.
4. Recorte a foto se é preciso.
5. Pulse **Gardar**.

Para utilizar unha foto como fondo

1. Cando estea a ver unha foto no visor de fotos, prema .
2. Na barra de ferramentas da parte inferior da pantalla, pulse **Axustar como** > **Fondo**.
3. Recorte a foto se é preciso.
4. Pulse **Gardar**.

Para recortar unha foto

1. Cando estea a ver unha foto no visor de fotos, prema .
2. Na barra de ferramentas da parte inferior da pantalla, pulse **Máis** > **Cortar**.
3. Para axustar o marco de recorte, toque e manteña o borde do marco. Cando aparezan as frechas de recorte, arrástreas cara ao centro do marco de recorte ou en sentido oposto para cambiar o seu tamaño.
4. Para redimensionar todos os lados do marco de recorte ao mesmo tempo, toque e manteña unha das catro esquinas e, a continuación, arrastre o marco.
5. Para mover o marco de recorte a outra área da foto, toque e manteña a parte interior do marco e arrástreo ata a posición que desexe.
6. Para gardar unha copia da foto recortada, pulse **Gardar**. A versión orixinal sen recortar permanece na súa tarxeta de memoria.

Para compartir unha foto

1. Cando estea a ver unha foto no visor de fotos, prema se non se amosa ningún control.
2. Na barra de ferramentas da parte inferior da pantalla, pulse **Compartir**.
3. Seleccione un dos métodos de transferencia dispoñibles.

Para eliminar unha foto

1. Cando estea a ver unha foto no visor de fotos, prema .
2. Na barra de ferramentas da parte inferior da pantalla, pulse **Eliminar**.
3. No diálogo que se abre, pulse **Confirmar a eliminación**.

Visualización das súas fotos nun mapa

Pode ver nun mapa a localización na que se tomou a foto. Todo o que ten que facer é axustar a súa cámara para engadir a información de localización xeográfica. Amóselles aos seus amigos e familiares onde estivo ou atope a ruta ata a localización outra vez.

! Para ver nun mapa unha foto tirada pola cámara, cómpre activar a detección de localización (nos axustes de localización da cámara) antes de tirar a foto. Tamén cómpre activar as características de localización en **Configuración** > **Localización e seguridade**. Consulte *Servizos de localización* na páxina 99 para obter máis información.

Para ver as súas fotos nun mapa

1. Cando estea vendo unha foto no visor, prema .
2. Pulse **Máis** > **Amosar no mapa**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Traballar con vídeos

Use a galería para ver os vídeos tomados coa cámara, os descargados e copiados na súa tarxeta de memoria, ou os almacenados en álbums web en liña. Tamén pode compartir os seus vídeos con amigos ou cargalos a YouTube™.

Para reproducir un vídeo

1. Na galería, abra un álbum e pulse nun vídeo.
2. Xire o teléfono para ver o vídeo cunha orientación vertical (retrato) ou horizontal (paisaxe).
3. Pulse no vídeo para ver os controis de reprodución.

Se a orientación da pantalla non cambia automaticamente cando inclina o teléfono cara a un lado, marque a caixa de verificación **Orientación** en **Configuración** > **Pantalla**.

Para facer unha pausa nun vídeo

1. Cando se reproduce un vídeo, pulse a pantalla para amosar os controis.
2. Pulse .

Para avanzar rápido e rebobinar un vídeo

1. Cando se reproduce un vídeo, pulse a pantalla para amosar os controis.
2. Arrastre o marcador da barra de progreso cara á esquerda para rebobinar, ou cara á dereita para avanzar rápido.

Tamén pode pulsar ou .

Para axustar o volume dun vídeo

- Prema a tecla de volume.

Para compartir un vídeo

1. Abra un álbum da Galería que conteña un vídeo.
2. Prema dúas veces.
3. Marque o vídeo ou os vídeos que desexe compartir.
4. Prema .
5. Pulse **Compartir**.
6. No menú que se abre, pulse na aplicación que desexa usar para compartir o vídeo seleccionado.

É posible que non poida copiar, enviar ou transferir elementos protexidos mediante dereitos de autor. Ademais, é posible que non poida enviar algúns elementos se o tamaño do ficheiro é demasiado grande.

Para eliminar un vídeo

1. Abra un álbum da Galería que conteña un vídeo.
2. Prema dúas veces.
3. Marque o vídeo ou os vídeos que desexe eliminar.
4. Prema .
5. Pulse **Eliminar**.
6. No diálogo que se abre, pulse **Confirmar a eliminación**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Tecnoloxía sen fíos Bluetooth™

Use a función Bluetooth™ para enviar ficheiros a outros dispositivos Bluetooth™ compatibles ou para conectar accesrios de mans libres. Active a función Bluetooth™ no seu teléfono e cree conexións sen fíos a outros dispositivos Bluetooth™ compatibles como ordenadores, accesorios de mans libres e teléfonos. As conexións Bluetooth™ funcionan mellor nun radio de 10 metros (33 pés), sen obxectos sólidos por medio. Nalgúns casos cómpre asociar manualmente o teléfono con outros dispositivos Bluetooth™. Lembre axustar o seu teléfono como "visible" se desexa que outros dispositivos Bluetooth™ o detecten.

! A interoperabilidade e compatibilidade entre dispositivos Bluetooth™ pode variar.

Para activar a función Bluetooth™ e facer que o seu teléfono sexa visible

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes**.
3. Marque a caixa de verificación **Bluetooth**. aparece na barra de estado.
4. Pulse **Configuración de Bluetooth**.
5. Marque a caixa de verificación **Visible**. Agora o resto de dispositivos poderán ver o teléfono durante 120 segundos.

Nome do teléfono

Pode darlle un nome ó seu teléfono. Este nome se amosa a outros dispositivos cando active a función Bluetooth™ e o seu teléfono estea axustado en modo visible.

Para inserir un nome do teléfono

1. Asegúrese de que a función Bluetooth™ estea activada.
2. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
3. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración de Bluetooth** > **Nome do dispositivo**.
4. Insira o nome de teléfono que desexe.
5. Pulse **Aceptar**.

Asociar con outro dispositivo Bluetooth™

Ao asociar o teléfono con outro dispositivo pode, por exemplo, conectar o teléfono a un mans libres Bluetooth™ ou a un kit para vehículos Bluetooth™ e usar estes dispositivos para facer e recibir chamadas.

Despois de asociar o teléfono cun dispositivo Bluetooth™, o teléfono recordará esta asociación. É posible que deba inserir un código de acceso ao asociar o teléfono cun dispositivo Bluetooth™. O teléfono tentará usar automaticamente o código de acceso xenérico 0000. Se isto non funciona, consulte a documentación do dispositivo Bluetooth™ para obter o código de acceso do dispositivo. Non será preciso que volva inserir o código de acceso a vindeira ocasión que se conecte a un dispositivo Bluetooth™ xa asociado.

Algúns dispositivos Bluetooth™ como, por exemplo, a maioría dos mans libres Bluetooth™, requiren que os asocie e conecte co outro dispositivo.

Pode asociar o teléfono con varios dispositivos Bluetooth™, pero só se poderá conectar cun perfil Bluetooth™ cada vez.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para asociar o seu teléfono con outro dispositivo Bluetooth™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración de Bluetooth**.
3. pulse **Buscar dispositivos**. Os dispositivos Bluetooth™ atopados enumeraranse en **Dispositivos Bluetooth**.
4. Pulse o dispositivo Bluetooth™ que desexa asociar co teléfono.
5. Insira un código de acceso se se lle solicita.
6. O teléfono e o dispositivo Bluetooth™ están agora asociados. Con algúns dispositivos tamén ten que conectarse para poder comezar a utilizalos. O estado da asociación e conexión amósase baixo o nome do dispositivo Bluetooth™ na lista **Dispositivos Bluetooth**.

Asegúrese de que o dispositivo co que desexa asociar o teléfono ten activada a función e a visibilidade Bluetooth™.

Para conectar o teléfono a outro dispositivo Bluetooth™

Algúns dispositivos Bluetooth™, por exemplo, a maioría dos mans libres Bluetooth™, requiren que primeiro se asocie e, a continuación, se conecte con outros dispositivos Bluetooth™ para poder establecer unha conexión correcta.

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración de Bluetooth**.
3. Na lista **Dispositivos Bluetooth** toque e manteña o dispositivo Bluetooth™ que desexe conectar ao teléfono.
4. pulse **Conectar**.

Para desconectar un dispositivo Bluetooth™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración de Bluetooth**.
3. Na lista **Dispositivos Bluetooth** toque e manteña premido o nome do dispositivo Bluetooth™ conectado.
4. Pulse **Desconectar**.

Aínda que desconecte un dispositivo Bluetooth™, o dispositivo seguirá asociado ó seu teléfono. Para eliminar a asociación deberá pulsar **Desconectar e desemparellar**.

Para terminar a asociación cun dispositivo Bluetooth™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes** > **Configuración de Bluetooth**.
3. Na lista **Dispositivos Bluetooth** toque e manteña premido o nome do dispositivo Bluetooth™ conectado.
4. pulse **Desemparellar**.

Enviar e recibir elementos usando a tecnoloxía Bluetooth™

Comparta elementos con outros dispositivos Bluetooth™ compatibles como teléfonos ou ordenadores. Pode enviar e recibir varios tipos de elementos usando a función Bluetooth™, como:

- Fotos e vídeos
- Música e outros ficheiros de audio
- Contactos
- Páxinas web

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para enviar elementos usando o Bluetooth™

1. **Dispositivo receptor:** Asegúrese de que o dispositivo Bluetooth™ ó que desexa enviar o elemento ten o Bluetooth™ activado e está en modo visible.
2. No seu teléfono, abra a aplicación que contén o elemento que desexa enviar e desprácese ata el.
3. Dependendo da aplicación e do elemento que desexe enviar, é posible que teña, por exemplo, que tocar e manter o elemento, abrir o elemento ou premer . É posible que existan outros xeitos de enviar un elemento.
4. Selecciona un elemento do menú compartir ou enviar.
5. No menú que aparece, seleccione **Bluetooth**.
6. Active o Bluetooth™, se se lle pide que o faga.
7. En **Dispositivos Bluetooth**, pulse no nome do dispositivo receptor.
8. **Dispositivo receptor:** Se se lle pregunta, acepte a conexión.
9. Se se lle pide, insira o mesmo código de acceso en ámbolos dous dispositivos, ou confirme o código de acceso suxerido.
10. **Dispositivo receptor:** Acepte o elemento entrante.

Para recibir elementos usando o Bluetooth™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Conexións sen fíos e redes**.
3. Marque a caixa de verificación **Bluetooth**. aparece na barra de estado.
4. pulse **Configuración de Bluetooth**.
5. Marque a caixa de verificación **Visible**. Agora o resto de dispositivos poderán ver o teléfono durante 120 segundos.
6. **Dispositivo de envío:** Envíe un ou máis elementos ó seu teléfono usando o Bluetooth™.
7. Se se lle pide, insira o mesmo código de acceso en ámbolos dous dispositivos, ou confirme o código de acceso suxerido.
8. Cando se lle notifique un ficheiro entrante no seu teléfono, arrastre a barra de estado cara abaixo e pulse a notificación para aceptar a transferencia do ficheiro.
9. Pulse **Aceptar** para iniciar a transferencia de ficheiros.
10. Para ver o progreso da transferencia, arrastre a barra de estado cara abaixo.
11. Para abrir un elemento recibido directamente, arrastre a barra de estado cara abaixo e pulse na notificación correspondente.

! O seu teléfono debe ter unha tarxeta de memoria inserida para poder recibir elementos usando a tecnoloxía sen fíos Bluetooth™.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Conectar o teléfono a un ordenador

Conecte o seu teléfono a un ordenador e inicie a transferencia de imaxes, música e outro tipo de ficheiros. Os xeitos máis sinxelos de conexión son o cable USB e a tecnoloxía sen fíos Bluetooth.

Cando conecta o seu teléfono ó ordenador usando un cable USB pídeselle que instale a aplicación PC Companion no seu ordenador. A aplicación PC Companion axúdalle a acceder a aplicacións adicionais para transferir e organizar ficheiros multimedia, actualizar o seu teléfono, sincronizar o contido do teléfono e máis.

É posible que non poda transferir algún material protexido con copyright entre o seu teléfono e o ordenador.

Transferir e xestionar contido utilizando un cable USB

Use unha conexión con cable USB entre o seu ordenador e o teléfono para transferir e xestionar de xeito sinxelo os seus ficheiros. Cando os dous dispositivos están conectados, pode arrastrar e soltar o contido entre eles usando o explorador de ficheiros do ordenador. Se está a transferir ficheiros de música, vídeo, imaxes ou outros ficheiros multimedia, é mellor usar a aplicacion Media Go™ no seu ordenador. MediaGo convirte os ficheiros multimedia de xeito que pode usalos no seu teléfono.

Para arrastrar e soltar contido entre o teléfono e o ordenador usando o cable USB

1. Conecte o teléfono a un ordenador utilizando un cable USB.
2. **Teléfono**: **Conectado en modo transf. multim.** aparece na barra de estado.
3. **Ordenador**: Abra o Explorador de Microsoft® Windows® desde o escritorio e agarde ata que a tarxeta de memoria do seu teléfono apareza como disco externo no Explorador de Microsoft® Windows®.
4. **Ordenador**: Arrastre e solte os ficheiros que desexe entre o teléfono e o ordenador.

Modos de conexión USB

Os dous métodos máis comúns para compartir datos entre o seu teléfono e outros dispositivos usando un cable USB son o modo do Protocolo de Transferencia Multimedia (MTP) e o modo de Almacenaxe Masiva (MSC).

- **Modo de transferencia multimedia (MTP)**: é o protocolo de comunicación máis común con ordenadores que executen Windows. Este modo normalmente está activado de xeito predeterminado.
- **Modo de almacenaxe masiva (MSC)**: é o xeito máis común para conectar teléfonos con dispositivos multimedia como televisores, equipos de coche e ordenadores con Mac OS/ Linux que non sexan compatibles con MTP.

Para axustar a almacenaxe masiva como modo de conexión USB predeterminado

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Sony Ericsson** > **Conectividade** > **Modo de conexión USB**.
3. Pulse **Modo de almacenaxe masiva (MSC)**.
4. Pulse **Aceptar**.

O modo de transferencia multimedia está normalmentee activado de xeito predeterminado.

Para conectar o teléfono a un ordenador usando o modo de almacenaxe masiva

1. Conecte o teléfono a un ordenador utilizando un cable USB.
2. Arrastre a barra de estado cara a abaixo.
3. Pulse **Conectar o seu teléfono** > **Conectar tarxeta de memo. do tlf.**.

Se está a executar unha aplicación no teléfono e esta aplicación emprega a tarxeta de memoria, é posible que deba pechar a aplicación para poder acceder á tarxeta de memoria.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para desconectar o cable USB no modo de almacenaxe masiva

Non desconecte o cable USB durante unha transferencia de contido, xa que podería danarse este contido.

1. **Ordenador**: Use a característica *Extraer Hardware con Seguridade* para desactivar a conexión do cable USB.
2. **Teléfono**: Arrastre a barra de estado cara a abaixo.
3. Pulse **Tarxeta de memoria tlf. conectada**.
4. Pulse **Desconectar** na pantalla que se abre.
5. Desconecte o cable USB en ambos dispositivos.

As instrucións para o ordenador poden variar en función do seu sistema operativo. Consulte a documentación do sistema operativo do seu ordenador para obter máis información.

Transferir ficheiros usando o modo de transferencia multimedia a través dunha rede Wi-Fi®

A conexión Wi-Fi® permítelle transferir ficheiros entre o seu teléfono e outros dispositivos compatibles con MTP (Multimedia Transfer Protocol, Protocolo de Transferencia Multimedia) como, por exemplo, un ordenador. Antes de establecer a conexión, primeiro cómpre asociar os dous dispositivos. Se vai a transferir ficheiros de música, vídeo, imaxes ou outros ficheiros multimedia entre o teléfono e un ordenador, é mellor usar a aplicación Media Go™ no seu ordenador. MediaGo converte os ficheiros multimedia de xeito que pode usalos no seu teléfono.

Para poder usar esta característica, cómpre ter un equipo que dispoña de Wi-Fi e que admita a transferencia multimedia; por exemplo, un ordenador que execute Microsoft® Windows Vista® ou Windows® 7.

Para asociar sen fíos o teléfono cun ordenador usando o modo de transferencia multimedia

1. Asegúrese de que o modo de transferencia multimedia estea activado no teléfono. Normalmente está activado de xeito predeterminado.
2. Conecte o teléfono ao ordenador usando un cable USB.
3. **Ordenador**: Cando o nome do teléfono apareza na pantalla, faga clic en *Configuración de rede* e siga as instrucións para asociar o ordenador.
4. Cando remate, desconecte o cable USB en ambos os dous dispositivos.

As instrucións anteriores só funcionan co sistema operativo Windows 7 e se o ordenador está conectado a un punto de acceso Wi-Fi a través dun cable de rede.

Para conectar sen fíos dispositivos asociados no modo de transferencia multimedia

1. Asegúrese de que o modo de transferencia multimedia estea activado no teléfono. Normalmente está activado de xeito predeterminado.
2. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
3. Localice e pulse **Configuración** > **Sony Ericsson** > **Conectividade**.
4. Pulse o dispositivo asociado ao que queira conectarse en **Disp. confianza para transf. mult. sen fíos**.
5. Pulse **Conectar**.

Asegúrese de que a función Wi-Fi do teléfono estea activada.

Para desconectar un dispositivo asociado sen fíos no modo de transferencia multimedia

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Sony Ericsson** > **Conectividade**.
3. Pulse o dispositivo asociado do que queira desconectarse en **Disp. confianza para transf. mult. sen fíos**.
4. Pulse **Desconectar**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para eliminar unha asociación con outro dispositivo

1. Desde a Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Sony Ericsson** > **Conectividade**.
3. Pulse o dispositivo asociado que queira eliminar.
4. Pulse **Eliminar**.

PC Companion

PC Companion axúdalle a usar e acceder a características e servizos adicionais conectados ao teléfono para que poida transferir música, vídeo e imaxes. Tamén pode actualizar o teléfono para obter o software máis recente dispoñible.

Para poder usar a aplicación PC Companion, cómpre un ordenador cun dos seguintes sistemas operativos:

- Microsoft® Windows® 7
- Microsoft® Windows Vista®
- Microsoft® Windows® XP (Service Pack 3 ou superior)

Cómpre conectar o seu teléfono e o ordenador cun cable USB para instalar e usar PC Companion.

Para instalar PC Companion nun ordenador

1. Conecte o teléfono a un ordenador utilizando un cable USB.
2. **Teléfono**: Pulse **Instalar** na xanela de instalación de PC Companion.
3. **Ordenador**: PC Companion iníciase de xeito automático despois duns segundos. Siga as instrucións en pantalla para instalar PC Companion.

O instalador de PC Companion está activado de xeito predeterminado no seu teléfono. Pode desactivar esta opción nos axustes do seu teléfono.

Para iniciar o PC Companion

1. Conecte o teléfono a un ordenador utilizando un cable USB.
2. **Teléfono**: **Conectado en modo transf. multim.** aparece na barra de estado.
3. **Ordenador**: PC Companion iníciase automaticamente no seu ordenador despois duns segundos.

Se PC Companion non se inicia automaticamente, pode inicialo dende o menú de inicio do seu ordenador.

Media Go™

A aplicación para ordenador Media Go™ axúdalle a transferir e xestionar contido multimedia do seu teléfono e do ordenador. Instale a aplicación Media Go™ desde a aplicación PC Companion. Consulte *PC Companion* na páxina 97 para obter máis información.

Precísase un dos seguintes sistemas operativos para usar a aplicación Media Go™:

- Microsoft® Windows® 7
- Microsoft® Windows® Vista®
- Microsoft® Windows® XP, Service Pack 3 ou superior

Para poder transferir ficheiros entre Media Go™ e o seu teléfono, cómpre primeiro conectar un cable USB entre o seu teléfono e o ordenador. Tamén deberá activar o teléfono para conectalo ó ordenador. Consulte *Para arrastrar e soltar contido entre o teléfono e o ordenador usando o cable USB* na páxina 95 para obter máis información.

Para obter máis información sobre o uso da aplicación Media Go™, consulte a sección de axuda no menú principal da aplicación Media Go™.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para transferir contido utilizando a aplicación Media Go™

1. Conecte o teléfono a un ordenador utilizando un cable USB.
2. **Teléfono**: **Conectado en modo transf. multim.** aparece na barra de estado.
3. **Ordenador**: A aplicación PC Companion se executa de xeito automático. No software PC Companion, faga clic en *Media Go* para iniciar a aplicación Media Go™. Nalgúns casos, é posible que teña que agardar a que se instale a aplicación Media Go™.
4. Arrastre e solte os ficheiros entre o ordenador e o teléfono usando a interfaz da aplicación Media Go.

! Tamén pode descargar Media Go™ desde *www.sonyericsson.com/support*.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Servizos de localización

Use o seu teléfono para averiguar onde está. Hai dous xeitos de facelo: Por GPS ou redes sen fíos. É mellor activar a opción de redes sen fíos se só precisa dunha localización aproximada e a precisa rápido. Se desexa obter unha posición máis exacta e ten unha visión clara do ceo, active a opción GPS. Pode activar ámbalas dúas opcións para asegurarse de que se atopa a súa localización en situacións onde a rede sexa débil.

! Sony Ericsson non garante a precisión de ningún servizo de localización, incluíndo entre outros os servizos de navegación.

Para activar o GPS

1 Desde a pantalla de inico, pulse .
2 Pulse **Axustes** > **Localización e seguridade**.
3 Marque a caixa de verificación **Usar satélites GPS**.

Para activar as redes sen fíos

1 Desde a súa pantalla, pulse .
2 Pulse **Axustes** > **Localización e seguridade**.
3 Marque a caixa de verificación **Usar redes sen fíos**.

Uso do GPS

O seu teléfono dispón dun receptor de sistema de posicionamento global (GPS) que usa sinais por satélite para calcular a súa localización.

! Cando utilice funcións que precisen que o receptor GPS detecte a súa localización, asegúrese de que se atopa nun lugar sen obstáculos que tapen o ceo.

Obter o maior rendemento

A primeira vez que utilice o GPS, pode tardar entre 5 e 10 minutos en atopar a súa localización. Para axudar na procura, asegúrese de ter unha visión clara do ceo. Permaneza quieto e non cubra a antena GPS (a zona marcada na imaxe). O sinal do GPS pode atravesar nubes e plástico, pero non pode pasar a través da maioría de obxectos sólidos, como edificios ou montañas. Se a súa localización non se atopa despois duns minutos, móvase a outra localización.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Google Maps™

Localice a súa posición actual, vexa a situación do tráfico en tempo real e reciba instrucións detalladas para chegar ao seu destino. Antes de facer unha viaxe, pode descargar e gardar mapas na súa tarxeta de memoria para evitar os altos custos na itinerancia.

A aplicación Google Maps™ require unha conexión á Internet. A conexión á Internet desde o seu teléfono pode implicar custos pola transmisión de datos. Contacte co seu operador de rede para obter máis información. É posible que a aplicación Google Maps™ non estea dispoñible en todos os mercados, países ou rexións.

Para usar Google Maps™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Maps**.

Se desexa usar a súa localización, active ó menos un dos xeitos de localización dispoñibles en **Axustes** > **Localización e seguridade**.

Para obter máis información sobre Google Maps™

- Cando use **Maps**, prema , entón pulse **Máis** > **Axuda**.

Visualización das localizacións dos seus amigos con Google Latitude™

Únase a Google Latitude™ para ver as localizacións dos seus amigos nos mapas e compartir a súa propia localización e outra información con eles.

Obter direccións

A aplicación Google Maps™ pode fornecer direccións para viaxar a pé, en transporte público ou en coche. Pode engadir un acceso directo a un destino na súa pantalla de inicio, deste xeito poderá tocar simplemente o acceso directo para obter direccións para esa localización, independentemente de onde estea.

Cando vexa un mapa, pode conectarse á Internet e os datos transfírense ó seu teléfono. Antes de facer unha viaxe, pode descargar e gardar mapas na súa tarxeta de memoria para evitar os altos custos na itinerancia.

Sony Ericsson non garante a precisión de ningún dos servizos direccionais.

Uso da aplicación de navegación

Obteña instruccións xiro a xiro sobre como chegar ós lugares. As direccións danse de xeito oral e tamén amósanse na pantalla.

É posible que a navegación non estea dispoñible en todos os mercados.

Para iniciar a navegación

1. Desde a súa pantalla, pulse .
2. Localice e pulse **Navegación**.

Utilizar a aplicación Wisepilot™

Obteña instrucións por voz detalladas sobre como chegar aos lugares. Tamén pode xestionar as súas viaxes e a compartir rutas e lugares cos seus amigos a través de SMS, Twitter™ ou Facebook™.

É posible que Wisepilot non estea dispoñible en todos os mercados. Para obter máis información, incluíndo unha guía do usuario de Wisepilot, vaia a *www.sonyericsson.wisepilot.com*.

Para iniciar Wisepilot™

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Wisepilot**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Bloquear e protexer o teléfono

Número IMEI

Tódolos teléfonos teñen un número de IMEI (Identificación Internacional de Equipo Móbil). Debe gardar unha copia deste número. Se lle rouban o seu teléfono, o seu fornecedor de rede pode usar o seu número de IMEI para evitar que o seu teléfono acceda á rede no seu país.

Para ver o número IMEI



- Atopará o número IMEI debaixo da batería.

Para ver o número IMEI no teléfono

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Verbo do teléfono** > **Estado**.
3. Desprácese a **IMEI** para ver o número **IMEI**.

Protección da tarxeta SIM

O bloqueo da tarxeta SIM só protexe a súa subscrición. O seu teléfono funcionará igualmente cunha nova tarxeta SIM. Se está activado o bloqueo da tarxeta SIM, deberá inserir un PIN (número de identificación persoal). Se insire o PIN de xeito incorrecto superando o número máximo permitido de intentos, bloquearase a tarxeta SIM. Deberá inserir o PUK (código de desbloqueo persoal) e, a continuación, un novo PIN. O PIN, PIN2 e PUK son fornecidos polo seu operador de rede.

Para activar o bloqueo con PIN da tarxeta SIM

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Localización e seguridade** > **Configurar o bloqueo da tarxeta SIM** > **Bloquear a tarxeta SIM**.
3. Insira o PIN da tarxeta SIM e pulse **Aceptar**.

Para cambiar o PIN da tarxeta SIM

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Localización e seguridade** > **Configurar o bloqueo da tarxeta SIM** > **Cambiar o PIN da SIM**.
3. Insira o PIN antigo da tarxeta SIM e pulse **Aceptar**.
4. Insira o novo PIN da tarxeta SIM e pulse **Aceptar**.
5. Volva escribir o novo PIN da tarxeta SIM e pulse **Aceptar**.

Para cambiar o PIN2 da tarxeta SIM

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Axustes de chamada** > **Números de marc. fixa** > **Cambiar o PIN2**.
3. Insira o PIN2 antigo da tarxeta SIM e pulse **Aceptar**.
4. Insira o novo PIN2 da tarxeta SIM e pulse **Aceptar**.
5. Confirme o novo PIN2 e pulse **Aceptar**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para desbloquear a tarxeta SIM bloqueada

1. Cando se amose **A tarxeta SIM está bloqueada con PUK. Escriba o código PUK para desbloqueala.**, insira o código PUK e pulse **Aceptar**.
2. Insira un novo código PIN e pulse **Aceptar**.
3. Repita o novo código PIN e pulse **Aceptar**.

Se insire un código PUK incorrecto demasiadas veces, a tarxeta SIM pode bloquearse. Entón terá que contactar co seu fornecedor de servizos para obtér unha nova tarxeta SIM.

Axustar un bloqueo de pantalla

Para axustar un bloqueo de pantalla

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse > **Configuración** > **Localización e seguridade** > **Configurar bloqueo de pantalla**.
2. Seleccione unha opción.

É moi importante que lembre o patrón de desbloqueo da pantalla, o PIN ou o contrasinal. Se esquece esta información, é posible que non poida restablecer datos importantes como contactos e mensaxes. Consulte ó seu centro de contacto de Sony Ericsson para obter máis información.

Para crear un patrón de desbloqueo da pantalla

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Localización e seguridade** > **Configurar bloqueo de pantalla** > **Patrón**.
3. Siga as instrucións indicadas no teléfono. Pídeselle que seleccione unha pregunta de seguridade que se utilizará para desbloquear o teléfono se esquece o seu patrón de desbloqueo de pantalla.

Para desbloquear a pantalla empregando un patrón de desbloqueo da pantalla

1. Active a pantalla.
2. Debuxe o seu patrón de desbloqueo da pantalla.

Se o patrón de desbloqueo que debuxa na pantalla se rexeita cinco veces seguidas, pode seleccionar ou esperar 30 segundos e, a continuación, tentalo de novo, ou contestar a pregunta de seguridade que seleccionou.

Para cambiar o patrón de desbloqueo da pantalla

1. Na Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Localización e seguridade** > **Cambiar bloqueo de pantalla**.
3. Siga as instrucións indicadas no teléfono.

Para desactivar o patrón de desbloqueo da pantalla

1. Desde a súa pantalla de inicio, pulse > **Configuración** > **Localización e seguridade** > **Cambiar bloqueo de pantalla**.
2. Debuxe o patrón de desbloqueo da pantalla.
3. Pulse **Ningún**.

Para crear un PIN de desbloqueo da pantalla

1. Desde a pantalla de inicio, pulse > **Configuración** > **Localización e seguridade** > **Configurar bloqueo de pantalla** > **PIN**.
2. Insira un PIN numérico e pulse **Continuar**.
3. Confirme o seu PIN e pulse **Aceptar**.

Para desactivar o PIN de desbloqueo da pantalla

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse > **Configuración** > **Localización e seguridade** > **Cambiar bloqueo de pantalla**.
2. Insira o seu PIN e pulse **Continuar**.
3. Pulse **Ningún**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Para crear un contrasinal de bloqueo de pantalla

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse > **Configuración** > **Localización e seguridade** > **Configurar bloqueo de pantalla** > **Contrasinal**.
2. Insira un contrasinal. O contrasinal debe conter polo menos unha letra e debe ter polo menos catro caracteres de longo.
3. Pulse **Continuar**.
4. Confirme o seu contrasinal e pulse **Aceptar**.

Para desactivar o contrasinal do desbloqueo da pantalla

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse > **Configuración** > **Localización e seguridade** > **Cambiar bloqueo de pantalla**.
2. Insira o seu contrasinal e pulse **Continuar**.
3. Pulse **Ningún**.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Actualización do teléfono

Actualice o teléfono á versión de software máis recente para obter un rendemento óptimo e as últimas melloras. Utilice a aplicación Centro de actualizacións para descargar as actualizacións directamente ao teléfono. Pode executar as actualizacións de xeito automático ou manual a través de conexións 2G e 3G, ou a través dunha rede Wi-Fi®.

En determinados casos, é posible que para executar as actualizacións necesite usar a aplicación PC Companion nun ordenador. Tan só terá que conectar o teléfono ao ordenador mediante un cable USB e a aplicación PC Companion guiarao durante o resto do proceso.

A conexión á Internet desde o seu teléfono pode implicar custos pola transmisión de datos. Contacte co seu operador de rede para obter máis información.

Actualizar o teléfono sen fíos

Para descargar actualizacións de software manualmente

1. Desde a súa pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Centro de actualizacións**.
3. Seleccione a opción de actualización de aplicación ou sistema que desexe e siga as instrucións que aparecen na pantalla.

Para activar as actualizacións automáticas de software

1. Desde a súa pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Centro de actualizacións**.
3. Prema e logo pulse **Axustes**.
4. Marque a caixa de verificación **Actualización automática**.

Despois de axustar a función de **Actualización automática**, aparece unha notificación na barra de estado para informarlle sobre actualizacións de aplicacións ou do sistema.

Actualización do teléfono usando unha conexión con cable USB

Algunhas actualizacións non están dispoñibles para a descarga mediante unha conexión sen fíos. A barra de estado infórmalle mediante notificacións da dispoñibilidade destas actualizacións. Cómpre usar a aplicación PC Companion nun ordenador para iniciar este tipo de actualización de software. Ademais, é necesario conectar o teléfono ao ordenador cun cable USB. PC Companion tamén se pode descargar en www.sonyericsson.com.

Para descargar a aplicación PC Companion desde o teléfono

1. Conecte o teléfono a un ordenador utilizando un cable USB.
2. Cando se lle solicite, siga as instrucións do teléfono para iniciar a instalación de PC Companion no ordenador.

PC Companion tamén se pode descargar en *www.sonyericsson.com/support*.

Para descargar actualizacións de software utilizando unha conexión de cable USB

1. Asegúrese de que PC Companion estea instalado no seu ordenador.
2. Conecte o teléfono a un ordenador utilizando un cable USB.
3. **Ordenador**: inicie a aplicación PC Companion. Pasados uns intres, PC Companion detecta o teléfono e procura novo software para ese teléfono.
4. Cando aparezan notificacións na barra de estado, siga as instrucións da pantalla para efectuar as actualizacións de software pertinentes.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Descrición xeral dos axustes do teléfono

Coñeza os axustes do seu teléfono de xeito que poida personalizalos segundo as súas necesidades.

Conexións sen fíos e redes	Permite xestionar as súas conexións sen fíos e os axustes de conexión
Axustes de chamada	Permite configurar os axustes para escoitar e xestionar, por exemplo, o seu correo de voz.
Son	Permite configurar o son, a vibración e as alertas do seu teléfono de distintos xeitos ó recibir comunicacións. Tamén pode usar estos axustes para establecer o volumen da música ou doutros ficheiros multimedia con son e outros axustes relacionados.
Pantalla	Permite seleccionar o cambio de orientación ó xirar o teléfono ou axustar o brillo da pantalla
Localización e seguridade	Permite establecer os axustes de navegación e protexer o seu teléfono ó axustar distintos bloqueos e contrasinais
Aplicacións	Permite xestionar e eliminar aplicacións instaladas
Contas e sincronización	Permite activar as súas aplicacións para sincronizar de xeito automático e permite ás aplicacións sincronizar datos nun segundo plano, tanto se está traballando activamente con elas coma se non
Privacidade	Permite xestionar a súa información persoal, restablecer os seus axustes e outros datos ó instalar unha aplicación e eliminar tódolos seus datos personais da memoria interna do teléfono
Almacenamento	Permite comprobar o espazo libre dispoñible na memoria interna do seu teléfono e na tarxeta SD. Tamén pode eliminar o contido da tarxeta SD ou extraela de xeito seguro
Idioma e teclado	Permite seleccionar o idioma do teléfono e axustar as opcións de entrada de texto
Entrada e saída de voz	Permite configurar a característica da entrada de voz para inserir texto ó falar
Accesibilidade	Permite activar as súas aplicacións de accesibilidade instaladas e axustar os axustes relacionados
Data e hora	Permite axustar a hora e a data ou escoller usar os valores fornecidos pola rede. Seleccione o formato de data e hora que prefira
Verbo do teléfono	Permite ver información sobre o seu teléfono, como o número de modelo, versión do firmware e estado da batería

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Descrición xeral das iconas

Iconas de estado

Na pantalla poden aparecer as seguintes iconas de estado:

	Cobertura
	Sen sinal
	Itinerancia
	GPRS dispoñible
	EDGE dispoñible
	3G dispoñible
	Enviando e descargando datos GPRS
	Envío e descarga de datos EDGE
	Enviando e descargando datos 3G
	Estado da batería
	A batería estase a cargar
	GPS activado
	Modo avión activado
	Función Bluetooth™ activada
	Conectado con outro dispositivo Bluetooth™
	Tarxeta SIM non inserida
	Micrófono silenciado
	Mans libres activado
	Modo silencio
	Modo de vibración
	Hai unha alarma axustada
	Sincronización en curso
	Problema de inicio de sesión ou de sincronización
	A conexión Wi-Fi® está activada e hai redes sen fíos dispoñibles

Iconas de notificación

Na pantalla poden aparecer as seguintes iconas de notificación:

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

	Nova mensaxe de correo electrónico
	Nova mensaxe de texto ou nova mensaxe multimedia
	Novo correo de voz
	Evento de calendario próximo
	Unha canción se está a reproducir
	O teléfono está conectado a un ordenador cun cable USB
	Mensaxe de advertencia
	Mensaxe de erro
	Chamada perdida
	Chamada en curso
	Chamada en espera
	Reenvío de chamadas activado
	Actualizacións de software dispoñibles
	Descargando datos
	Cargando datos
	Máis notificacións (non amosadas)

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Descrición xeral das aplicacións

Alarma	Para axustar unha alarma
Navegador	Para navegar pola Internet e descargar novos programas e ficheiros
Calculadora	Para realizar cálculos básicos
Calendario	Para realizar o seguimento das súas citas
Cámara	Para tirar fotos e gravar videoclips
Contactos	Para realizar o seguimento dos seus amigos e colegas
Control de datos	Para facer un seguimento do tráfico de datos
Descargas	Para acceder ás súas aplicacións descargadas
Correo electrónico	Para enviar e recibir correos electrónicos
Radio FM	Para escoitar a radio no teléfono
Galería	Para ver imaxes e fotografías
Gmail™	Aplicación de correo electrónico compatible con Gmail™
Busca Google	Para localizar información no seu teléfono e na Web
Latitude	Para ver a localización dos seus amigos nos mapas e compartir con eles a súa localización e outra información
Maps	Para ver a súa localización actual, buscar outras localizacións e calcular rutas
Market	Para ir a Android Market™ onde poderá descargar aplicacións gratuítas e de pago para o seu teléfono
Dispositivos conectados	Para compartir ficheiros multimedia do seu teléfono con outros dispositivos mediante unha conexión compartida Wi-Fi®
Mensaxería	Para enviar e recibir mensaxes de texto e multimedia
Música	Para reproducir música e listas de reprodución
Navegación	Para navegar usando instrucións de condución detalladas e por voz
News and Weather	Para ver novas e predicións do tempo
Teléfono	Para facer e recibir chamadas, cambiar entre chamadas, configurar as multichamadas e ver o rexistro de chamadas
Places	Para procurar lugares (por exemplo, restaurantes)
Store	Para descargar unha variedade de excitante contido para o teléfono
Configuración	Para axeitar os axustes do teléfono ao seu propio gusto
Guía de configuración	Información sobre as funcións básicas e axuda para realizar os axustes elementais
Sincronizar	Para sincronizar os contactos, o calendario e outra información

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

	Asistencia técnica	Para obter máis información sobre o uso do teléfono
	Talk	Para conversar en liña
	TrackID™	Servizo de recoñecemento de música
	Timescape™	Para realizar un seguimento de todas as comunicacións diarias
	Marcación por voz	Para facer unha chamada telefónica usando comandos de voz
	YouTube™	Para compartir e ver vídeos de todo o mundo

Algunhas aplicacións non son admitidas por todas as redes ou fornecedores de servizos en todas as áreas.

As aplicacións que descarga aparecen automaticamente na pantalla de aplicacións.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Asistencia técnica ao usuario

Acceda á asistencia técnica directamente no seu teléfono a través da aplicación de asistencia técnica. Por exemplo, pode abrir unha guía de usuario con instrucións acerca de como usar o seu teléfono. Tamén pode acceder á resolución de problemas e outra axuda desde a zona de asistencia técnica de Sony Ericsson, e desde os nosos centros de contacto.

- **Características da aplicación de asistencia técnica:**
  - Ferramentas: mellore o rendemento da batería e do software ademais da conectividade.
  - Guía do usuario no teléfono: lea e procure unha guía do usuario ampliada.
  - Autoaprendizaxe: lea suxestións e trucos, obteña as últimas novas e vexa vídeos con instrucións.
  - Asistencia técnica por correo electrónico: envíe un correo electrónico ao noso equipo de asistencia técnica.
- **Zona de asistencia técnica**: visite *www.sonyericsson.com/support* para obter unha asistencia completa e así sacar o máximo proveito do seu teléfono.
- **Resolución de problemas**: localice problemas e mensaxes de erro comúns ao final das nosas guías do usuario e na zona de asistencia técnica.
- **Centro de atención ao cliente**: se todo o demais falla. Os números pertinentes aparecen no folleto fornecido sobre *Información importante*.

! Unha guía do usuario ampliada tamén está dispoñible na páxina web *www.sonyericsson.com/support*.

Para acceder á aplicación de asistencia técnica

1 Desde a pantalla de aplicacións, localice e pulse .

2 Localice e pulse o elemento de soporte que precise.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Resolución de problemas

O teléfono non funciona do xeito esperado

Se observa problemas no teléfono, siga estes consellos antes de intentar outra cousa:

- Reinicie o teléfono.
- Extraia e volva inserir a batería e a tarxeta SIM. A continuación, reinicie o teléfono.
- Actualice o teléfono. A actualización do teléfono asegura un óptimo rendemento e a obtención das melloras máis recentes. Consulte *Actualización do teléfono* na páxina 104 para obter máis información.
- Restableza o teléfono.

Teña paciencia mentres se restablece o teléfono. Se reinicia o teléfono durante un procedemento de restauración, o dispositivo pode resultar danado de xeito permanente.

Para forzar o peche dunha aplicación

- Se unha ventá emerxente lle indica que unha aplicación non responde, pulse **Forzar peche**.

Se non quere forzar o peche dunha aplicación, pode esperar a que responda pulsando **Agarde**.

Restaurar o teléfono

Pode restablecer o seu teléfono ós axustes orixinais, eliminando ou non tódolos seus datos persoais. É posible restablecer o teléfono ó estado que estaba a primeira vez que o acendeu. Pero antes de restablecer os valores dun teléfono, asegúrese de efectuar unha copia de seguridade dos datos importantes gardados no seu teléfono.

Para restaurar o teléfono

1. Desde a súa Pantalla de inicio, pulse .
2. Localice e pulse **Configuración** > **Privacidade**.
3. Pulse **Restablecemento dos datos de fábrica**.
4. Para eliminar os datos de almacenamento internos xunto con outros datos do usuario, como imaxes e música, marque a caixa de verificación **Borrar tarxeta SD**.
5. Pulse **Restablecer o teléfono**.
6. Para confirmar, pulse **Borrar todo**.

Non é posible cargar o teléfono

O cargador non está correctamente conectado ou a conexión da batería é deficiente. Extraia a batería e limpe os conectadores.

Non aparece ningunha icona de carga cando o teléfono comeza a cargarse

A icona da batería pode tardar uns minutos en aparecer na pantalla.

O rendemento da batería é baixo

Siga as nosas suxestións sobre como obter un maior proveito da súa batería. Consulte *Rendemento da batería* na páxina 25.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Non podo transferir contido entre o meu teléfono e o ordenador usando un cable USB

O software ou os controladores do USB non se instalaron correctamente. Vaia á páxina *www.sonyericsson.com/support* para obter instrucións máis detalladas sobre a instalación e consultar as seccións de resolución de problemas.

Non podo utilizar os servizos baseados na Internet

Asegúrese de que a súa subscrición inclúe descargas de datos e de que son correctos os axustes da Internet establecidos no teléfono. Consulte *Axustes da Internet e de mensaxería* na páxina 28 para obter máis información sobre como activar o tráfico de datos, a itinerancia de datos e como descargar os axustes da Internet. Contacte co seu operador de rede para obter información detallada sobre a configuración da súa subscrición.

Mensaxes de erro

Sen cobertura de rede

- O teléfono está en modo avión. Asegúrese de que o modo avión estea desactivado.
- O teléfono non recibe sinal de rede ou o sinal recibido é demasiado débil. Contacte co seu operador de rede e asegúrese de que hai cobertura de rede onde vostede se atopa.
- A tarxeta SIM non funciona correctamente. Insira a tarxeta SIM noutro teléfono. Se isto funciona, é probable que o problema estea no seu teléfono. Neste caso, contacte co centro de servizo Sony Ericsson máis próximo.

Só chamadas de emerxencia

Atópase dentro da cobertura dunha rede, pero non pode usala. Non obstante, en caso de emerxencia algúns operadores de rede permítenlle chamar ao número de emerxencia internacional 112. Consulte *Chamadas de emerxencia* na páxina 31 para obter máis información.

Tarxeta SIM bloqueada.

Inseriu o PIN de xeito incorrecto 3 veces seguidas. Para desbloquear o teléfono precisará o PUK que lle facilitou o seu operador.

Tarxeta SIM bloqueada co PUK.

Inseriu o PUK (código de desbloqueo persoal) de xeito incorrecto 10 veces seguidas. Contacte co seu fornecedor de servizos.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Información legal

Sony Ericsson ST15i/ST15a

Esta guía do usuario está publicada por Sony Ericsson Mobile Communications AB ou a súa compañía local asociada sen ofrecer ningún tipo de garantía. Sony Ericsson Mobile Communications AB pode levar a cabo melloras e cambios nesta guía do usuario en calquera momento e sen previo aviso debido a erros tipográficos, inexactitudes na información presentada ou melloras nos programas ou equipos. Sen embargo, os cambios serán incorporados en novas edicións desta guía do usuario.

Reservados todos os dereitos.

©Sony Ericsson Mobile Communications AB, 2011

Número de publicación: 1252-0160.1

O seu teléfono móbil ten a capacidade de descargar, almacenar e reenviar contido adicional como, por exemplo, tons de chamada. O uso dese contido pode estar restrinxido ou prohibido por dereitos de terceiras partes, incluída, pero sen limitarse a ela, a restrición de acordo coas leis de dereitos de autor aplicables. Vostede, e non Sony Ericsson, será o responsable dos contidos adicionais descargados ou reenviados dende o seu teléfono móbil. Antes de utilizar calquera contido adicional, verifique que o uso que ten previsto efectuar está autorizado ou que dispón de licenza para este. Sony Ericsson non garante a precisión, integridade ou calidade dos contidos adicionais ou de terceiras partes. Sony Ericsson non se fará responsable baixo ningunha circunstancia do uso non axeitado de contido adicional ou de terceiras partes.

Esta guía do usuario pode facer referencia a aplicacións ou servizos fornecidos por terceiras partes. O uso destes programas ou servizos pode requirir un rexistro independente co fornecedor que constitúe a terceira parte e pode estar regulado por termos de uso adicionais. Con relación ás aplicacións ás que se accede directamente nunha páxina web de terceiros ou por medio dela, consulte previamente os termos de uso e a política de privacidade do sitio web en cuestión. Sony Ericsson non garante a dispoñibilidade nin o funcionamento de ningún sitio web de terceiras partes nin dos servizos fornecidos.

Extraia a batería para ver información normativa como a marca CE.

Todos os nomes de produtos e empresas aquí mencionados son marcas comerciais ou marcas comerciais rexistradas dos seus respectivos propietarios. Os dereitos non concedidos de xeito expreso neste manual están reservados. O resto de marcas comerciais pertencen aos seus respectivos propietarios.

Visite *www.sonyericsson.com/cws/corporate/common/legal/disclaimer* para obter máis información.

As ilustracións que figuran no manual serven unicamente para ilustrar o modelo e pode que non describan con precisión o aspecto real do mesmo.

Este produto está protexido por determinados dereitos de propiedade intelectual de Microsoft. Queda prohibido o uso ou distribución da mencionada tecnoloxía fóra deste produto sen licenza previa por parte de Microsoft.

Os propietarios do contido utilizan a tecnoloxía de xestión de dereitos dixitais de Windows Media (WMDRM) para protexer a súa propiedade intelectual, incluíndo dereitos de autor. Este dispositivo utiliza software WMDRM para acceder a contido protexido mediante WMDRM. Se o software WMDRM non logra protexer o contido, os propietarios do contido poden pedirlle a Microsoft que revogue a capacidade do software para utilizar WMDRM para reproducir ou copiar contido protexido. A revogación non afecta a contido non protexido. Cando descarga licenzas do contido protexido, acepta que Microsoft pode incluír unha lista de revogacións coas licenzas. É posible que os propietarios do contido requiran que actualice o WMDRM para acceder ao seu contido. Se rexeita unha actualización, non poderá acceder ao contido que require a actualización.

Este produto autorízase baixo as licenzas da carteira de patentes MPEG-4 visual e AVC para uso persoal e non comercial dun consumidor para (i) codificar vídeo de acordo co estándar visual MPEG-4 ("vídeo MPEG-4") ou o estándar AVC ("vídeo AVC") ou (ii) descodificar vídeo de formato MPEG- 4 ou AVC codificado por un consumidor nunha actividade persoal e non comercial ou que se obtivo dun fornecedor de vídeos con licenza de MPEG LA para fornecer vídeo MPEG-4 ou AVC. Non se concede ningunha licenza nin debe interpretarse implícita para calquera outro uso. Pódese obter información adicional, incluíndo a relacionada con usos publicitarios, internos, comerciais e de licenza, de MPEG LA, L.L.C. Consulte http://www.mpegla.com. Tecnoloxía de descodificación de son MPEG Layer-3 con licenza de Fraunhofer IIS e Thomson.

Acordo de licenza de usuario final para Sun Java Platform, Micro Edition.

1. Restricións: o software é información confidencial protexida por dereitos de autor de Sun e a propiedade de todas as copias efectuadas corresponde a Sun ou aos seus outorgantes de licenza. O usuario non poderá modificar, descompilar, desmontar, descifrar, extraer nin efectuar enxeñería inversa sobre o software. Queda prohibido arrendar, asignar ou conceder unha licenza do software en parte ou na súa totalidade.

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Índice

A
acender 9
actualizar
estado 49
actualizar o teléfono 104
álbums
eliminar 89
álbums de fotos 88
eliminar 89
ver 87
álbums de vídeos 88, 89
ver 87
alimentación 9
almacenar contactos 57
Android Market™ 51
Android™ 7
apagar 9
Aplicación de navegación 100
aplicacións 7
descrición xeral 108
pantalla 17
audiolibros 69
autorretrato 76
axenda 35
axustar o volume 70
axustes 9
cámara 78, 83
cámara fixa 78
chamada 34
Internet 28
mensaxería 28
MMS 28
Timescape™ 50
videocámara 83

B
batería 12
extraer 8
tapa 8
bloq. maiús. 20
bloqueos
activar a pantalla 9
bloquear a pantalla 9
bloqueo de pantalla 9
botón Infinito
en Timescape™ 49
BRAVIA 87
brillo 24

C
calendario 55
crear un evento 55
cámara 76, 78
axustes 78, 79, 83
controis 76
descrición xeral 76
detección de caras 77
detección de sorrisos 78
enfoque automático continuo 79, 83
gravar vídeos 83
iconas 83
pantalla da cámara 76
pechar 76
tirar fotos 76, 77, 78
utilizar o flash 77
ver vídeos 83
vídeo 83
vídeo HD (Alta Definición) 83
visualización de fotos 77
xeoetiquetaxe 78
zoom 77
cámara fixa 76
axustes 78, 79
utilizar o flash 77
cámara frontal 76
cambiar de pista 70
carga 12
chamadas 31, 34
axustes 34
de emerxencia 31
desviar 34
en espera 33
múltiples 33
perdidas 32
reenviar 34
rexistro 32
chamadas de conferencia 33
chamando 27
compartir
fotos 90
fotos e vídeos 89
música 71
comprar
música 73
conexión USB 95
configuración de conta de Google™ 45
contactos 35
compartir 38
copiar 39
envío 38
facer unha copia de seguridade 39
favorito 38
imaxe 37, 90
importando desde a tarxeta SIM 35
unir información do contacto 37
contas 10
Google™ 10
Microsoft® Exchange (corporativo) 10
Sony Ericsson 10
control da luz de fondo da LCD 24
Control de datos 29
conversa 46
correo Consulte correo electrónico
correo de voz 32
correo electrónico 42
máis dunha conta 44
correo electrónico corporativo, calendario e contactos 56

D
data
formato 23
descargar
axustes da Internet 28
descrición xeral
reprodutor de música 69
detección de caras 77
detección de sorrisos 78
direccións de condución 100

E
ecualizador 70
eliminar 89
fotos 90
pistas 70
vídeos 91

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

enviar 89, 90
enviar elementos usando o Bluetooth™ 93
envío
contactos 38
tarxetas de visita 38
estado 18, 106
eventos
calendario 55
en Timescape™ 48
explorar - consulte navegador web
extensións 14

F
Facebook™ 47
actualización de estado 49
iniciar sesión en 49
facer unha copia de seguridade
contactos 39
facer unha pausa nunha pista 70
favoritos
eliminar emisoras dos 75
gardar emisoras como 75
moverse entre as emisoras da radio 75
filtrar
eventos en Timescape™ 48
flash
utilizar ao tirar fotos 77
fondo 17
usar foto como 90
fondos animados 17
fondos vivos 17
fotos 89, 90
compartir 89, 90
eliminar 90
engadir ao contacto 37
engadir a posición xeográfica 78
presentación de diapositivas 89
recortar 90
tirar 76, 77, 78
utilizar como fondo 90
utilizar como imaxe dun contacto 90
ver 77, 87, 88, 89
ver mesma localización 78
visor de fotos 88
visualización nun mapa 90
xirar 90
zoom 89

G
Galería 87
abrir 87
abrir álbums 88
cambiar vistas 88
ver fotos de Facebook™ 88
Gmail™ 45
Google Latitude™ 100
Google Maps™ 100
Google Talk™ 46
GPS 99
gravar vídeos 76
usar tecla da cámara 83
guía de configuración 9

H
hora 23

I
icona 106
iconas 106
na cámara 83
idioma 25
escritura 22
importando contactos da SIM 35
información de uso 28
información persoal 35
Internet
axustes 28
controlar tráfico de datos 29
navegador web 65

L
Latitude 100
listas de reprodución 71
crear 72
eliminar 72
eliminar pistas 72
engadir unha pista 72
intelixentes (xeradas automaticamente) 71
mellores pistas 71
reproducir as súas listas 72
listas de reprodución intelixentes
reproducir 71
localización 78
luz 18

M
mans libres 27
utilizar 27
Mapas 100
marcación fixa 34
Media Go™ 97
mellorar fotos con BRAVIA Engine 87
mellores pistas
reproducir 71
mensaxería instantánea 46
mensaxes
axustes 28
método de entrada de texto 20
MMS
axustes 28
Mobile BRAVIA Engine
BRAVIA Engine 87
modo avión 25
modo de silencio 23
mosaicos 47
música 27, 69, 74
audiolibros 69
axustar o volume 70
cambiar de pista 70
compartir 71
comprar 73
crear listas de reprodución 72
descrición xeral do reprodutor 69
eliminar 70
engadir pistas a listas de reprodución 72
facer unha pausa nunha pista 70
listas de reprodución 72
podcasts 69
procurar usando TrackID™ 73
reproducir 69
reproducir en orde aleatoria 71
uso do ecualizador 70
utilizar un mans libres 27
música aleatoria 71

N
Navegación 100
navegador web 65
axustes 68
barra de ferramentas 65
xestionar marcadores 66
notificación 18, 106
panel 19
ton de chamada 24

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

números de emerxencia 31

P
pantalla 24
cristal 13
garantía 13
golpeado 13
Pantalla de inicio 14
personalización 15
reorganización 15
patrón de desbloqueo da pantalla 101
PIN 101
preaxustes
eliminar emisoras dos 75
gardar emisoras como 75
presentación de diapositivas 89
procura
información de pista 73
música usando TrackID™ 73
PUK 101

R
radio 74
abrir 74
descrición xeral 74
desprazarse entre emisoras 74
escoitar a través do altofalante 75
favoritos 75
navegar 74
procurar canles 75
seleccionar unha emisora 74
radio FM
favoritos 75
recibir elementos usando o Bluetooth™ 93
recortar
fotos 90
redes sen fíos 99
redimensionar
fotos 90
reproducir
música 69
reprodutor de música 69
crear listas de reprodución 72
ecualizador 70
eliminar pistas 70
listas de reprodución 71
listas de reprodución creadas por vostede 72
listas de reprodución intelixentes 71
mellores pistas 71
minimizar 70
reprodutor de vídeo
facer unha pausa nun vídeo 91
resolución de problemas 111
restaurar 111

S
servizo de contestador 32
Servizo de sincronización Google Sync™ 56
servizos 10
servizos de localización 99
símbolos 20
sincronización 56
contactos 57
Contactos de Microsoft® Exchange, calendario, correo electrónico 56
Google Sync™ 56
Sincronización con Microsoft® Exchange 56
son
axustar o volume 70
reproducir 69
reproducir música en orde aleatoria 71
Sony Ericsson Sync 57
SOS Consulte números de emerxencia

T
tarxetas de visita
enviar 38
Tarxeta SIM 101
exportando contactos a 39
importando contactos desde 35
inserir 8
teclado en pantalla 21
teclado reducido 20
axustes 22
teclas de hardware 12
tecnoloxía sen fíos Bluetooth™ 92
tecnoloxía TrackID™ 73
abrir 73
comprar unha pista 73
procurar información sobre unha pista 73
utilizar resultados 73
ver éxitos 73
telefonía Consulte chamadas
teléfono
actualizar 104
batería 25
rendemento 25
tema 17
Timescape™ 47
axustes 50
botón infinito en 49
descrición xeral da pantalla 47
iconas de filtros 48
widget 47
tirar fotos 76
pulsando 77
usando a detección de caras 77
usando a detección de sorrisos 78
usando a tecla da cámara 76
Twitter™ 47
actualización de estado 49
iniciar sesión en 49

V
ventá de aplicacións usadas recentemente 18
ver
fotos 77
vídeos gravados coa cámara 83
vibración 24
videocámara 76, 83
axustes 83
enfoque automático continuo 83
gravar vídeos 83
vídeo HD (Alta Definición) 83
vídeo HD (Alta Definición) 83
vídeos 91
avanzar rápido e rebobinar 91
axustar o volume 91
compartir 91
eliminar 91
enviar 91
facer unha pausa 91
gravar 83
reproducir 91
ver 83, 87, 88, 89
volume
axustar o vídeo 91
tecla 23

W
widget
Timescape™ 47
widgets 15
Wi-Fi™ 59

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.

Wisepilot™ 100

X

xeoetiquetaxe
de fotos 78
xestión do tempo 55
xirar
fotos 90

Z

zoom 77
fotos 89

Esta é a versión en liña desta publicación. © Só se pode imprimir para uso persoal.